

foz

O Concello presenta unha ampla programación cultural ata o mes de xuño. **Páx. 5**

cervo

Impulsan un proxecto educativo para promover a alimentación equilibrada. **Páx. 8**

a pontenova

Campións do mundo e recoñecimentos encherán a Festa da Troita. **Páx. 17**

mondoñedo

Nace a Asociación Mauro Leivas para preservar o legado do artista. **Páx. 19**

mar

A nova normativa obriga aos pescadores recreativos a comunicar cada captura. **Páx. 30**

Sanidade baixo mínimos

A chegada do turismo expón as carencias dun sistema saturado, coa atención primaria colapsada e o hospital con persoal insuficiente



Ferreiros e artesáns encherán a vila

Riotorto celebra a XVII Feira de Artesanía do Ferro cunha xornada repleta de tradición e espectáculo. **Páx. 25**

CB Burela, máis que baloncesto

Desde 1988, o club é un referente na vila, combinando formación e valores. **Páx. 29**

Club347




O club busca crear rutinas saudables e encontros sociais. **Páx. 6**

As Chocolateiras



Tradición e amizade en cada vaso de chocolate quente en Burela. **Páx. 10**

IES San Rosendo



O legado de Xosé Vizoso chega ao alumnado mindoniense. **Páx. 19**

Carmela López reclama máis financiamento

A presidenta da Deputación e Alfonso Rueda abordan os principais retos da provincia. **Páx. 27**

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!
OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

A MARIÑA

A sanidade, unha realidade que exige melloras

Profesionais e cidadanía alertan da falta de persoal, dos atrasos e das carencias estruturais no sistema da comarca

Coa chegada do bo tempo a Mariña prepárase para recibir un aumento notable de visitantes e tamén de veciñanza estacional que regresa ás súas segundas residencias. Este incremento de poboación, habitual cada primavera e verán, volve poñer o foco nunha realidade que leva anos xerando preocupación: a situación da sanidade pública na comarca. Mentres a actividade turística medra, tamén o fai a demanda asistencial, nun contexto no que asociacións veciñais, profesionais sanitarios e representantes políticos coinciden en sinalar “un sistema tensionado e con importantes déficits estruturais”.

PRIMARIA. Desde a Asociación de Veciños de San Román do Vicedo levan tempo advertindo dunha situación que cualifican de “insostenible”. Segundo explican, no municipio hai asignadas dúas prazas médicas, pero na práctica só está cuberta unha. “O profesional dispoñible chega a facer quendas de 24 horas e ten que asumir tamén a atención domiciliaria”, sinalan, o que provoca que “cando sae a facer visitas, teña que anular citas programadas”. A esta situación súmase que o mesmo médico “compatibiliza o seu traballo cubrindo outra praza en Viveiro”, polo que a dispoñibilidade real redúcese aínda máis. “Cando colle días de permiso, o centro queda directamente sen médico”, denuncian. Como resposta, a veciñanza leva meses mobilizándose. “Facemos concentracións aproximadamente unha vez ao mes para visibilizar esta situación”, explican.

A deputada e portavoz de Sanidade e doutora, Encarna Amigo tamén puxo o foco na Atención Primaria, asegurando que “segue a ser unha prioridade para a Xunta”, e subliñou que “se están a impulsar medidas específicas para reforzar os centros de saúde, especialmente nas zonas rurais”. Neste sentido, destacou que “nos últimos anos incorporáronse novas prazas de difícil cobertura e estanse aplicando incentivos para atraer profesionais”, aínda que recoñeceu que “a falta.

ESPERA. A portavoz da Plataforma da Sanidade Pública na Mariña, Montse Porteiro, confirma que os problemas na atención primaria son xeneralizados. “Estamos vendo como os tempos de espera superan amplamente as 48 horas, e isto repítese na maioría dos centros da comarca”, indica.



Para Porteiro, a raíz do problema está na falta de planificación. “Non hai médicos porque non se fixo unha planificación axeitada. Sábese cantos profesionais se van xubilar e canto tempo leva formar novos, polo que isto podería terse previs-

Montse Porteiro:
“A atención primaria é o primeiro nivel e actúa como filtro, polo que cando está colapsada, o hospital comarcal tamén sofre”

to”, afirma.

A saturación da atención primaria ten, ademais, un efecto dominó. “É o primeiro nivel do sistema sanitario e funciona como filtro, polo que se falla aquí, todo o demais acaba resentíndose”, advirte.

HOSPITAL. No Hospital da Mariña, en Burela, a situación tampouco é allea a estas dificultades. Unha médica internista recoñece con claridade que “faltan médicos, sen dúbida”. Aínda que nos últimos anos se incorporaron profesionais, “as baixas de longa duración, permisos ou reducións de xornada non sempre se cobren”, o que provoca “unha sobrecarga nas quendas”. No día a día, isto tradúcese en atrasos e maior presión asistencial. “Os pacientes hai que atendelos si ou si,

polo que o impacto recae nas consultas, que se atrasan ou se alongan máis do previsto”, explica. A profesional tamén alerta do efecto das listas de espera: “Moita xente que non é atendida a tempo no centro de saúde acaba acudindo

Encarna Amigo:
“Os centros de saúde funcionarán con normalidade e prevese a implantación de Plans de Continxencia para adecuar os recursos”

directamente ao hospital, e iso non debería pasar”. Ademais, advirte de que “patoloxías leves poden agravarse se non se tratan a tempo, especialmente en persoas maiores”. A deputada popular insistiu en que “a ampliación do Hospital da Mariña suporá un salto cualitativo moi importante na capacidade asistencial da comarca”, destacando que se incrementarán espazos clave como urxencias, a UCI e o punto de atención continuada. Segundo explicou, “trátase dunha aposta clara por modernizar as instalacións e mellorar a atención á cidadanía”, ao tempo que defendeu que estas actuacións “deben entenderse dentro dunha estratexia global para reforzar o sistema sanitario público, adaptándoo ás necesidades actuais e futuras”.

ESPECIALISTAS. Outro dos grandes problemas é a falta de especialistas. “Hai servizos nos que non se cobren todas as prazas”, sinala a médica, poñendo como exemplo o caso de Dixestivo, onde “só hai unha profesional cando debería haber tres”.

Médica internista:
“A mellora das instalacións é positiva, pero sen reforzo de recursos humanos, a atención seguirá sendo insuficiente”

Isto obriga a derivar pacientes a Lugo. A situación repítese noutras áreas. “En cardioloxía hai tres profesionais, pero non existe unha planta específica de hospitalización”, o que implica novos traslados. Tamén se detectan dificultades no laboratorio, especialmente en fins de semana, “cando faltan técnicos e se atrasan os resultados”.

POLÍTICA. Desde o ámbito político, as críticas tamén son contundentes. O deputado do BNG Daniel Castro sinala que as queixas da cidadanía se concentran en tres eixos: “a falta absoluta de persoal na atención primaria, as listas de espera e a perda de servizos no hospital”. Segundo explica, “hai casos nos que a xente ten que agardar ata un mes para ter cita co seu médico de

cabeceira”, mentres que “cada vez son máis os pacientes que teñen que desprazarse a Lugo para ser atendidos”. Para Castro, a ampliación do hospital “será positiva, pero insuficiente se non vai acompañada de máis profesionais”.

Na mesma liña, a deputada do PSdeG Lara Méndez considera que a situación é especialmente preocupante. “O hospital de Burela nunca estivo peor que agora”, afirma, denunciando “déficit de especialistas, atrasos e listas de espera que superan os dez meses”.

Méndez alerta de que “o sistema está baixo mínimos” e de que a integración da Mariña na área sanitaria de Lugo provocou “un deterioro na calidade asistencial”. “Hai persoas que teñen que percorrer máis de cen quilómetros para recibir atención”, subliña.

VERÁN. Fronte a estas críticas, desde o Partido Popular deféndese que existe planificación. Encarna Amigo asegura que “a organización asistencial permite adaptar os recursos ás necesidades reais” e que “se intentarán cubrir todas as substitucións posibles”. Tamén destaca que “o 100 % das camas hospitalarias estarán dispoñibles” e que se aplicarán plans de continxencia nos centros de saúde. Con todo, recoñece que “non hai profesionais suficientes para contratar”, apuntando á falta de médicos como un problema xeral en toda España.

Porén, desde a Plataforma Sanitaria cuestionan estas previsións. “Debería existir unha planificación específica para períodos como o verán cando aumenta a poboación”, insiste Porteiro. Ademais, lembra que antes existía persoal desprazado para reforzar estes momentos, “algo que agora xa non se está facendo”.

Mentres tanto, desde a Asociación de San Román insisten en que a realidade diaria é outra. “O sistema está colapsado, especialmente no que respecta aos tempos de resposta das ambulancias, que son excesivos”, denuncian.

A combinación de falta de persoal, incremento da demanda e ausencia de reforzos específicos fai que cada tempada alta sexa afrontada con incerteza. Nun contexto no que a sanidade pública continúa sendo un dos piares fundamentais, a situación na Mariña evidencia a necesidade de medidas estruturais. As voces recollidas coinciden nunha idea: “sen profesionais non hai sanidade posible”.

A Deputación continúa coas obras de mellora de estradas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un investimento por un importe económico conxunto de preto de 2 millóns de euros para mellorar estradas provinciais, municipais e actuacións de emerxencia en vías afectadas polas intensas choivas do mes de febreiro. Este orzamento inclúe actuacións en diferentes concellos lucenses, entre eles na Pontenova e Mondoñedo. "Trátase dun investimento moi importante para a mobilidade da provincia, e para dar resposta coa máxima celeridade ás emerxencias complexas provocadas polos recentes temporais", valora a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto.

Así, aprobouse a licitación das obras de acondicionamento na LU-P-4806 ao seu paso polo concello da Pontenova, con practicamente 300.000 euros. Esta vía que vai



desde a Nacional 640, en Vilaxe, por Galegos e Vilar de Corota ata Ribeira de Piquín mellorará máis de 5 quilómetros desta vía, entre os quilómetros comprendidos do 2,390 ao 7,440. As obras inclúen a reapertura de cunetas, o aglomerado do firme e a sinalización horizontal e vertical, e 4 meses de prazo de execución.

Tamén, na Xunta quedaron adxu-

dicadas á empresa Obras y Saneamientos Galicia SL as obras de mellora en Mondoñedo, nos dous últimos quilómetros da LU-P-3108, entre Viloalle e Figueiras. As obras contarán cun orzamento de preto de 80.000 euros e un prazo de execución de tres meses para a reapertura de cunetas, saneo da explanada, reparación de desperfectos e repavimentación.

A mellora da LU-540 entre Viveiro e Oourol alcanza o ecuador das obras



As actuacións de mellora na estrada autonómica LU-540, no tramo comprendido entre Viveiro e Oourol, avanza a bo ritmo e sitúanse xa arredor do 50% de execución. A intervención céntrase na modernización integral dun percorrido de 15,5 quilómetros polo que transitan cada día máis de 3.000 vehículos.

Os traballos teñen como obxectivo reforzar a seguridade viaria e aumentar a funcionalidade da estrada, adaptando o seu trazado ás necesidades actuais de circulación. Entre as actuacións máis destacadas figura a rectificación de curvas para suavizar o percorrido e mellorar a visibilidade, a habilitación de novos carrís en determinados puntos, a reordenación e acondicionamento de interseccións e accesos, así como a renovación completa do firme.

Na actualidade están practicamente rematados os movementos de terras e as obras de drenaxe transversal, fundamentais para garantir a correcta evacuación das augas pluviais e

evitar danos futuros na infraestrutura. Ademais, a rehabilitación estrutural do pavimento xa se completou na maior parte do trazado, o que permitirá ofrecer unha superficie de rodaxe máis uniforme e segura.

Unha vez finalizadas as obras, a velocidade máxima neste treito poderá alcanzar os 90 quilómetros por hora, mellorando así a fluidez do tráfico e reducindo os tempos de desprazamento. A actuación supón un investimento de 8,2 millóns de euros e contribuirá a reforzar a conexión entre as comarcas da Mariña e da Terra Chá, facilitando as comunicacións entre os municipios de Viveiro, Oourol, Muras e Xermade.

Os traballos continúan desenvolvéndose segundo o calendario previsto, coa previsión de completar as fases pendentes nos vindeiros meses e poñer en servizo unha vía máis moderna, cómoda e adaptada ás esixencias actuais de seguridade viaria.

A Mariña impulsa o agroturismo cun modelo innovador e sostible

A comarca da Mariña avanza na súa estratexia de innovación turística coa implantación do Modelo de Innovación Sostible de Experiencias Agroturísticas (MISEA), un proxecto impulsado por SEGITTUR que integra o sector primario na oferta turística. Trátase do único destino galego seleccionado nesta iniciativa estatal, xunto a outros territorios da rede de Destinos Turísticos Intelixentes.

O obxectivo é crear experiencias agroturísticas que xeren novas

oportunidades económicas sen alterar a actividade principal das explotacións e empresas locais. A presidenta da Mancomunidade, Rocío López, destacou que se busca poñer en valor o produto autóctono e fortalecer a conexión entre turismo e produción.

O proxecto baséase nun traballo colaborativo entre técnicos, produtores e profesionais do sector. Dez empresas participan nesta fase, recibindo formación en promoción e comercializa-

ción, ademais de apoio para desenvolver unha estratexia estruturada.

Nos vindeiros meses elaborárase unha folla de ruta con plans de acción conxuntos e individualizados. Os resultados finais prevese que estean dispoñibles entre maio e xuño.

A iniciativa pretende consolidar unha rede de experiencias sostibles, reforzando a identidade da Mariña como destino turístico de calidade, innovador e ligado ao territorio.

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS





INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

Amigos do Camiño do Mar inicia a quinta edición da ruta

A Asociación Amigos do Camiño do Mar Peregrinación a Santiago de Compostela deu comezo á quinta edición do proxecto "Camiño do Mar Concello a Concello".

Máis alá do aspecto deportivo, a iniciativa persegue un fondo compositivo cultural e reivindicativo. O presidente, Manuel Vicente, explica que o proxecto ten como metas difundir o trazado orixinal do itinerario, favorecer que a veciñanza redescubra o patrimonio local e

continuar co labor de sinalización mediante o repintado das frechas amarelas, seguindo o legado de Elías Valiña.

A asociación insiste tamén na necesidade de que a Xunta recoñeza oficialmente esta ruta como Camiño de Santiago, en cumprimento de acordos parlamentarios previos. A marcha prolongarase durante case tres meses, reforzando a colaboración entre concellos e poñendo en valor o territorio costeiro.

Recursos de Galicia impulsa a atención directa en Barreiros, Trabada e Ribadeo

O conselleiro delegado de Recursos de Galicia, Emilio Bruquetas, visitou distintos núcleos dos concellos de Barreiros, Trabada e Ribadeo, situados na área de influencia do parque eólico de Mondigo. O responsable da compañía destacou que "Mondigo debe ser un exemplo desta nova política eólica baseada en beneficios directos para a cidadanía", ao tempo que explicou que nos últimos días se incorporaron modificacións para ampliar o alcance das vantaxes.

Xa está dispoñible a web para tramitar os descontos, mentres que tamén está habilitado un servizo presencial de asesoramento nos concellos.

CALENDARIO. O calendario de atención á veciñanza desenvolverase en diferentes datas e municipios ao longo dos meses de marzo e abril. Comezou en Trabada o 30 e o 31 en Barreiros, e o mércores 1 de abril seguirá en Ribadeo, no Auditorio Hernán Naval de 9:00 a 13:00 ho-

ras. A seguinte semana repetirase a programación o luns 6 de abril en Trabada, o martes 7 en Barreiros e o mércores 8 en Ribadeo, sempre de 9:00 a 13:00 horas.

Posteriormente, o luns 13 de abril terá lugar en Trabada, o martes 14 en Barreiros e o mércores 15 en Ribadeo, tamén de 9:00 a 13:00 horas. Na semana do 20 de abril, o luns 20 a atención será en Trabada de 10:00 a 12:00 horas, mentres que o martes 21 desenvolverase en Barreiros de 9:00 a 11:00 horas e en Ribadeo de 11:00 a 13:00 horas. Finalmente, o luns 27 de abril volverá celebrarse en Trabada de 10:00 a 12:00 horas, e o martes 28 terá lugar en Barreiros de 9:00 a 11:00 horas e en Ribadeo de 11:00 a 13:00 horas.

Tamén está habilitada unha liña telefónica co número 604012723 para calquera consulta. O horario de atención será de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas. As persoas que teñan dúbidas tamén poden escribir a ola@rdgmondigo.gal.

A Semana Santa enche a Mariña de procesións e tradicións

A Semana Santa 2026 chega á Mariña convertida nunha das citas máis esperadas do calendario relixioso e cultural. Durante varios días, veciños e visitantes poderán participar nun amplo programa de procesións, actos litúrxicos e celebracións que combinan tradición e riqueza patrimonial.

VIVEIRO. A programación, que xa se puxo en marcha, prolongarase ata o 5 de abril. O Mércores Santo, 1 de abril, celebrarase ás 22:00 horas o Vía Crucis de Homes, que partirá desde San Francisco, acompañado por 14 penitentes. O Xoves Santo, 2 de abril, incluírá varias citas destacadas: pola mañá proxectarase un documental conmemorativo do 75 aniversario da Real Hermandad de las Siete Palabras no Teatro Pastor Díaz, e pola tarde sairá a procesión da Última Cea ás 19:00 horas, seguida ás 21:30 horas pola procesión do Prendemento. Xa ás 23:45 horas, terá lugar a procesión da Misericordia, con saída desde a capela do mesmo nome. O Venres Santo, 3 de abril, será a xornada máis intensa, con actos como o Encontro na Praza Maior ás 10:00 horas, o Sermón das Sete Palabras ás 12:30 horas, e pola tarde as procesións do Descendemento, do Santo Enterro, da Paixón e, xa pasada a medianoite, a procesión da Soidade, tamén chamada "dos Caladiños". O Sábado Santo celebrarase a procesión da Esperanza da Resurrección ás 19:30 horas, e o Domingo de Resurrección terá lugar a procesión do Encontro da Resurrección ás 12:00 horas e, xa pola tarde, a procesión do Vía Lucis ás 19:30 horas.

MONDOÑEDO. Mentres tanto, Mondoñedo prepárase para unha Semana Santa chea de tradición e



solemnidade. A cita comezou co pregón de Pedro Díaz Fernández, un acto que dá inicio a unha semana de procesións e celebracións litúrxicas declaradas de Interese Turístico de Galicia. O mércores 1 de abril celebrarase o Viacrucis dos Picos ás 19:30 horas, mentres que o xoves 2 será unha xornada intensa, con Misa da Cena do Señor ás 17:00 horas, procesión do Prendemento ás 21:00 horas e Hora Santa ás 23:00 horas na Catedral. O Venres Santo destacan varias citas litúrxicas: Procesión do Santo Encontro ás 10:00 horas, Viacrucis na Catedral ás 12:00 horas, Misa da Pasión do Señor ás 17:00 horas, procesión do Santo Enterro ás 18:00 horas e procesión da Soidade ás 21:00 horas. O sábado 4 celebrarase a Vixilia Pascual ás 22:00 horas, con bendición do lume novo, procesión, canto da Anxélica, bendición da auga, renovación das promesas bautismais e bautismo de adultos con comunión. O domingo 5 pecharase a programación coa Misa da Resurrección ás 12:00 horas.

BURELA. A XXVIII Semana Santa comeza tamén con fervor. O mércores 1 de abril celebrarase misa ás 20:00 horas na Igrexa da Vila do Medio, seguida dun vía crucis ata a parro-

quia, con pasos como o Santo Cristo e a Virxe das Dores. O Xoves Santo, 2 de abril, terá lugar a celebración da Última Cea e lavatorio de pés ás 20:00 horas, procesión da Oración na Horta das Oliveiras e Hora Santa ás 22:00 horas. O Venres Santo, 3 de abril, será a Paixón do Señor ás 20:30 horas e procesión da Dolorosa ás 21:30 horas. O sábado 4 celebrarase a procesión da Virxe da Esperanza ás 17:00 horas e, pola noite, a tradicional Vixilia Pascual ás 22:00 horas. A Semana Santa rematará o domingo 5 co Encontro ás 11:00 horas e misa solemne cantada ás 12:00 horas, mentres que o domingo 12 celebrarase a Semana Santa dos Nenos cunha procesión infantil.

A PONTENOVA. Finalmente, A Pontenova vivirá a súa programación na Igrexa do Sagrado Corazón. O Xoves Santo celebrarase a Misa da Cea do Señor ás 18:30 horas e, a continuación, procesión con participación das confrarías do Cristo da Agonía e da Esperanza. O Venres Santo celebrarase un Vía Crucis ás 12:30 horas e a Paixón do Señor ás 19:00 horas. O Sábado Santo será a Vixilia Pascual ás 19:30 horas, e o día 5 concluirase coa misa do Domingo de Resurrección ás 12:15 horas.

O BNG reivindica o seu modelo municipal con vistas ás eleccións

O BNG celebrou un encontro de cargos institucionais e municipais no que puxo o foco nas eleccións de 2027 e na necesidade de consolidar e ampliar o seu modelo de política local na comarca da Mariña. A formación destacou a existencia dun proxecto propio, "recoñecible e acreditado", tanto nas responsabilidades de goberno como no labor desenvolvido desde a oposición.

Durante a reunión, os representantes nacionalistas fixeron fincapé en principios como a participación activa da veciñanza, a procura da igualdade real e da

xustiza social, o reforzo dos servizos públicos e a defensa do medio natural. Tamén subliñaron o papel clave da lingua e da cultura galegas como elementos esenciais da identidade.

O responsable comarcal, Antonio Veiga, destacou a aposta por un desenvolvemento económico ligado aos recursos locais e ao fortalecemento do tecido produtivo. Pola súa banda, a alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, criticou o anteproxecto da nova Lei de Administración Local de Galicia, ao consideralo insuficiente e afastado da realidade dos concellos.

¿Te interesa el mundo del cuidado personal y el bienestar?

nahrin
Productos naturales de calidad suiza desde 1954

¿TE GUSTARÍA DISTRIBUIR NUESTROS PRODUCTOS NATURALES PARA LA SALUD?

TE OFRECEMOS

- Flexibilidad laboral y emprendimiento desde casa.
- Formación continuada.
- Programa de incentivos y comisiones atractivas.



Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A, 33740 Tapia de Casariego.
Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es

NOVAS

foz

Foz dá a benvida á primavera cun amplo programa cultural

Presentouse a programación cultural de primavera, unha proposta extensa e variada que se desenvolverá entre os meses de marzo e xuño e na que o teatro e a música ocupan un lugar protagonista, sen esquecer as celebracións tradicionais e as actividades destinadas ao público infantil. A concelleira de Cultura, Inés López Couto, destacou que “a primavera en Foz chega con sol, flores e moitos eventos culturais”, e avanzou que a programación en abril comezará o día 9 con funcións escolares de ‘A Biblioteca Galáctica contra a IA Fantástica’, de Tanxarina Teatro. O venres 10 e os sábados 18 e 25 celebrarase o 2º Certame de Teatro Plurilingüe, impulsado pola Asociación Pico do Castro, con representacións na Casa da Cultura. O sábado 11 terá lugar a Festa do Chúcaro no porto de Foz, unha cita gastronómica xa consolidada.

A Biblioteca Pública converterase tamén nun dos epicentros. O 16 de abril acollerá a narración oral ‘Contactos de maiores a pequenos’, mentres que o 23 Alberto Serrantes presentará A Faba e Nós. O 22 haberá teatro infantil con ‘Agasallo das árbores’, de Cris de Caldas, e o 30 representarase ‘Lázaro de Tormes’,



de Pata Teatro, con función escolar e sesión aberta ás 20.30 horas na Sala Bahía.

O 25 de abril a Praza Conde de Fontao será escenario do concerto Pequeno Son das Bandas Infantís, e xa en maio continuarán as actividades coa segunda sesión do Certame Plurilingüe o día 2.

Tamén Vilaronte volverá converterse nun punto de encontro para produtores e visitantes coa celebración do Mercado de Produtos Locais Aos Pés de Cornería, unha iniciativa impulsada pola Asociación Cultural O Atrio que terá lugar o domingo 10.

O 13 de maio haberá teatro infantil



con Letras Galegas, e o 14 desenvolverase un obradoiro de adornos de primavera con libros na biblioteca.

A programación inclúe tamén a tradicional Romaría do Bispo Santo os días 15, 16 e 17 de maio, así como o concerto Letras Galegas da Banda de Música de Foz o sábado 16. En Nois celebrarase as Festas das Flores durante esa mesma fin de semana.

A actividade culminará en xuño co teatro infantil ‘Se as árbores falasen’, o día 4, e coa celebración do V Certame de Teatro Afeccionado, organizado polo Concello entre os días 5, 6, 7, 12, 13 e 14 de xuño na Casa da Cultura.

O BNG reclama máis persoal en Correos

O Bloque Nacionalista Galego no Concello de Foz presentou ao Pleno unha moción para reclamar medidas urxentes que melloren o funcionamento da oficina de Correos, aprobada por unanimidade. A iniciativa solicita ao Ministerio de Transportes reforzar o persoal e os recursos para garantir un servizo postal eficiente, ante atrasos e falta de efectivos que afectan á veciñanza desde hai anos. O BNG lembra propostas anteriores, como a reapertura os sábados e as preguntas do deputado Néstor Rego no Congreso, que non solucionaron os problemas. Actualmente a oficina conta con só dous carteros e o persoal de atención ao público está reducido, con incidencias nos vehículos de reparto. A moción pide incrementar recursos humanos e materiais, reorganizar zonas de reparto e equilibrar cargas de traballo para garantir un Servizo Postal Universal de calidade e regularidade, fundamental para a igualdade de acceso aos servizos administrativos no municipio.

O Concello realiza melloras na praia da Rapadoira

O Concello de Foz continúa desenvolvendo actuacións de mantemento e mellora nos espazos naturais do municipio, con intervencións recentes na praia da Rapadoira e en diferentes rutas do litoral. Os traballos céntranse no acondicionamento do areal e na mellora das infraestruturas destinadas ao uso público, sempre tendo en conta a protección do medio natural.

No caso da Rapadoira, realizáronse tarefas de arranxo e cribado da area, unha actuación que forma parte das labores periódicas de conservación deste espazo costeiro. Desde o consistorio destacan que estes traballos se levan a cabo respectando os períodos de protección da fauna, especialmente o tempo de nidificación da pílara das dunas, unha especie protexida que habita nos sistemas dunares. Este período abrangue do 15 de marzo ao 15 de xuño, polo que as intervencións

realízanse seguindo criterios de respecto ambiental.

Ademais das tarefas de mantemento no areal, o Concello está a impulsar outras actuacións destinadas a mellorar a experiencia de veciñanza e visitantes. Entre elas figura a instalación de novos lavapés na contorna da praia, así como a renovación da sinalización en varios percorridos naturais do municipio.

En concreto, os traballos afectan ás rutas da Cornería, As Fronteiras e á Ruta das Praias, tres itinerarios moi frecuentados por persoas que buscan gozar da paisaxe costeira e da riqueza ambiental da zona.

Desde o goberno local subliñan que estas actuacións forman parte dunha estratexia de coidado e posta en valor do patrimonio natural de Foz, que combina o mantemento dos espazos públicos coa protección da biodiversidade e a mellora das infraestruturas para o disfrute da cidadanía.

Reorganizado o tráfico na rúa Manuel Murguía para mellorar o tránsito



O Goberno local modificou o sentido de circulación na rúa Manuel Murguía coa intención de mellorar a mobilidade na zona, especialmente para veciños con garaxes fronte ao Porto Chico ou que utilizan as dárzenas para embarcacións. O alcalde, Fran Cajoto, destacou que a reorganización facilita o acceso ao porto pesqueiro e mellora a accesibilidade para residentes da rúa Trapero Pardo, xa que a nova configuración permite xiros máis cómodos e funciona de forma similar a unha pequena rotonda. Ademais, sinalou que o Concello continúa tomando medidas para incrementar a seguridade e comodidade no tránsito, como a creación de prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida e a limitación de aparcadoiros en interseccións con visibilidade reducida. Segundo Cajoto, o obxectivo é que desprazarse por Foz, tanto a pé como en vehículo, sexa máis

sinxelo e seguro.

Non obstante, o Partido Popular de Foz criticou a actuación e cuestionou o plan de mobilidade do goberno municipal. O voceiro popular, Javier Castiñeira, asegurou que os cambios evidencian “o fracaso total” do plan e acusou o alcalde de incumplir as directrices previstas, xa que a reorganización beneficiou a uns veciños, pero deixou illados a outros. En particular, destacou os problemas que sofren residentes da avenida de Sarria e da rúa Uxío Novoneira, cuxas peticións non foron atendidas, tendo mesmo que acudir á Valedora do Pobo. Castiñeira propuxo como solución abrir en dobre sentido a totalidade da avenida de Sarria, argumentando que a configuración parcial actual provoca congestión e dificultade de acceso ás vivendas. O PP insiste en que se escoitou a uns veciños, tamén deben considerarse as demandas de todos.



Club347, o encontro que transforma as mañás en Foz

Mike Wilson impulsa unha iniciativa aberta e gratuíta que combina actividade física, comunidade e benestar emocional a primeira hora do día

Por Ana Somoza.

A orixe do Club347 está ligada á reflexión persoal de Mike Wilson, nacido en Londres e afincado en Foz, sobre a importancia de combinar actividade física e saúde mental. “Moitas veces falamos da importancia da actividade física e da saúde mental, pero na práctica non sempre existen espazos accesibles onde as persoas poidan comezar. Pensei que algo pequeno, regular e aberto podería marcar unha diferenza real”, sinala Mike. Segundo explica, non se trataba de crear un proxecto complexo nin competitivo; o fundamental era ofrecer un punto de encontro e unha pequena estrutura que facilitase que as persoas se movesen e se coñecesen. Engade que, a miúdo, as comunidades contan con propostas deportivas pero carecen dun enfoque próximo, accesible e sen presión: “Non fai falta reinventar o deporte, ás veces só é necesario dar un pequeno empuxe para que a xente saia da súa rutina e interactúe cun grupo”. Esta filosofía guía todo o proxecto, que busca equilibrar saúde física, benestar emocional e interacción social.

ACCESIBILIDADE. Un dos principios básicos do Club347 é a gratuidade e apertura a calquera persoa. Mike explica que esta decisión naceu para eliminar barreiras: “Se hai cotas, compromisos formais ou presión por rendemento, moita xente nin sequer o intenta. Quería que calquera persoa puidese achegarse, probar e decidir se lle gusta. É algo moi simple: verse, moverse un pouco e comezar o día dun xeito positivo”. Ademais, Mike recalca que a ausencia de formalismos ou regras estritas fai que mesmo persoas que nunca fixeron deporte se sintan cómodas: “O primeiro que buscamos é confianza. Que quen se anime a vir sinta que pode participar sen medo a equivocarse ou a non render o esperado”.

ORIXE DO NOME. O nome do club tamén reflicte a filosofía de sinxeleza e rutina. “É bastante sinxelo: 3 días á semana, arredor de 4 quilómetros, ás 7 da mañá. O nome resume a idea básica do proxecto”, explica Mike. Mais insiste en que o valor non está nos números senón no hábito: “O importante é crear unha rutina diaria ou semanal que axude á xente a organizarse, a moverse e a conectarse co grupo. Iso é o verdadeiro significado do 347”.

Mike lembra que a idea xurdiu tamén dunha experiencia persoal: “Houbo momentos na miña vida nos que entendín mellor o valor da

actividade física, da estrutura diaria e da conexión coa comunidade. Esa experiencia fíxome pensar que algo tan simple como quedar tres veces por semana para moverse un pouco e falar podía ser máis útil do que parece”.

FILOSOFÍA. O Club347 vai máis aló do *running*. “O *running* é só unha parte pequena. O que realmente buscamos é crear un espazo onde as persoas poidan comezar o día xuntas, con actividade física pero tamén con conversa e compañía”, explica Mike. No club, uns correrán máis rápido, outros máis amodo e algúns simplemente camiñarán. O esencial é o hábito, o encontro e o ambiente que se xera arredor.

A filosofía tamén inclúe que cada participante adapte o ritmo á súa capacidade: “A filosofía é moi simple:



ninguén queda atrás. Se alguén quere correr máis rápido pode facelo, pero normalmente acompañamos ao ritmo máis tranquilo. O máis importante é a compañía e non o ritmo”, detalla.

Para el, o máis valioso non son os resultados atléticos, senón os efectos sobre a vida diaria: “Non buscamos medallas nin marcas, buscamos constancia, benestar e conexión entre as persoas. A sensación de que alguén che acompaña e que todos compartimos un pequeno esforzo

diario é o que realmente fai que o Club347 sexa especial”.

COMUNIDADE. A comunidade é o eixo central do proxecto. “A actividade física é importante, pero a sensación de pertenza e de compartir unha rutina con outras persoas pode ser igual de valiosa”, sinala Mike. A idea é que, co tempo, se forme un pequeno grupo estable onde as persoas se animen mutuamente e se sintan parte de algo positivo.

Mike recalca que mesmo en Foz, un municipio pequeno, existe demanda para iniciativas deste tipo: “Hai persoas que ás veces se senten illadas ou que queren facer máis actividade física pero non saben por onde comezar. Un punto de encontro sinxelo pode ser o impulso que lles faltaba”. O club ofrece tamén un espazo seguro e de confianza: “Cando alguén

chega por primeira vez, sabe que non hai presión, só amizade e movemento. Iso é un valor moi grande hoxe en día”.

FUNCIONAMENTO. Cada sesión comeza ás sete da mañá e combina actividade física con interacción social. “Xuntámonos, facemos un pequeno quecemento mentres falamos uns minutos e logo cada persoa adapta o ritmo ao que lle resulte cómodo. A distancia aproximada é duns catro quilómetros, pero non é algo estrito.



O importante é moverse un pouco e comezar o día con enerxía”, explica. O ritmo flexible permite que cada persoa se sinta cómoda: “Algúns camiñan, outros corren, e todos se acompañan. O máis importante é que ninguén se sinta presionado”, comenta. Ademais, o club anima a escoitar o corpo para evitar lesións: “Sempre animamos ás persoas a avanzar pouco a pouco, a escoitar o que necesitan. Non hai ningunha

“É algo moi simple: verse, moverse un pouco e comezar o día dun xeito positivo”

presión por facer máis do que poden ese día”.

Tamén menciona que o club é accesible para principiantes: “Non fai fal-

“Sempre animamos ás persoas a escoitar o seu corpo e avanzar pouco a pouco. Non hai presión”

ta correr rápido nin ter experiencia. Moitas persoas comezan camiñando ou alternando carreira e camiñada. O primeiro paso é simplemente aparecer, e iso xa é un éxito”.

IMPACTO. Os beneficios son múltiples: físicos, emocionais e sociais. “Comezar o día con algo de movemento e cun pequeno contacto social pode cambiar completamente a dinámica dunha xornada. A actividade física mellora a saúde, pero tamén axuda a comezar o día con máis enerxía e cunha mentalidade máis positiva”, comenta Mike. Aínda en fase inicial, o Club347 xa

mostra efectos positivos. “A xente marcha cun sorriso e con ganas de volver. Iso xa di bastante”, asegura. Mike cre que iniciativas como esta poden axudar a combater a soidade ou o sedentarismo: “Non se trata de grandes solucións, senón de pequenos espazos onde as persoas se sintan acompañadas mentres fan algo saudable”. Os participantes tamén valoran a experiencia: “Sobre todo aprecian comezar o día doutro xeito, con enerxía e boa compañía. Mesmo nun grupo pequeno, a boa atmosfera faise notar”, comenta.

FUTURO. A curto prazo, o club quere animar a máis persoas a probar. A medio prazo, Mike quere ver un grupo estable que funcione de maneira natural dentro da comunidade. Tamén está aberto a organizar actividades complementarias, como charlas ou encontros sobre saúde e benestar, sempre mantendo a filosofía aberta e comunitaria do Club347. Se a experiencia en Foz resulta positiva, considera viable estender o proxecto a outros municipios: “A idea é demostrar que algo sinxelo pode funcionar en calquera lugar. Podería funcionar igual de ben en Lugo, en Pontevedra ou incluso en Santiago, do mesmo xeito que en Foz”.

A visión a un ano é clara: “Gustaríame ver un grupo consolidado e, se é posible, que a idea comece a aparecer noutros lugares. Cada comunidade xa ten as persoas que necesita para facelo posible; ás veces só falta a pequena chispa inicial”, conclúe Mike.

O Club347 representa un modelo de proximidade, saúde e comunidade que vai máis aló da actividade física. A filosofía de Mike céntrase en hábitos sinxelos, accesibles e participativos, capaces de xerar impacto tanto a nivel individual como colectivo. “O importante é que a xente se mova, se sinta acompañada e comece o día cunha experiencia positiva. Se conseguimos iso, xa cumprimos o obxectivo”, asegura.

Foz contará cun grupo de apoio para familiares que coidan de persoas maiores

A Asociación Cuiden Maiores e Coidadores pon en marcha en Foz un Grupo de Apoio Mutuo dirixido a familiares que coidan persoas maiores no fogar. A iniciativa pretende ofrecer un espazo no que compartir experiencias, expresar inquietudes e atopar comprensión entre persoas que afrontan situacións semellantes. O grupo iniciou a súa actividade o martes 24 de marzo e desenvolverase de forma quinzenal, en horario de 16:00 a 17:30 horas, durante tres meses, con seis sesións previstas como experiencia piloto.

O programa está destinado a familiares de persoas maiores, con ou sen demencia, e busca crear un clima de confianza, limitando o número de prazas para favorecer a participación de todos. O obxectivo principal é que os coidadores poidan falar abertamente da súa experiencia, compartir preocupacións e sentirse acompañados por outras persoas que tamén asumen a responsabilidade de coidar dun familiar.

Desde a Asociación Cuiden Maiores e Coidadores subliñan a importancia de atender ao benestar dos coidadores, xa que a súa situación inflúe directamente na calidade de coidado das persoas maiores. Destacan que moitos coidadores viven momentos de cansazo, illamento ou falta de recoñecemento social, polo que este grupo lles permite sentirse escoitados e apoiados.

A iniciativa conta coa colaboración do Concello de Foz e Decibel Audiología de Meira. A participación é gratuita, con prazas limitadas a 12 persoas, requirindo inscrición previa. As persoas interesadas poden solicitar máis información ou reservar praza chamando ao 644 032 222.

Goberno e PP enfrontados por contas, saneamento e xardineiras

O goberno municipal, liderado pola Alcaldía de Fran Cajoto, saíu ao paso das críticas do Partido Popular sobre a liquidación do exercicio 2025 e as obras executadas no municipio. A concelleira de Economía e Facenda, Inés López Couto, defendeu que “a oposición fai unha análise torticera dun documento sobre o que primeiro debería preguntarse antes de afirmar”. Segundo indicou, o informe de Intervención é favorable e evidencia que “o Concello ten un resultado orzamentario positivo, co que pode permitirse pagar 1,3 millóns para proxectos como as obras de Malates ou os ordenadores para a aula de exames de Tráfico”. López Couto subliñou tamén a mellora na contratación, con máis de vinte contratos adxudicados nos primeiros seis meses do goberno, fronte aos sete do anterior executivo, e destacou un superávit de máis de 800.000 euros e un remanente de case tres millóns. Pola súa banda, o portavoz do PP,



Javier Castiñeira, considerou que a liquidación evidencia “unha nula capacidade de xestión dos fondos públicos”, con incumprimentos na estabilidade orzamentaria e na regra de gasto, e sinalou que a liquidación inclúe 87 reparos de intervención. Tamén criticou que o Concello continúe sen orzamentos en vigor no primeiro trimestre de 2026.

As obras na rúa Jesús Nazareno foron outro punto de conflito. López Couto defendeu a necesidade de renovar o saneamento e mellorar infraestruturas, criticando a postura da oposición como “reiterada de crí-

tica sen achegas construtivas”. Castiñeira, pola súa banda, considerou que a intervención é superficial, con deficiencias en accesibilidade e problemas para persoas maiores ou con mobilidade reducida, e pediu revisar o proxecto.

Outro tema de debate foron as xardineiras e zonas axardinadas. O goberno anunciou actuacións para mellorar o seu estado, mentres que o PP criticou a falta de planificación e a mala imaxe que transmiten as “neo xardineiras” e reclamou máis rigor na execución e mantemento das obras.

Abre o prazo de inscrición para o V Certame de Teatro Aficionado “O Poto”

Publicáronse as bases do V Certame de Teatro Aficionado José Luis López Lorenzo “O Poto”, un festival que busca fomentar o teatro non profesional e ofrecer ao público local unha programación escénica diversa. As compañías interesadas poden inscribirse a través da sede electrónica municipal ou consultando as bases no departamento de Cultura. O prazo para presentar solicitudes permanecerá aberto ata o 11 de abril.

As representacións desenvolveranse na Casa da Cultura durante os días 5, 6 e 7, así como 12, 13 e 14 de xuño. A concelleira de Cultura, Inés López Couto, mostrouse confiada nunha boa participación, como nas edicións anteriores, e destacou o nivel cada vez máis alto das agrupacións, que superan as expectativas do público local.

O obxectivo é manter a diversidade de propostas escénicas e consolidar o certame como referente do teatro aficionado no municipio.

O Concello aposta por un espazo cultural dinámico

O Concello segue mellorando os servizos culturais coa actualización da biblioteca municipal Salgado Toimil e das instalacións de RadioFoz na Casa da Cultura Poeta Manuel María. Entre as actuacións recentes destaca a apertura, a finais de 2024, dunha nova sala de estudo, transformando a antiga sala de exposicións nun espazo moderno para estudantes, cun investimento superior a 12.000 euros e horario ininterrompido de 8:30 a 20:00 horas.

A concelleira de Cultura, Inés López Couto, explicou que se destinaron máis de 31.000 euros adicionais á renovación do equipamento da biblioteca e da radio, solicitando tamén apoio á Xunta de Galicia. Na biblioteca actualizáronse fondos bibliográficos, con investimento anual próximo a 10.000 euros, e organizaron actividades de dinamización da lectura, especialmente para público infantil e centros educativos.

O alcalde, Fran Cajoto, destacou a



modernización de RadioFoz, coa incorporación de novos equipos, sistemas dixitais e un equipo portátil para emisións en directo. As melloras inclúen tamén renovación de iluminación, pintura e mobiliario

da biblioteca, e proxéctanse futuras actuacións no salón de actos e ampliación de horarios, co obxectivo de consolidar a Casa da Cultura como un espazo dinámico e activo para a vida cultural de Foz.



O municipio acollerá a III Ruta Cabalar cunha xornada de convivencia

Cervo acollerá o próximo 5 de abril a terceira edición da Ruta Cabalar, organizada pola asociación Cabaleiros da Bidueira coa colaboración municipal. A actividade comezará ás 10:00 horas no polideportivo de San Román, desde onde partirá un percorrido pensado para gozar da natureza e do contacto cos cabalos. Durante a ruta, os participantes farán unha parada a metade do traxecto para compartir un aperitivo nun ambiente distendido.

Ao rematar a actividade, a celebración trasladarase ao polideportivo, cunha sesión vermú e baile a cargo de Disco Móbil Conxuro. A xornada completarase cun xantar aberto a todos, co menú composto por paella, costela asada, sobremesa, bebida e chopo. O prezo será de 28 euros para adultos e 13 euros para nenos de 6 a 12 anos, e as inscricións poderán realizarse ata o 2 de abril a través dos teléfonos habilitados pola organización.

A alcaldesa destacou a importancia desta iniciativa para dinamizar o municipio, promover o coñecemento do entorno natural e recoñeceu o labor da asociación organizadora por consolidar a ruta no calendario local.

O comedor escolar transfórmase nun aula de hábitos saudables

O Concello puxo en marcha na Escola Infantil Municipal a iniciativa “Misión Comer con Xeito”, un programa dirixido a fomentar hábitos de alimentación saudable entre as crianzas e a converter o comedor escolar nun espazo educativo. A proposta céntrase en introducir boas prácticas durante a hora do xantar, promovendo rutinas que favorezan o desenvolvemento de hábitos responsables desde as primeiras etapas educativas. Para iso, o proxecto emprega diversas ferramentas didácticas adaptadas ao alumnado.

Entre estas iniciativas destacan os dípticos informativos mensuais, nos que se presenta un superalimento e unha froita de forma visual e sinxela. No mes de marzo, os contidos están centrados no amorodo e na cenoria, detallando as súas propiedades e beneficios para a saúde. Tamén se deseñan manteis educativos que inclúen recomendacións básicas, como permanecer sentado mentres se come, mastigar con calma, colaborar na limpeza do espazo ou probar novos alimentos.



A alcaldesa de Cervo, Dolores García Caramés, visitou a escola para entregar os primeiros materiais e compartir co alumnado e o equipo educativo un momento do comedor. Destacou a importancia da alimentación no desenvolvemento infantil e subliñou que programas deste tipo contribúen non só á saúde, senón tamén á educación en valores como autonomía, responsabilidade e compañeirismo.

O proxecto inclúe a organización específica do espazo e dos tempos de comedor, así como o acompañamento constante do persoal educativo. Ademais,

foméntase a participación activa das crianzas para reforzar a aprendizaxe práctica e que estes hábitos adquiridos na escola se trasladen tamén ao ámbito familiar, promovendo unha cultura de alimentación equilibrada no fogar.

“Misión Comer con Xeito” presenta unha aposta por unha educación integral que combina saúde, aprendizaxe e convivencia, consolidando a Escola Infantil Municipal de Cervo como referente en proxectos educativos innovadores e co obxectivo de xerar un impacto positivo nas crianzas e na súa contorna.

San Cibrao acollerá a IV Gran Festa das Xeracións

O club de trail A Fume de Carozo, co apoio do Concello de Cervo, organiza a cuarta edición da Gran Festa das Xeracións, unha iniciativa que busca reunir distintas idades nun ambiente festivo de convivencia e reencontros. A cita terá lugar o sábado 4 de abril baixo unha carpa na Praza dos Campos, en San Cibrao, comezando cunha sesión vermú ás 14:00 horas e continuando cun xantar colectivo arredor das 15:00 horas.

Durante a presentación, a alcaldesa Dolores García Caramés destacou o carácter aberto e participativo da festa, que agrupa aos asistentes en mesas segundo a súa década de nacemento, favorecendo a interacción interxeracional e o intercambio de experiencias. O prezo do menú será de 35 euros para persoas non socias e 30 euros para membros do club, con venda de tickets ata o 30 de marzo.

A xornada incluírá actuación musical do grupo Conxuro, xunto con sorpresas e sorteos. A organización invita á veciñanza de toda a Mariña a participar, consolidando a festa como un punto de encontro interxeracional de celebración, convivencia e bo ambiente.

Cervo impulsa a recuperación das antigas escolas da Venta

O Concello cervense está a desenvolver unha actuación de mellora e integración paisaxística nas antigas escolas públicas da Venta, situadas en Gondrás, co obxectivo de recuperar este inmoble como punto de encontro para a veciñanza e reforzar o seu uso social.

As obras céntranse na reparación integral das fachadas, que presentaban problemas de humidades e deterioro xeralizado. Os traballos inclúen o saneamento das superficies, a eliminación de desconchados e a corrección de danos derivados de antigas instalacións, empregando materiais respectuosos coa construción orixinal, como o morteiro de cal. Ademais, está prevista a demolición dun engadido posterior á edificación inicial que xeraba un impacto visual negativo, co fin de recuperar a estética orixinal do conxunto e mellorar a súa integración na contorna.

A intervención complétase coa aplicación dunha nova capa de pintura mineral ao silicato, escollendo tonalidades acordes coa paisaxe, seguindo



os criterios establecidos na Guía de Cor e Materiais de Galicia. De maneira paralela, tamén se actúa no edificio anexo para conseguir unha imaxe uniforme en todo o conxunto.

Este espazo está cedido ao Club Medela MTB, unha entidade deportiva local que desenvolve un importante labor formativo con nenos e nenas da zona, promovendo hábitos saudables e valores vinculados ao deporte e ao respecto polo medio natural. Neste sentido, o proxecto inclúe a adaptación dunha das estancias para

facilitar o almacenamento de material e a realización de actividades no interior, o que permitirá ampliar o seu uso durante todo o ano.

A alcaldesa subliñou que este tipo de actuacións contribúen a mellorar a imaxe das parroquias e a consolidar espazos de referencia para a convivencia veciñal. O investimento total da obra ascende a 46.310 euros, financiados integramente con fondos municipais, nunha aposta pola conservación do patrimonio público e a dinamización social do territorio.

Cervo amortiza o aumento de prezos na residencia municipal grazas ao remanente

O Goberno local asumirá parte do incremento de prezos da residencia municipal para aliviar o impacto económico sobre as persoas usuarias e as súas familias. A medida será posible grazas aos bos resultados da liquidación do orzamento do pasado exercicio, que permitiron dispoñer dun remanente de tesourería que reforzará a achega municipal ao centro, reducindo así o custo final das prazas. A alcaldesa, Dolores García Caramés, destacou que esta decisión é froito dunha xestión económica “equilibrada e sostible” e que responde á preocupación das familias polo repentino incremento de prezos. O acordo formalizarase no próximo pleno municipal mediante a fórmula xurídica correspondente. García Caramés subliñou que o Goberno local traballou en alternativas que garantisen tanto a continuidade como a calidade do servizo, incluído un novo contrato

e unha nova empresa provedora. Ademais, recordou que mantivo un encontro coas familias para informarles sobre as medidas estudadas.

A rexedora reclamou tamén maior implicación doutras administracións, criticando que a Deputación non confirmase apoio financeiro á residencia de Cervo, mentres cubre totalmente os custos doutros centros noutras localidades. Así mesmo, rexeitou as críticas da oposición, socialistas e nacionalistas, e do BNG sobre suposta falta de transparencia, lembrando que toda a información está publicada nos portais públicos de contratación.

García Caramés incidiu en que o obxectivo principal segue a ser responder ás necesidades da veciñanza, garantindo a continuidade da residencia municipal e reducindo ao máximo a carga económica para as familias.

Tres novos DESA reforzan a cardioprotección na vila

O Concello de Burela reforzou a seguridade e a protección da saúde da veciñanza coa incorporación de tres novos desfibriladores externos semiautomáticos (DESA), continuando a súa aposta por un municipio máis cardioprotexido. Dous destes dispositivos instaláranse nos vehículos da Policía Local, permitindo que as patrullas dispoñan de equipos para actuar de forma inmediata ante paradas cardiorrespiratorias, aumentando así as posibilidades de supervivencia nos primeiros momentos críticos.

O terceiro desfibrilador situárase na Casa da Xuventude, lugar que acolle actividades durante todo o ano e, durante as mañás, as sesións de Ximnasia Activa para persoas maiores, garantindo maior seguridade aos participantes.

Esta nova dotación forma par-



te dunha rede municipal en expansión de desfibriladores distribuídos en distintos espazos e servizos, consolidando a capacidade de resposta ante emerxencias sanitarias. Grazas a estas medidas, Burela consolídase como o concello da Mariña con maior nivel de cardioprotección, fortalecendo a prevención e a seguridade sanitaria para toda a cidadanía.

O Concello impulsa medidas de mobilidade e reorganiza o tráfico

O Goberno local continúa impulsando medidas para mellorar a mobilidade e a seguridade viaria no municipio, ao mesmo tempo que atende ás necesidades da veciñanza e do comercio local. Entre as iniciativas máis recentes destaca a posta en marcha de novas zonas azuis gratuítas en puntos estratéxicos da vila. Estas prazas, con un tempo máximo de estacionamento dunha hora, buscan favorecer a rotación de vehículos, facilitar que veciños e visitantes atopasen espazo para aparcarse e apoiar o comercio local, permitindo aos clientes realizar compras ou xestións sen ter que dedicar demasiado tempo a buscar aparcamento. Ademais, o Concello reorganizará o tráfico na rúa Celso Emilio Ferreiro, especialmente na contorna dos túneles baixo un edificio. O túnel con saída á avenida Arcadio Pardiñas converterase nun paso exclusivo para peóns, mentres que o outro túnel limitarase ao acceso



ao garaxe, eliminando o uso como vía habitual. Estas medidas buscan reducir o tráfico de paso, priorizar a mobilidade peonil e mellorar a convivencia entre usuarios da vía pública. Para reforzar a intervención, instalárase nova sinalización vertical e renovárase a horizontal. Non obstante, a asociación de veciños O Vencello alertou da acumulación de obras na vila, como o dique norte, a canalización do novo siste-

ma de saneamento e a futura planta de salmón no Berbés, que poderían xerar dificultades de mobilidade, especialmente nas zonas próximas ao porto. O colectivo pide ao Concello un plan específico de tráfico para minimizar os efectos destas actuacións, garantir a seguridade viaria e evitar problemas durante momentos de maior actividade, como a chegada das festas patronais ou a costeira do bonito.

Inaugurada unha exposición colectiva contra a discriminación

A Casa da Cultura de Burela acolle unha exposición que recolle máis de dez anos de participación veciñal co gallo do Día Internacional contra a Discriminación Racial, aberta ata o 10 de abril. A mostra reúne traballos de persoas de distintas idades e procedencias, seguindo unha orde cronolóxica desde 2014 ata 2025, agás 2020 pola pandemia. Durante a inauguración, o primeiro tenente de alcaldesa, Mario Pillado, desta-

cou o compromiso social e a mensaxe de convivencia, respecto e diversidade de cada obra. Inclúense creacións en diversos formatos e un vídeo da edición de 2024. A exposición forma parte dunha estratexia municipal continuada de sensibilización e fomento da multiculturalidade, promovendo a implicación cidadá e a liberdade creativa na transmisión de valores de inclusión e respecto.

Burela reforza os lazos con Cabo Verde nun encontro internacional de mulleres

A alcaldesa de Burela, Carmela López, e a concelleira Patricia Eijo visitaron Cabo Verde co II Encontro Internacional de Mulleres Electas, mantendo encontros institucionais e coñecendo os vínculos sociais, culturais e económicos entre a vila mariñá e as comunidades caboverdianas, destacando a importancia de mellorar a atención consular local.



XLVI FESTA DA TROITA a pontenova 2026

1 e 2 de MAIO

DECLARADA DE INTERESE DEPORTIVO NACIONAL
FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA
MELLOR EVENTO DEPORTIVO DE ESPAÑA 2022

ORGANIZA:



COLABORAN:

Concello de A Pontenova



DEPUTACIÓN
DE LUGO

As Chocolateiras de Burela: o doce sorriso e corazón das festas

Moncha, Fina, Loli, Maruja e Xefa, cinco amigas que transformaron unha colaboración puntual nun símbolo comunitario

Por Ana Somoza.

O recendo a cacao quente forma xa parte da memoria emocional de Burela. Cada ano, en determinadas celebracións populares, a xente agarda con paciencia o momento de recibir un vaso de chocolate quente mentres conversa, ri ou simplemente observa o movemento da festa.

As coñecidas como As Chocolateiras de Burela non son unha asociación formal nin un colectivo estruturado baixo unha normativa oficial. Son, sobre todo, un grupo de amigas que decidiron converter un pequeno xesto gastronómico nun símbolo social. Moncha, Fina, Loli, Maruja e Xefa repiten unha idea que se volveu case un lema interior: “Facemos chocolate porque nos gusta ver a xente feliz”.

A historia comezou hai arredor de vinte anos, cando a organización dunha festa de Entroido precisou colaboración para preparar chocolate para a veciñanza. Antes, lembran, o chocolate era subministrado polos bares do pobo, mais a experiencia non sempre era positiva porque o proceso de quentado podía alterar o produto.

“Comezamos case sen pensalo”, relata Moncha con voz tranquila, “primeiro levando fogóns, despois potas grandes e organizándonos entre nós”. Desde a Sociedade Cultural Ledicia de Burela facilitábaselles o material necesario para traballar.

Aquel inicio espontáneo foi gañando estabilidade co tempo. Ningunha delas imaxinaba que acabarían converténdose nun elemento recoñecible das festas locais. “Nunca pensamos que a xente nos ía esperar para tomar o chocolate”, comenta Fina. “Pero agora xa é algo que forma parte da celebración”.

MEMORIA E AFECTO. O traballo das chocolateiras está profundamente ligado á idea de comunidade. Maruja explica que a súa motivación non é económica nin profesional. “Non o facemos por obrigación. Facémolo porque nos gusta estar xuntas e porque sentimos que estamos dando algo á nosa vila”.

Loli engade que o máis fermoso non é o proceso culinario, senón a reacción das persoas. “Cando ves un neno collendo o seu vaso de chocolate e sorrindo, sabes que todo o esforzo merece a pena”.

As cinco coinciden en que o seu labor é unha forma de coidar a memoria colectiva da localidade. Moitos veciños recoñecen o seu traballo e achegan palabras de agradecemento durante as festas. “Hai xente que nos di: ‘O chocolate de vós sabe a festa’”, lembra Xefa cun sorriso.

TRABALLO EN SILENCIO, HUMOR EN COMPAÑÍA. A organización interna do grupo é case artesanal. Cada unha sabe que función debe cumprir durante a preparación. “Unhas despachan e outras van facendo. Temos unha cadea ben definida e organizada”, explica Loli.

A elaboración do chocolate require paciencia e control da temperatura. Fina insiste en que o segredo non se pode contar. “Hai que remexer moito para que non

manda aumenta porque acoden visitantes de toda a comarca. Recordan especialmente o día de Reis de 2026, cando elaboraron 256 litros repartidos en nove potas. “Foi un día moi frío e a xente agradecía moito o chocolate quente”, comenta Maruja.

O CHOCOLATE COMO CULTURA. O proceso comeza quentando leite e engadindo cacao en po de forma progresiva. As chocolateiras non queren revelar todos os detalles técnicos. “Non é só poñer o leite e o cacao e xa está”, di Loli. “Temos as medidas, a orde e a forma de facelo”.

Xefa engade que a textura é fundamental. “Hai que vixiar para que quede espectacular”. A preparación require atención constante para evitar que o chocolate se estrague. O grupo aprendeu



se pegue e para que non faga bolas ou grumos. Pero o truco... ese non o imos dicir”.

Entre risas, Xefa admite que o misterio tamén forma parte da tradición. “Se contamos todo, perde a maxia”.

Maruja calcula que, dependendo da celebración, poden preparar arredor de 250 litros de chocolate. Nas festas máis multitudinarias, como Reis ou Entroido, a de-

co tempo que a velocidade non é amiga da calidade. “Facer chocolate para casa é fácil”, explica sinalan, “pero facer chocolate para un pobo enteiro é outra cousa”.

FESTA E COMUNIDADE. Nas celebracións populares colaboran entidades como ACIA Burela e o propio Concello, que achegan roscóns, vasos e outros elementos para facilitar o servizo.



O obxectivo é ofrecer unha experiencia festiva completa. “Traballamos moito, pero tamén rimos moito”, comenta Maruja. “Son momentos moi fermosos. O caso é pasalo ben”.

O traballo non se vive como unha responsabilidade pesada, senón como unha forma de convivencia social. Moncha insiste nun detalle que considera importante: “Hai que mencionar a Sandra e Liana, as fillas de Maruja e Loli, porque levan as nosas redes sociais”. A presenza dixital permite que o grupo manteña contacto cun público máis novo.

“Non era só facer chocolate, era facer un chocolate que a xente esperaba con ilusión”

“Depende da data, facemos arredor de 250 litros de chocolate para atender á veciñanza”

“Facer chocolate para casa é fácil, pero facer chocolate para un pobo enteiro é outra cousa”

AMIZADE COMO MOTOR. A esencia das chocolateiras non está só no chocolate, senón na amizade que se consolidou ao longo dos anos. “Non somos unha asociación formal, pero formamos unha piña”, explican. Entre elas existen plans de futuro que inclúen viaxes, xantares comúns e visitas a diferentes lugares da comarca. “A idea é seguir xuntas mentres poidamos”.

di Xefa. O vínculo emocional é tan forte que o traballo voluntario se converteu nun espazo de apoio mutuo. “Somos moi boas amigas”, repiten as cinco con naturalidade.

SENTIMENTO DE PERTENZA. A veciñanza de Burela percibe o labor das chocolateiras como parte da identidade local. O seu traballo representa a continuidade das tradicións populares e o valor da colaboración comunitaria.

Moncha resume o espírito do grupo cunha frase sinxela: “Nós non facemos chocolate só, facemos festa”. Fina engade outra reflexión máis íntima: “O máis bonito é cando alguén nos di que o chocolate lle lembra á súa infancia”. Porque detrás de cada vaso quente hai historias de familias, de inverno, de música de festa e de conversas na rúa.

O QUE REPRESENTAN. As Chocolateiras non buscan recoñecementos oficiais nin protagonismo público. “Non o facemos por fama”, afirma Loli. “Facémolo porque nos gusta ver a xente feliz”.

O seu traballo é desinteresado, técnico e ao mesmo tempo emocional. “Cando remata a festa e vemos que todo saíu ben, sentimos unha tranquilidade moi especial”, di Maruja. O grupo sabe que o seu labor é pequeno en aparencia, pero grande no seu significado social. As Chocolateiras de Burela representan unha forma de cultura popular onde a tradición se transmite a través da práctica, da amizade e do afecto colectivo.

Porque o chocolate quente, neste caso, non é só unha bebida. É un símbolo de comunidade, un recordo compartido e unha maneira de dicir que a festa tamén se constrúe desde a proximidade humana. “Seguiremos mentres poidamos”, conclúe Moncha.

E mentres a pota siga quentando lentamente o leite e o cacao, a vila seguirá esperando ese momento no que un simple vaso de chocolate se transforma nun abrazo colectivo.

Avanzan na modernización da rede de abastecemento de auga

O Concello de Burela completou recentemente os traballos de sectorización integral da rede municipal de abastecemento de auga, unha intervención destinada a mellorar o control do consumo e reducir as perdas de forma eficaz. A supervisión dos traballos realizouse o pasado 16 de marzo, coa presenza da alcaldesa, Carmela López, do concelleiro de Obras, Ramiro Fernández, e do responsable do Servizo de Augas, que comprobaron o estado final das instalacións e o funcionamento dos novos sistemas. Como parte da actuación, instaláronse nove contadores con sistema de telelectura, capaces de enviar información en tempo real ao servizo municipal, o que facilita a detección inmediata de posibles fugas ou consumos anómalos. Grazas á sectorización, a rede municipal pasa de estar estruturada en seis sectores a máis de quince áreas diferenciadas, o que mellora considerablemente a capacidade de resposta ante incidencias e permite actuar de maneira inmediata sobre a zona afectada, reducindo os tempos de revisión e intervención.



O proxecto contou cun financiamento parcial mediante unha subvención de Augas de Galicia, integrada nos fondos europeos Next Generation EU, que achegou 39.874,62 euros, mentres que o Concello asumiu a diferenza ata un investimento total de 48.248,29 euros. Actualmente, o rendemento da rede sitúase por riba do 80%, un dato positivo en comparación con outros municipios, aínda que o obxectivo do goberno local é seguir avanzando cara a unha eficiencia máxima e minimizar as perdas, aínda que

alcanzar o 100% resulta complexo.

Segundo explicou Fernández, esta actuación enmárcase nunha estratexia máis ampla orientada á optimización dos recursos e ao respecto polo medio ambiente, co fin de mellorar a calidade do servizo á veciñanza. De cara ao futuro, o Concello estudará ampliar o sistema coa instalación de novos contadores en puntos de elevado consumo, como o hospital, reforzando así o control da rede e continuando coa súa modernización e monitorización avanzada.

Concelleiros populares denuncian falta de licitación pública nos servizos escolares

O Grupo Municipal do Partido Popular volveu poñer de manifesto no último pleno a súa preocupación pola xestión do contrato de limpeza das instalacións do Concello, especialmente nos centros escolares. Segundo os populares, dende o inicio do mandato da alcaldesa Carmen López Moreno, este servizo renovouse de forma tácita sen cumprir a Lei de Contratos do Sector Público, mantendo á empresa adjudicataria sen unha licitación pública transparente. Os concelleiros do PSOE e do BNG, “con consentimento da propia alcaldesa, rexeitaron a proposta do PP de resolver a situación e adaptar o contrato á legalidade, limitándose”, segundo os populares, “a cuestionar e insultar ao portavoz do grupo”. Esta actitude evidencia, segundo o PP, a “total e absoluta carencia argumental” do Goberno local. O portavoz popular destacou tamén problemas concretos derivados desta xestión, como a falta de papel hixiénico nos centros esco-



lares e a decisión de reducir o seu subministro pola precariedade das renovacións sucesivas. “A señora López Moreno sabe que está a vulnerar a lei, e segue facéndoo. Isto é, en palabras que calquera veciño entendería, prevaricación”, subliñou o grupo. O PP insiste en que a correcta xestión do contrato, mediante licitación pública inmediata, non só garantiría a legalidade senón tamén a calidade do servizo que reciben as escolas e as instalacións municipais, e demanda unha actuación urxente do Goberno local para corrixir esta situación.

Burela acollerá a primeira gala solidaria polo Tourette

A Casa da Cultura acollerá o 11 de abril a primeira Gala Solidaria Síndrome de Tourette Galicia, organizada pola asociación Tourette Galicia co obxectivo de visibilizar a condición e apoiar ás persoas afectadas e ás súas familias. Baixo o lema “Xuntos visualizamos o Tourette”, a gala combinará actuacións musicais, sorteos e propostas culturais para todos os públicos. Participarán artistas como ACM Arume, alumnado do CEIP Os Castros, Grupo de Cordas, Sen Límites, Fervenza 0,0 e Golpe de Efecto. O evento conta coa colaboración do Concello de Burela, ACIA Burela e ABSA, así como coa participación altruísta de diversos colectivos. As entradas poden adquirirse en A Taquilla, e habilitouse unha Fila 0 solidaria para quen desexe colaborar sen asistir. A concelleira de Cultura, Lina Gómez, destacou a capacidade da cultura para xerar empatía e abrir conversacións sociais, mentres que Sandra Fernández, concelleira de Servizos Sociais, resaltou o compromiso solidario de Burela. A organización agradeceu tamén o apoio do comercio local e das entidades colaboradoras.

Ledicia convoca o concurso de carteis da XL Feira do Bonito de Burela

A Sociedade Cultural Ledicia anunciou a apertura dunha nova edición do concurso de carteis para seleccionar a imaxe oficial da XL Feira do Bonito de Burela, que se celebrará os días 1 e 2 de agosto de 2026 na zona portuaria. O certame busca promover a creatividade e a participación cidadá, permitindo que calquera persoa poida presentar propostas artísticas relacionadas co bonito e co espírito da feira.

O concurso conta con dúas categorías: a Categoría A, destinada a participantes de ata 14 anos, e a Categoría B, para maiores idade. Cada concorrente poderá presentar un ou varios traballos, que deberán entregarse sen sinatura para garantir o anonimato, acompañados dun sobre pechado coas súas datos persoais e indicando a categoría. Os carteis deben incluír obrigatoriamente no enca-

bezamento a expresión “XL Feira do Bonito”, así como o lugar e a data do evento: “Burela, 1 e 2 de agosto de 2026”. A técnica é libre e, no caso de creacións dixitais, tamén se debe presentar copia impresa. As dimensións variarán segundo a categoría: 15x20 cm para a A e 50x65 cm para a B. O prazo de entrega dos traballos finaliza o 13 de abril, podendo presentarse presencialmente no local social da entidade ou por correo postal, contactando previamente coas persoas organizadoras se fose necesario. Cada categoría contará cun premio: o gañador da A aparecerá no programa de man da feira, mentres que o vencedor da B será a imaxe oficial do evento. As persoas premiadas recibirán agasallos representativos da feira durante a celebración. Todos os traballos pasarán a ser propiedade da Sociedade Cultural Ledicia.

SAN PATRICIO



O grupo de gaitas da Asociación Cultural e Musical Dambara de Burela converteuse este ano no embaixador da provincia de Lugo no desfile de San Patricio que se celebrou en Madrid. O desfile tivo lugar pola Gran Vía e deron cita arredor de 1.600 músicos.

ACADEMIA
A Mariña

**MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA**

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

O Goberno local asume a titularidade de varios treitos de estrada transferidos

O Concello de Viveiro formalizou a incorporación ao seu patrimonio de varios treitos de estrada transferidos pola Xunta de Galicia, nun proceso que supón un cambio relevante na titularidade destas infraestruturas e na súa xestión futura.

A operación quedou recollida na acta de entrega asinada tras a aprobación do Decreto 18/2026, do 2 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia o pasado día 12. A transferencia prodúcese logo da solicitude realizada polo propio Concello á Axencia Galega de Infraestruturas, que avalou o traspaso ao considerar que determinados tramos xa non cumprían unha función dentro da rede autonómica.

En concreto, o acordo establece o cambio de titularidade a favor do Concello dun treito inicial da estrada LU-540, coñecido como Travesía da Mariña, así como de dous segmentos da antiga LU-862 situados en Escourido e Sacido, na parroquia de San Xoán de Covas.

No caso da LU-540, a transferencia abrangue un tramo de 585 metros, entre os puntos quilométricos

0+000 e 0+580. Pola súa banda, os dous treitos da LU-862 corresponden a antigas variantes que quedaron en desuso tras modificacións do trazado, polo que foron considerados sobrantes e sen funcionalidade dentro da rede autonómica.

Estes dous segmentos suman 295 metros en Escourido e 269 metros en Sacido, incluíndo ademais o dominio público viario asociado, cunha superficie de máis de 6.000 metros cadrados entre ambos espazos.

A partir da sinatura da acta, o Concello de Viveiro pasa a ser o responsable directo da conservación, mantemento e xestión destes treitos, o que lle permitirá adaptar o seu uso ás necesidades actuais do municipio e da veciñanza.

Esta transferencia enmárcase nun proceso de reorganización das infraestruturas viarias, no que as administracións buscan adecuar a titularidade das estradas á súa funcionalidade real, favorecendo unha xestión máis próxima e eficiente.

O Concello collerá as rendas da Feira das Maulas para preservala

A tradicional Feira das Maulas, unha das citas máis antigas e representativas de Viveiro, celebrará este ano a súa vixésima primeira edición con organización do Concello, tras a decisión da Asociación Cabaleiros do Landro de non asumir a coordinación do evento. O colectivo calificou a medida de “difícil pero necesaria”, ante a imposibilidade de facer fronte aos custes que implica manter a feira, que conta con máis de trescentos anos de historia.

Os Cabaleiros do Landro lembran que foron eles os que asumiron a organización hai dous anos, nun momento no que non existía ningunha outra entidade disposta a coordinar a cita. “Non queríamos que unha tradición tan nosa quedase no esquecemento, e por iso demos o paso”, explican. Con todo, a actual situación económica fai inviable compatibilizar a feira co resto de actividades que desenvolven ao longo do ano, polo que optaron por centrar os seus esforzos en outras iniciativas, como as carreiras da Cidade de Viveiro en Celeiro ou a ruta cabalar.



Ante esta situación, o Concello decidiu dar un paso adiante para garantir a continuidade da feira, profundamente vinculada á parroquia de Galdo. A alcaldesa, Mariña Gueimunde, destacou que “a Feira das Maulas é unha das celebracións máis antigas e singulares das nosas parroquias, e o Concello ten a responsabilidade de implicarse para garantir que siga formando parte do calendario festivo e tradicional de Viveiro”.

O goberno municipal comprométese a preservar o carácter tradicional da feira, mantendo os elementos que lle confiren personalidade e que a converteron nun

referente social, cultural e gandeiro da comarca. Nas vindeiras semanas, desde o Concello darán a coñecer novos detalles sobre o desenvolvemento da edición deste ano, co obxectivo de reforzar a proxección da Feira das Maulas e garantir que continúe sendo un punto de encontro para veciños, gandeiros e visitantes.

Os Cabaleiros do Landro pechan a súa comunicación cun agradecemento á veciñanza e apelan á implicación de outras entidades para que a feira siga viva, subliñando que “sería unha verdadeira pena que desaparecese unha tradición con máis de 300 anos de historia”.

O viveirense David Catá deixa a súa pegada en Villamediana cun mural de gran formato

O creador viveirense David Catá vén de rematar unha intervención mural en Villamediana de Iregua, na Rioxa, no marco da terceira edición do festival de arte urbano Villarte, unha cita que segue a consolidarse como escaparate de propostas contemporáneas no espazo público.

A peza, de grandes dimensións, preséntase como unha das actuacións máis destacadas desta edición. Cunha altura aproximada de doce metros, o mural representa unha man do propio artista que se funde coa contorna da localidade, xerando un diálogo visual e simbólico co territorio. A intervención busca ir máis alá do puramente estético para afondar en cuestións vinculadas á identidade e á memoria colectiva.

Segundo explica o propio Catá, a obra xorde desde unha perspectiva íntima que pretende abrirse ao conxunto da cidadanía: “nace desde o persoal para conectar co colectivo”, sinala o autor, quen emprega o corpo como ferramenta creativa para habitar o espazo e establecer vínculos co lugar no que intervén.



A creación convértese así nun novo punto de referencia dentro de Villamediana de Iregua, reforzando a aposta do municipio polo desenvolvemento de proxectos artísticos contemporáneos ao aire libre. A presenza desta obra contribúe tamén a dinamizar o espazo urbano, integrando a arte na vida cotiá e favorecendo a interacción entre veciñanza, visitantes e creación artística.

Loureiro destaca o compromiso da Deputación coa cidade de Viveiro

A presidenta do PSOE de Viveiro e asesora da Deputación de Lugo, María Loureiro García, mantivo unha reunión de traballo coa presidenta do organismo provincial na que se analizaron distintas actuacións de interese para o municipio. O encontro serviu para facer balance das liñas de colaboración abertas e avanzar en novos proxectos orientados ao desenvolvemento local.

Durante a xuntanza, púxose de relevo o papel da Deputación como entidade que mantén o seu respaldo aos concellos con independencia da cor política dos seus gobernos. Neste contexto, destacáronse iniciativas xa en marcha, como a subvención nominativa de 35.000 euros destinada á carpa da Semana Santa, un espazo que acolle a antesala do museo vinculado a esta celebración, así como o apoio ao Resurrection Fest, que recibe unha achega de 150.000 euros e que se consolidou como un evento de referencia internacional en



Viveiro.

María Loureiro subliñou a importancia de garantir a continuidade destes proxectos, que contribúen tanto á dinamización económica como á proxección turística da cidade. Ademais, puxo en valor a actitude de cooperación constante da Deputación, lembrando que ao longo do último ano mantivo diversos encontros co goberno municipal para atender necesidades e coordinar actuacións.

A responsable socialista con-

trapuxo esta disposición co que cualificou como unha falta de atención por parte da Xunta de Galicia, á que acusou de non dar resposta a demandas relevantes para Viveiro e de frear investimentos considerados prioritarios.

A reunión permitiu seguir avanzando no seguimento de iniciativas en marcha e consolidar o compromiso de apoio institucional ao municipio, co obxectivo de favorecer o seu crecemento e mellorar os servizos á cidadanía.

PP e Por Viveiro rexeitan crear un plan de mantemento urbano

A proposta presentada polo BNG no Concello para poñer en marcha un Plan de Mantemento e Mellora Urbana foi finalmente rexeitada polos votos do Partido Popular e de Por Viveiro, unha decisión que, segundo os nacionalistas, evidencia a falta de iniciativa do goberno local.

A portavoz do BNG, Iria Cotelo, cualificou esta negativa como unha mostra de "inacción" e tamén como un freo ás iniciativas construtivas. Segundo explicou, o plan propoñía establecer un sistema organizado de revisión do estado das rúas e barrios, baseado en inspeccións periódicas, contacto directo coa veciñanza e unha planificación das actuacións en función das prioridades detectadas. Desde o grupo nacionalista consideran que esta ferramenta permitiría ordenar o traballo municipal, fixando prazos concretos e mellorando a resposta ás necesidades do día a día. Cotelo incidiu en que a situación actual do espazo público require unha intervención máis estruturada, ante o progresivo deterioro de distintos elementos urbanos.

Neste sentido, sinalou problemas como papeleiras e sinais en mal estado, iluminación deficiente, baldosas soltas ou parques infantís que precisan reparación, ademais de zonas



que, ao seu xuízo, requiren unha limpeza máis frecuente. "É fundamental coñecer de primeira man o que acontece nas rúas e escoitar á veciñanza, que é quen mellor identifica as carencias", apuntou.

A portavoz recoñeceu tamén as limitacións do persoal municipal, indicando que o número de traballadores resulta insuficiente para cubrir todas as necesidades, pero defendeu que precisamente por ese motivo resulta necesario planificar con maior detalle as actuacións.

O BNG defende que existen precedentes que avalan este tipo de planificación, lembrando iniciativas desenvolvidas en etapas anteriores, como a mellora da Praza de Abastos, a renovación da fachada do Parque

Pernas Peón ou a elaboración de plans de mobilidade e accesibilidade.

Cotelo criticou que o actual goberno local non estea a impulsar novos proxectos nin a desenvolver unha estratexia definida, asegurando que "sen planificación nin propostas propias, o concello perde oportunidades e capacidade de acceder a financiamento".

Finalmente, a portavoz nacionalista advertiu de que Viveiro precisa ir máis alá das actuacións puntuais vinculadas a eventos festivos e apostar por un modelo de coidado urbano máis ambicioso e continuado no tempo, que mellore tanto a calidade de vida da veciñanza como a imaxe do municipio.

EDP impulsa dous proxectos como símbolo de emprendemento rural

EDP anunciou os proxectos seleccionados en Lugo dentro da nova convocatoria do seu programa de emprendemento rural ENTAMA, unha iniciativa deseñada para apoiar o desenvolvemento económico, a fixación de poboación e a creación de emprego en territorios en risco de despoboamento. Nesta edición, o programa seleccionou dous innovadores proxectos na provincia de Lugo, o que supón a primeira vez na que o programa apoia iniciativas nunha provincia galega, ampliando así o seu alcance territorial.

Entre os proxectos escollidos atópase Arándanos del Alba, en Cospeito (Comarca Terra Chá), que expón a creación dun obradoiro propio co que aproveitar o excedente de produción de arandos e reducir custos. Ademais, o proxecto permitirá incrementar a rendibilidade do cultivo, optimizar a cadea de produción e xerar valor engadido mediante a elaboración directa de marmelada, contribuíndo ademais á economía local mediante o uso de provedores da zona e a activación do sector loxístico.



O segundo proxecto seleccionado é Hub Musical - Oiches, impulsado desde Viveiro. Esta proposta expón o desenvolvemento do primeiro directorio en liña integral do ecosistema musical en España para conectar empresas, artistas e axentes culturais. A plataforma facilitará a dixitalización do sector, mellorará a visibilidade de negocios locais e fomentará novas oportunidades laborais, con especial foco no emprego feminino e no impulso do talento creativo. Grazas ao seu alcance e capacidade de escalabilidade, este proxecto aspira a consolidar á comarca como un nodo cultural e tecnolóxico.

Nas súas seis edicións, ENTAMA

alcanza un total de 89 proxectos emprendedores apoiados, alcanzando un investimento acumulado superior aos 875.000 euros. Esta convocatoria de ENTAMA constitúe unha edición especial dedicada especificamente ás zonas de distribución eléctrica de Cantabria e Lugo, onde EDP Redes España reforza o seu compromiso co desenvolvemento económico local e a creación de oportunidades en territorios rurais. A través desta edición, a compañía impulsa a consolidación e creación de seis proxectos emprendedores, xerando 20 empregos en cinco municipios identificados como prioritarios.

Adxudicadas as obras para mellorar a capacidade hidráulica do río Fontecova

Foron adxudicadas por máis de 770.000 euros as obras destinadas a incrementar a capacidade hidráulica do río Fontecova, cunha intervención clave para reducir o risco de inundacións nunha zona especialmente sensible. As actuacións céntranse na Área de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) do curso fluvial, concretamente nun tramo de 280 metros na contorna da Tafona, onde a presenza de vivendas fai que os episodios de desbordamento teñan un impacto directo.

O proxecto conta con financiamento europeo a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, dentro do programa NextGenerationEU. Entre as intervencións previstas destacan a canalización das marxes do río, a mellora do azude existente e a adecuación de pavimentos e espazos urbanos próximos ao leito fluvial, medidas que permitirán xestionar mellor as crecidas

e aumentar a seguridade da zona.

O prazo de execución estimado é de oito meses e abranguerá distintos puntos ao longo dos 11,3 quilómetros que conforman a ARPSI do río Fontecova, incluída na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa. O obxectivo principal é reforzar a capacidade de desaugadoiro, garantir unha rápida evacuación das augas en momentos de choiva intensa e minimizar os danos en vivendas e infraestruturas próximas ao río.

Esta actuación supón un paso importante na prevención de riscos fronte ás inundacións e na adaptación do territorio ante episodios meteorolóxicos extremos. Ademais, contribuirá á mellora dos espazos urbanos e ao mantemento da contorna do río, fortalecendo a protección dos veciños e veciñas e aumentando a resiliencia da comunidade fronte a posibles crecidas futuras.

O Val do Naseiro acolle este 18 de abril a Comida do Maior

A tradicional Comida do Maior celebrarase o sábado 18 de abril no Val do Naseiro, nunha xornada de convivencia destinada a reforzar lazos entre a veciñanza e as súas familias. O menú incluírá callos de primeiro e costela de porco asada ao estilo da avoa Adelina, acompañada de viños, cervexa,

refrescos, tarta xeada e café. A celebración completará con música, baile e ambiente festivo. O prezo será de 10 euros para empadroados en Viveiro e 30 euros para non empadroados. As invitacións poderán retirarse na conserxería do Concello ata o mércores 15 de abril, en horario de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 19:00 horas.

la Tienda
la de casa, la de toda la vida...

Mondoñedo: Avda. Buenos Aires, 7 - 982 521 077
 Ferreira de Valadouro: Cayado, 8 - 982 574 460
 Abadín: Avenida de Galicia, 10 - 982 508 111
 Muras: Pza. da Galegüidades, 11 - 982 500 027
 Muimenta: Avda. de Villaiba, 38 - 982 504 080
 O Corgo: San Cristobal de Chamoso, 29 - 982 302 198
 Baralla: Evaristo Calderón, 85 - 982 363 049

EN BREVE

AULA DE TEATRO. O Concello de Ribadeo porá en marcha unha Aula de Teatro dirixida a todas aquelas persoas interesadas no mundo da interpretación, unha proposta cultural que busca crear un espazo de aprendizaxe e expresión artística aberto á participación cidadá. O proxecto desenvolverase a través dunha sesión mensual de tres horas, na que os participantes poderán traballar diferentes aspectos da práctica teatral nun ambiente creativo e participativo. A experiencia culminará cunha representación final colaborativa prevista para o mes de maio, na que se mostrarán os resultados do traballo realizado durante os ensaios. A Aula de Teatro estará dirixida por Rubén Pérez Pombo e Daniel Vázquez Vila, encargados de guiar o proceso formativo e creativo das persoas inscritas.

PUZZLE. O Pavillón Municipal de Deportes será escenario o vindeiro 19 de abril da cuarta edición do Concurso Solidario Puzzle Ribadeo, unha cita que combina lecer, competición e solidariedade. A iniciativa ten como finalidade recadar fondos para a Fundación Sergio Villar, á que se destinará integramente o diñeiro obtido co evento. A xornada contará con diferentes categorías adaptadas ás idades dos participantes. As inscricións poderán formalizarse a través da páxina web www.aepuzz.es antes do 15 de abril.

RIBADEO SABE. Ribadeo xa quenta motores para unha nova edición do seu concurso gastronómico Ribadeo Sabe, que nesta ocasión chega cun formato renovado e importantes novidades. O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 15 de abril para todos aqueles establecementos hostaleiros que desexen participar nesta proposta culinaria. O evento desenvolverase do 14 ao 17 de maio e contará con premios destacados tanto para os locais como para o público.

REMOURELLE. A parroquia de Remourelle volverá converterse nun punto de encontro para os afeccionados ao mundo ecuestre coa celebración da XIII Ruta Cabalar, unha cita organizada pola asociación Xinetes de Remourelle que terá lugar o vindeiro 2 de maio. A actividade arrancará ás 10:00 horas coa saída da ruta, Tras a actividade, a programación continuará cunha comida prevista para as 14:30 horas. O menú terá un prezo de 28 euros para persoas adultas, mentres que os nenos e nenas de entre 6 e 12 anos poderán participar por 14 euros. O prazo para anotarse permanecerá aberto ata o 29 de abril.

Preocupación veciñal polo acceso aberto a unha instalación eléctrica

A Plataforma pola Defensa das Nosas Árbores de Ribadeo volvou a pronunciarse sobre o estado dunha instalación eléctrica situada na base do quiosco do parque infantil, despois das declaracións do alcalde o pasado 7 de marzo, nas que aseguraba que o problema "arranxouse xa hai un ano".

O colectivo cidadán decidiu comprobar a situación sobre o terreo e constataron que o domingo 8 de marzo a pequena porta de acceso seguía aberta. Tomaron unha fotografía xunto cun xornal dese mesmo día para acreditar a data. Segundo explican, non foi ata o martes 10 de marzo cando a porta quedou pechada con chave.

O primeiro aviso produciuse o martes 24 de febreiro, cando un membro da plataforma observou a tres nenos xunto á portinela aberta, a piques de introducir a man na instalación eléctrica. A persoa afastou aos menores,



avisou aos seus pais, pechou a porta e comunicou o ocorrido á Policía Local, que tomou nota da incidencia.

A pesar de que inicialmente se pensou que o problema se solucionaríase de inmediato, a plataforma comprobou días despois que a porta continuaba aberta, incluso o 29 de febreiro, coincidindo con xogo infantil na zona. Desde a entidade insisten en que

o seu obxectivo non é alimentar polémicas, senón garantir a seguridade dun espazo frecuentado por nenos e familias. Destacan a importancia de evitar calquera risco derivado do acceso a elementos eléctricos nun parque infantil, subliñando a necesidade de medidas efectivas e permanentes para preservar a integridade da veciñanza máis pequena.

Rinlo celebra a terceira edición da Mexillonada con música e sabor

A parroquia de Rinlo, en Ribadeo, converterase o vindeiro venres 3 de abril nun punto de encontro para os amantes da gastronomía mariñeira coa celebración da terceira edición da Mexillonada. A cita terá lugar na Praza de San Pedro a partir das 12:30 horas, nun ambiente festivo que combinará produto local e música en directo. O evento permitirá degustar mexillóns da zona, protagonistas indiscutibles dunha xornada pensada para poñer en valor a tradición culinaria vinculada ao mar. A proposta busca atraer tanto á veciñanza como a visitantes, ofrecendo unha experiencia na que o sabor e a convivencia serán os eixes principais.

A programación completárase con actuacións musicais que contribuirán a animar a xornada. Sobre o escenario estarán Festicultores Troupe e Alejandro Martínez, encargados de poñer ritmo a unha festa que se consolida no calendario local.

Estudantes do IES Ribadeo participan na Olimpíada polos 40 anos de España na UE



Cinco estudantes do IES Ribadeo Dionisio Gamallo participaron o pasado 25 de febreiro na Olimpíada sobre o 40 aniversario da adhesión de España á Unión Europea, unha iniciativa que busca fomentar o coñecemento do proxecto comunitario e o interese da mocidade polas institucións europeas.

Leire Alves Martínez, Aya Bendadoud Kantini, Uxía Díaz Saavedra, Martín García Díaz e Ainara Vega Monteserín desprazáronse ata o edificio Redeiras da Universidade de Vigo, acompañados polo seu profesor de Filosofía, Manuel Yáñez, para competir coa fase rexional xunto a alumnado doutros catro centros galegos. A

xornada incluíu unha masterclass e a intervención de Mar Rodríguez Mediavilla, subdirectora xeral de Relacións coa UE, así como a redacción dun ensaio sobre a adhesión española á Unión Europea.

A Olimpíada forma parte do programa Europa na Aula, impulsado por Equipo Europa desde 2019, e ofrece aos estudantes a oportunidade de coñecer de primeira man as institucións e valores comunitarios. Os resultados da fase galega daranse a coñecer a mediados de marzo, e o equipo gañador accederá á fase nacional en Granada, con posibilidade de viaxar posteriormente a Bruxelas.

Continúa a modernización da praza de abastos



O Concello segue co proceso de mellora e modernización da praza de abastos, cun conxunto de actuacións orientadas a reforzar tanto a estrutura do edificio como o seu funcionamento diario. Estas intervencións céntranse na renovación de accesos, reparación da cuberta e optimización de servizos internos para garantir a conservación dun dos espazos comerciais máis emblemáticos da vila.

Entre os traballos máis destacados figura a substitución das antigas portas do inmoible, deterioradas e responsables de incidencias frecuentes. O alcalde explicou que os novos accesos están deseñados para soportar un uso máis intenso e reducir problemas técnicos futuros. Tamén

se renovaron sistemas eléctricos e automáticos, e implantouse un novo modelo de xestión de residuos con recipientes individuais para cada posto de venda, co obxectivo de manter o contorno limpo e ordenado.

A reparación da cuberta do edificio foi outra prioridade, para evitar filtracións e danos estruturais, cunha achega pública de 200.000 euros. Segundo o Goberno local, estas melloras son integrais e garantirán a estabilidade do inmoible a longo prazo. Nos últimos anos, xa se executaron outras actuacións de modernización, como a renovación do pavimento, mellora dos servizos hixiénicos, actualización da iluminación e habilitación dunha rampla de accesibilidade.

O BNG reclama transparencia tras negarlle acceso a documentación

O grupo municipal do BNG en Ribadeo valorou de maneira moi positiva a resolución emitida pola Valedora do Pobo, que lle dá a razón na queixa presentada contra o goberno municipal do Partido Popular por dificultar o acceso a documentación e expedientes do Concello. Segundo explican desde a formación nacionalista, estas solicitudes afectaban a facturas e contratos vinculados a empresas e servizos municipais, e a negativa reiterada do executivo local vulnera o dereito da oposición a acceder á información. “Esta resolución confirma o que levamos tempo sinalando: o goberno municipal está a poñer trabas sistemáticas á transparencia”, destacou o portavoz do BNG, Martín Graña. O grupo anunciou que volverá solicitar acceso aos expedientes do Hospital-Asilo e non descarta recorrer de novo á Valedora se persiste a negativa.

Ao mesmo tempo, o BNG subliña a importancia de impulsar un plan integral de mantemento do mobiliario urbano e dos espazos públicos. Graña sinala que o coidado de bancos, parques infantís, zonas verdes e outros equipamentos é fundamental



para garantir lugares seguros e agradables para a veciñanza. A proposta inclúe inspeccións regulares, reparación ou substitución dos elementos deteriorados e planificación orzamentaria estable, priorizando unha xestión constante e ordenada sobre grandes investimentos puntuais. A iniciativa presentarase no próximo pleno para que poida ser debatida entre todos os grupos políticos e favorecer unha administración máis eficaz e próxima ás necesidades reais da cidadanía.

Finalmente, o BNG expresou a súa preocupación pola situación da reforma do Hospital-Asilo, precintado recentemente pola Policía Local, xe-

rando alarma social. Segundo Graña, o proxecto acumula atrasos desde o inicio, e a empresa concesionaria entrou en concurso de acredores en novembro de 2025, paralizando as obras. O alcalde anunciara unha futura licitación do 13% da obra pendente, pero ata o momento non se fixo ningunha convocatoria formal nin se estableceu calendario. A formación reclama explicacións públicas inmediatas e que se asuman responsabilidades políticas, advertindo que está en xogo “non só unha obra, senón a credibilidade das institucións e o futuro dos servizos públicos en Ribadeo”.

Ribadeo converterase en epicentro do jazz e o blues

A vila volverá situarse no mapa musical coa celebración da undécima edición do Festival Jazz & Blues, unha cita xa consolidada no calendario cultural que reunirá diferentes propostas musicais no Auditorio Municipal Hernán Naval entre os días 3 e 11 de abril.

O evento arrancará o venres 3 de abril coa actuación de The Sentimental Gentlemen, unha formación que abrirá o ciclo cun concerto marcado polos sons clásicos do jazz e do swing. Ao día seguinte, sábado 4, será a quenda de Will Jacobs & Marcos Coll Band, que ofrecerán unha proposta máis próxima ao blues contemporáneo.

A programación retomarase o venres 10 de abril coa presenza de Antía Muiño e Abe Rábade, dous nomes destacados da escena musical galega que combinarán talento e creatividade nunha actuación con personalidade propia. O peche do festival terá lugar o sábado 11 de abril coa cantante Alana Sinkéy, que levará ao escenario unha proposta cargada de influencias internacionais.

Todos os concertos darán come-



zo ás 20:00 horas, mantendo un formato que busca facilitar a asistencia do público e ofrecer unha experiencia musical coidada nun espazo de referencia como é o auditorio ribadense.

O festival, organizado co apoio institucional, continúa apostando por unha programación variada que combina artistas consolidados con propostas emerxentes, converténdose nun punto de encontro para os amantes do jazz e do blues na comarca e máis alá.

As entradas para os concertos xa están dispoñibles a través da plataforma habilitada.

O Plan Avanza Rural transforma as vías e espazos públicos da vila

O Concello de Ribadeo continúa impulsando a modernización do municipio con distintas actuacións centradas na mellora de estradas, beirarrúas e instalacións deportivas, co obxectivo de reforzar a seguridade, a accesibilidade e o benestar da veciñanza. Estas intervencións enmárcanse nunha estratexia global orientada a actualizar as infraestruturas e adaptar os espazos públicos ás necesidades actuais.

Dentro do Plan Avanza Rural, o goberno local está a executar obras nas parroquias cun investimento

de 350.000 euros procedentes do Plan Único da Deputación de Lugo. Os traballos inclúen a ampliación da anchura das vías, a canalización de augas pluviais e a mellora das redes de abastecemento, garantindo unha maior durabilidade das actuacións e facilitando o tránsito de vehículos e maquinaria agrícola. No casco urbano, a rúa Virxe do Camiño foi obxecto dunha intervención para renovar as beirarrúas e eliminar barreiras arquitectónicas. As obras buscan mellorar a mobilidade peonil e favorecer a accesibilidade, especialmente para

persoas con mobilidade reducida. Entre as actuacións destaca a execución dunha soleira de formigón fronte á capela e a adecuación completa das beirarrúas.

Ademais, o Concello rematou a reforma do pavillón da rúa Alfredo Deaño, cun investimento de 190.000 euros, mellorando a cuberta, os vestiarios, os baños e a pista principal. O executivo local destaca que estas actuacións responden a unha planificación progresiva baseada no mantemento continuo e na optimización dos servizos públicos municipais.

II CERTAME DE FOTOGRAFÍA IGUALDADE



O CIM deu a coñecer o fallo do II Certame de Fotografía Igualdade Ribadeo: Mulleres que Inspiran, unha iniciativa que busca sensibilizar á cidadanía e fomentar o debate sobre a igualdade de xénero mediante a creatividade artística. Os galardoados foron Ainara Vega Monteserín ‘A igualdade tamén se adestra’, Carolina Bouso Díaz (‘Matriarca’ e Pablo Martínez Janeiro ‘A miña guerreira’.



ORGANIZAN:

CONCELLO DE RIORTORTO

AS FERREIRAS DE RIORTORTO

APOIAN:

XUNTA DE GALICIA

ARTESANÍA DE GALICIA

galicia

A Pontenova: Darío Campos Conde

“Nun concello pequeno non hai horarios: os problemas aparecen a calquera hora”



O rexedor pontenovés, veterinario de profesión, é alcalde desde 2007 e cumpre a súa quinta lexislatura, cunha traxectoria marcada pola proximidade e o compromiso coa veciñanza

Explíquenos un pouco como se iniciou na política.

A miña entrada na política foi, sinceramente, algo totalmente inesperado. Nunca pensei que acabaría dedicándome a isto nin moito menos chegar ata onde cheguei. Non tiña contacto previo coa política nin unha especial inclinación por este mundo. Todo xurdiu de maneira bastante casual, a partir dun grupo de amigos que me foron animando a formar parte dunha candidatura porque compartiamos a sensación de que as cousas no concello non se estaban facendo todo o ben que deberían. Para facerse unha idea, cando comecei case non sabía nin o que era un pleno municipal nin unha xunta de goberno.

Como deu o salto definitivo ou recibiu o impulso para ser alcalde?

Foi unha evolución natural. Cando te involucras nun proxecto colectivo ese paso acaba chegando. Non foi algo buscado de maneira ambiciosa, senón unha consecuencia do compromiso adquirido co equipo e coa veciñanza.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

Non o considero un sacrificio no sentido estrito da palabra, porque ninguén nos obriga a estar aquí. Estamos de forma voluntaria. Se realmente supuxese un esforzo insoportable, simplemente non seríamos alcaldes. Iso si, a nivel familiar hai unha perda evidente: quítache tempo libre, actos familiares, momentos de descanso. Iso é indiscutible e nótase, como en calquera outro traballo con moita responsabilidade. Tamén hai momentos nos que o traballo pode resultar frustrante, no sentido de que comezas un proxecto hoxe e non ves resultados ata dentro de varios anos. A política municipal é moitas veces de fondo, de paciencia e constancia.

E que beneficios lle aporta?

En primeiro lugar, un salario máis ou menos digno, que tamén é importante. Pero, sobre todo, o beneficio persoal e emocional. Sentirse ben cando sacas algo adiante, cando ves que unha iniciativa mellora a vida da xente, compensa moitas cousas. Traballar cara ao público non é doado; ás veces paga a pena e outras non tanto, porque a crítica é constante.

Ademais, a xente ten unha memoria moi curta. Moitas veces esquecense rapidamente os esforzos realizados. Pero o obxectivo sempre é o mesmo: mellorar a calidade de vida de todos os veciños.

Quizais é máis doado gobernar nunha vila pequena?

Todo o contrario. Nun concello pequeno estás moito máis exposto. A xente coñécete e chámache directamente por calquera problema: cae unha árbore, hai unha avaría na auga, despréndense unhas pedras... Non hai filtros nin distancias. Iso fai que o traballo sexa moi directo, pero tamén moi esixente.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Non aspiro a máis. Xa fun presidente da Deputación, e foi unha etapa dura. Tal e como está a política actualmente, non teño interese en volver a ese nivel. Prefiro centrarme no meu concello, no traballo diario e próximo.

E como Goberno, de cara á próxima lexislatura?

Con ilusión, coma se fose a primeira. Hai que traballar polos veciños, con sentido común e sensatez. Esa é a clave para manter a confianza da xente.

Está a favor dos pactos para conformar gobernos estables?

Sen dúbida. Alguén ten que gobernar e tomar decisións, e iso require vontade de negociación. Xa o vivín cando fun presidente da Deputación, onde durante catro anos se aprobaron os orzamentos grazas a



pactos. A cidadanía pide acordos, porque xa non existen maiorías absolutas na maioría dos sitios.

Cales son as principais liñas do seu programa?

Continuar cos proxectos xa iniciados e apostar por dous grandes piares: a residencia de maiores, fundamental para o concello, e a Ferrería de Bogo, un proxecto que me fai especial ilusión a nivel persoal.

Cales son as principais necesidades do concello?

As comunicacións, para garantir o acceso a todas as parroquias e lugares. Tamén ampliar a gardería, para o que estamos transformando a antiga

vivenda do conserxe do colexio. Seguir apostando polo turismo e, sobre todo, atender ás persoas maiores do rural, axudándoas con servizos básicos como o abastecemento de auga.

Que lle gustaría que visen os veciños en vostede como alcalde?

Que son unha persoa de confianza, próxima, que tenta mellorarles a vida nas pequenas cousas que están ao seu alcance.

E a relación coa oposición?

Moi boa. Hai diálogo e respecto. De feito, no 90 % dos asuntos chegamos a acordos por maioría, o que demostra que cando hai vontade, pódese traballar polo ben común.

“A política debería buscar acordos nas cuestións básicas para a poboación, máis alá das siglas”

DATOS

HABITANTES: 2.124.

PARROQUIAS: 11.

EXTENSIÓN: 133,3 km cadrados.

PARTIDO XUDICIAL: Mondoñedo.

CORPORACIÓN: 7 concelleiros do PSOE, 3 do PP e 1 do BNG.

ALCALDE: Darío Campos Conde do Partido Socialista.

VOCEIRA PP: Conchita Novo.

VOCEIRO BNG: Xorxe Gómez

“A política municipal esixe paciencia: moitos proxectos tardan anos en dar froitos”

EN CLAVE PERSOAL

Idade, estado civil e familiar.

60 anos, casado e con 3 fillos.

Profesión e formación.

Veterinario.

Que quería ser de cativo?

Veterinario ou policía.

Que fai para desconectar?

Xogo ao pádel e fago algo de deporte.

Unha virtude e un defecto.

Son moi traballador, pero pecho de ser unha persoa impuntual.

Un consello para compartir.

Actúa e fai as cousas como che gustaría que chas fixeran a ti.

Un libro.

Agora mesmo non estou lendo nada.

Unha película.

Gústame o cine en xeral. Teño especial agarimo a Sempre Xonxa.

Un grupo de música.

Gústame calquera estilo, pero por exemplo encántame Queen.

Unha afección.

Son moi afeccionado ao fútbol, de feito xoguei cos veteranos.

Un lugar que visitar.

Calquer sitio de A Pontenova.

Unha comida e unha bebida.

Un arroz ou unha boa carne, acompañado dun bo viño.

Unha personaxe admirada.

Enrique Tierno Galván.

Unha posesión prezada.

A miña casa, que me costou moito esforzo facela.

Un desexo.

Que a familia teña saúde.

Algo para esquecer.

Nada. Se o fas é por algo, non vale a pena arrepentirse.

Que é o que máis valora nunha persoa?

A honradez e a humildade.

Equilibra ben a vida pública e a privada?

Si, polo momento bastante ben. De feito é máis sinxelo de alcalde que de presidente da Deputación.

Un desafío pendente.

Vivir tranquilo e coa miña familia.

Onde se ve en cinco anos?

Espero que na miña vila, viaxando un pouco máis. Pero non me vexo na política, ou non o creo.

Recoñecementos, campións e actividades na Festa da Troita

A Pontenova volverá converterse o vindeiro 1 de maio nun epicentro da pesca deportiva coa celebración da Festa da Troita 2026, unha cita que este ano chega cun programa cargado de novidades, recoñecementos e figuras internacionais. O evento, organizado polo Centro de Iniciativas Turísticas (CIT) da Pontenova, busca poñer en valor a implicación coa preservación do río Eo e consolidar a identidade colectiva do municipio.

No apartado da Troita de Ouro, Luis Frade, pescador de Melide, será recoñecido pola súa fidelidade ao concurso e polo compromiso continuado coa festa. Xunto a el, o xornalista asturiano Eduardo Fernández recibirá o galardón pola súa colaboración altruísta e labor de difusión do evento, contribuíndo a proxectar a festa máis aló do ámbito local. Tamén se distinguen Eugenio Linares e o pregoeiro Diego As, muralista galego que deu ao evento un símbolo recoñecible coa súa pintura da troita xigante instalada en 2024.

O Paseo do Pescador incorporará novas Pedras de Honra en memoria de figuras como o científico Fernando Cobo, destacado pola súa investigación en Hidrobioloxía e polo seu labor na conservación



do río Eo, así como José Luis Bruna, José Luis Brandon e Ramón Méndez, primeiro presidente do CIT. Estas distincións subliñan o compromiso da festa coa historia, a ciencia e a comunidade local.

Un dos grandes atractivos será a exhibición de pesca a mosca, na que participarán cinco campións do mundo: Miguel Bao, Fran Llamas, David García Ferreras, Pablo Castro "El Bombero" e Javier Álvarez Tejedor. A actividade, aberta ao público, permitirá que os asistentes observen técnicas e estratexias dos mellores pescadores a nivel internacional. Raquel Cabeza completará o elenco, consolidando a cita como un encontro deportivo e divulgativo de máximo nivel.

A edición deste ano estará marcada tamén por un cambio obrigatorio: a Administración decidiu vedar a pesca do salmón en Galicia, polo que o tradicional Concurso do Salmón do Eo non se poderá celebrar. En compensación, manteranse as competicións de lance e pesca a mosca, aproveitando os acoutados previstos para o salmón. A organización agarda máis de 150 participantes de distintas zonas de Galicia.

A xornada rematará co tradicional xantar oficial e a entrega de premios no Auditorio da Pontenova, consolidando a festa como unha cita que combina tradición, deporte, arte e compromiso co medio natural.


A décima Ruta Ecuestre será o vindeiro día 11

O concello da Pontenova celebrará o próximo 11 de abril de 2026 a X Ruta Ecuestre, unha actividade que reunirá a afeccionados ao mundo do cabalo nunha xornada de convivencia, natureza e tradición. O evento, que chega xa á súa décima edición, pretende consolidarse como un encontro de referencia para xinetes e amantes das rutas ecuestres na comarca.

A programación da xornada comezará ás 10:00 horas cun café no Lar de Balbina, punto de encontro inicial para os participantes antes do inicio da ruta. Media hora máis tarde, ás 10:30 horas, está prevista a saída desde a área recreativa do Pozo da Ola, desde onde partirán os xinetes para realizar o percorrido programado pola contorna do municipio.

A actividade inclúe tamén unha comida de confraternidade para os participantes. O ticket da comida terá un prezo de 30 euros, mentres que para os nenos e nenas o custo será de 15 euros.

As persoas interesadas en participar poderán formalizar a súa inscrición contactando cos or-



ganizadores a través dos teléfonos 662 062 625 (Pepín) ou 633 913 203 (Noelia).

A organización lembra ademais que cada xinete será responsable dos danos que poida ocasionar o seu cabalo, unha medida habitual neste tipo de encontros para garantir o correcto desenvolvemento da actividade.

Esta nova edición da Ruta Ecuestre contará coa colaboración de diferentes empresas e entidades da zona, así como co apoio institucional do concello, que contribúe á celebración dunha iniciativa que combina deporte, tradición e convivencia no medio rural.

Lanzan un novo taller de cerámica no Local de Paramios

O Concello abriu as inscricións para un novo taller de cerámica que se celebrará no Local de Paramios, unha iniciativa pensada para aquelas persoas que desexen iniciarse nesta arte tradicional, explorar a súa creatividade e compartir tempo en comunidade.

O taller dará comezo o martes 7 de abril, en horario de 16:00 a 18:00 horas, e constará de oito sesións, nas que os participantes aprenderán técnicas básicas de modelado e decorado de pezas de barro, mentres interactúan nun ambiente participativo e formativo.

Segundo indican desde o Concello, as prazas son limitadas a 10 participantes, dando prioridade a persoas maiores de 65 anos, mentres que o resto de prazas se asignarán por orde de inscrición. Ademais, a organización ofrece servizo de



transporte de achegamento para facilitar a asistencia ao taller.

As persoas interesadas poden realizar a súa inscrición ou solicitar máis información chamando ao 646 232 953. Con esta proposta, Vegadeo busca recuperar oficios tradicionais como a cerámica, fomentar a creatividade entre a veciñanza e consolidar espazos de convivencia e aprendizaxe dentro do municipio.

Vegadeo acollerá un ciclo de cafés tertulia para familias

O salón de actos do IES Elisa y Luis Villamil de Vegadeo converterase durante a primavera nun espazo de reflexión e aprendizaxe para as familias grazas ao ciclo "Café tertulia en familia", unha proposta pensada para abordar diferentes cuestións relacionadas coa educación, a convivencia e o uso das novas tecnoloxías entre a mocidade.

O programa desenvolverase en catro sesións, que terán lugar entre os meses de abril e maio no salón de actos do instituto, sempre en horario de 17:00 a 18:30 horas. Cada encontro contará coa participación de profesionais especializados que ofrecerán explicacións e orientacións prácticas ás persoas asistentes.

A primeira cita será o xoves 9 de abril coa charla titulada "Prevención de acoso e ciberacoso escolar", que estará impartida por Arancha

López López, gardia civil do posto de Vegadeo. Nesta sesión abordaranse diferentes aspectos relacionados coa detección e prevención destas situacións, así como o papel das familias á hora de actuar ante posibles casos.

O ciclo continuará o xoves 23 de abril coa conferencia "Educar con IA: sesgos e desinformación", a cargo de Juan García Álvarez de Toledo, consultor de estratexia dixital en GAM e formador en competencias dixitais e ciberseguridade. Durante esta intervención analizaranse os retos que supón o uso da intelixencia artificial no ámbito educativo e familiar.

O mesmo relator será tamén o encargado da terceira sesión, prevista para o xoves 7 de maio, baixo o título "Uso seguro e responsable de videoxogos". Nesta ocasión falarase sobre os hábitos de consumo dixital

da mocidade, así como sobre as ferramentas que poden empregar as familias para fomentar un uso equilibrado e seguro dos videoxogos.

A última das xornadas terá lugar o xoves 21 de maio e estará centrada na temática "Salud y adolescencia".

A charla será impartida por Alejandra Langa Fernández, directora do Centro de Saúde de Vegadeo-Castropol-San Tirso-Figueras, quen abordará distintos aspectos relacionados co benestar físico e emocional nesta etapa da vida.

As persoas interesadas en participar poderán formalizar a súa inscrición a través do formulario habilitado pola organización. Ademais, entre as persoas asistentes realizarase o sorteo dun premio para desfrutar en familia, co obxectivo de incentivar a participación neste ciclo de encontros.

Concelleiros do PP reclaman a reapertura dos refuxios de Gondán e San Xusto



Os concelleiros do Partido Popular en Barreiros presentarán no próximo pleno municipal un rogo para que se acometa a reapertura dos refuxios situados en Gondán e na antiga escola de San Xusto, instalacións que durante anos foron moi utilizadas por veciños e peregrinos. Segundo explicou o voceiro popular, José Manuel Gómez Puente, ambos refuxios permanecen pechados desde 2019, xerando malestar entre os usuarios do Camiño, que botan en falta espazos que lles permitían descansar tras longas etapas procedentes de Ribadeo.

Gómez Puente subliñou a función esencial destes puntos de acollida, que contribúan tamén á boa imaxe do municipio como lugar

de paso e hospitalidade. “É imprescindible que o goberno local adopte medidas para recuperar e poñer en valor estes espazos”, afirmou, facendo fincapé no estado de abandono do refuxio de Gondán, con sinais visibles de suciedade e falta de mantemento. Dende o PP de Barreiros solicitarán que no pleno se aproben actuacións de limpeza, acondicionamento e reapertura, devolvéndolle aos refuxios a súa utilidade histórica e reforzando a atención aos peregrinos que percorren o municipio. A iniciativa pretende garantir que estes espazos recuperen a súa función social e turística, mellorando a experiencia dos visitantes e a percepción xeral da vila.

Celeiro de Mariños celebrará o día 19 a IV Festa do Veciño

A parroquia de Celeiro de Mariños acollerá o domingo 19 de abril a cuarta edición da Festa do Veciño, unha celebración que busca reforzar os lazos de convivencia e fomentar a participación veciñal a través dunha xornada festiva aberta a toda a contorna. O programa dará comezo a partir das 12:30 horas cun vermú de benvinda que servirá de antesala á comida popular, prevista para as 14:30 horas. A organización aposta por unha proposta gastronómica variada, pensada para reunir a persoas de todas as idades arredor da mesa nun ambiente distendido e familiar.

A xornada estará amenizada pola actuación do dúo musical Son de Festa, encargado de poñer ritmo e ambiente ao encontro, contribuíndo a que a celebración se converta nun punto de reunión tanto para veciños como para visitantes. O menú inclúe diferentes pratos tradicionais, entre os que destacan entrantes como croquetas e

sopa de peixe e marisco, seguidos de carnes e acompañamentos, ademais de sobremesa e bebidas. O prezo establecido é de 35 euros para adultos, mentres que os nenos de entre 3 e 10 anos poderán participar por 15 euros, sendo gratuito para os máis pequenos.

As persoas interesadas en asistir poderán realizar a súa reserva anticipada ata o 14 de abril, tanto a través dos teléfonos habilitados pola organización como na Casa Lozano, en Celeiro. Desde a organización recomendan formalizar a inscrición con antelación para garantir praza.

A Festa do Veciño está promovida pola Asociación de Veciños de Celeiro de Mariños, que conta coa colaboración de distintas entidades e institucións. Ademais, a organización informa de que se disporá de carpa para garantir o desenvolvemento da actividade con independencia das condicións meteorolóxicas.

“A maxia da lectura” recibe un galardón do Ministerio de Cultura

A Biblioteca Pública Municipal de Barreiros foi recoñecida na última edición dos Premios María Moliner, unha distinción que concede o Ministerio de Cultura a iniciativas destacadas de animación á lectura en municipios de menos de 50.000 habitantes. O galardón recoñece proxectos que fomentan o hábito lector e a participación cultural da cidadanía. Con motivo deste premio, a subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, visitou o concello de Barreiros para coñecer de primeira man o traballo que se realiza neste espazo cultural. Durante a súa visita estivo acompañada pola alcaldesa, Ana Ermida, e pola tenente de alcaldesa, Carmen Veiga, quen lle explicaron o funcionamento da biblioteca e as actividades programadas ao longo do ano para promover a lectura entre a veciñanza.

O premio recoñece especialmente o proxecto “A maxia da lectura”, unha iniciativa que busca achegar os libros a persoas de todas as idades mediante unha ampla programación de actividades culturais e educativas. Entre as propostas destacan obradoiros, contacontos, encontros con




autores, representacións teatrais, clubs de lectura e diversas accións de extensión bibliotecaria que se desenvolven tanto nas instalacións municipais como en centros educativos, asociacións e parroquias do municipio. Para apoiar o desenvolvemento deste programa, o Ministerio de Cultura concedeu ao Concello de Barreiros unha achega económica de 2.777,77 euros.

Nesta edición tamén foron distinguidos outros catro concellos da provincia de Lugo: Antas de Ulla, Ribadeo, Sarria e Sober, que recibiron a mesma contía, sumando un total de 13.888,85 euros destinados

ás bibliotecas municipais lucenses recoñecidas. Durante a visita, a subdelegada destacou o papel das bibliotecas públicas como espazos de acceso á cultura, ao coñecemento e á aprendizaxe continua, especialmente en zonas rurais, e puxo en valor o esforzo dos concellos por impulsar proxectos que fomenten a lectura e reforcen a rede de bibliotecas. Finalmente, López felicitou ao equipo da biblioteca e ao Concello de Barreiros polo traballo realizado e polo impacto positivo de iniciativas como “A maxia da lectura” na vida cultural e educativa do municipio.

“Fauna Esencial” chega cunha proposta cultural e solidaria



A exposición fotográfica “Fauna Esencial”, centrada na divulgación da riqueza da fauna ibérica, instalárase no Centro Sociocultural Manuel Díaz Sampedro de San Cosme de Barreiros, onde poderá visitarse de luns a venres, de 9:30 a 14:30 horas, ata o 10 de abril. A mostra combina o valor artístico da fotografía coa vertente divulgativa, mostrando diversas especies animais da Península Ibérica. Cada imaxe inclúe textos explicativos sobre o hábitat, a alimentación e os principais riscos que afrontan para garantir a súa conservación, ofrecendo ao público unha oportunidade

de coñecer mellor a biodiversidade e reflexionar sobre a súa protección.

Ademais, “Fauna Esencial” ten unha vertente solidaria vinculada ao programa “Cultura por alimentos”. Durante toda a exposición habilitárase un espazo para depositar alimentos non perecedeiros, que serán doados ao remate da mostra para apoiar a familias que o precisen. O Concello agradeceu aos organizadores a elección de Barreiros para esta iniciativa, destacando que proxectos deste tipo amplían a oferta cultural local e abren a porta a futuras colaboracións.

Impulsa a formación para persoas con discapacidade

O Concello de Barreiros reforza a súa aposta pola formación e o emprego, especialmente para colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral. A través dun convenio con Inserta Empleo, da Fundación ONCE, organiza un curso presencial de vendedor/a de estacións de servizo na Aula CeMIT de San Cosme. Esta formación está orientada principalmente a persoas con discapacidade do municipio e contorna, permitindo mellorar as súas oportunidades laborais sen desprazamentos.

O curso terá 90 horas lectivas e abordará atención ao público, venda de produtos e aspectos básicos do funcionamento das estacións de servizo. Para facilitar a participación, a formación inclúe unha axuda de 11 euros por día. O único requisito é estar inscrito na bolsa de emprego de Inserta Empleo, e a información pode solicitarse a través de Lourdes Expósito. A iniciativa busca impulsar a inclusión social, a igualdade de oportunidades e mellorar a empregabilidade local.

O IES San Rosendo acolle unha exposición dedicada a Vizoso

O IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo está a acoller unha exposición centrada na figura e na traxectoria do artista Xosé Vizoso, antigo alumno do propio centro, nunha iniciativa que coincide co aniversario do seu pasamento e que busca manter viva a súa memoria entre a comunidade educativa

A proposta expositiva pretende poñer en valor a ampla produción artística de Vizoso e facilitar o coñecemento da súa obra entre o alumnado actual, contribuíndo así á difusión do seu legado cultural entre as novas xeracións. Deste xeito, o instituto aposta por achegar ao estudantado referentes culturais próximos, ligados ao territorio e á historia local.

A mostra está composta por distintos paneis informativos nos que se recollen aspectos destacados da súa vida persoal e profesional, así como unha revisión do seu traballo no ámbito da escultura e da tipografía, dous dos campos nos que desenvolveu unha actividade máis significativa. Ademais, inclúense imaxes e reproducións que permiten comprender mellor



a evolución do seu estilo e a súa contribución ao panorama artístico galego.

Esta iniciativa dá continuidade a outras accións impulsadas polo centro educativo para reivindicar a figura do artista mindoniense. De feito, no pasado mes de outubro, coincidindo coa celebración das festas das San Lucas, xa se organizara unha exposición centrada nos carteis que Xosé Vizoso

deseñou ao longo dos anos para esta cita festiva, acadando unha boa acollida entre o público.

Con esta nova proposta, o IES San Rosendo reforza o seu compromiso coa divulgación do patrimonio cultural e coa recuperación de figuras destacadas vinculadas á historia do propio instituto e da cidade de Mondoñedo, consolidándose como un espazo activo na promoción da cultura galega.

Nace a Asociación Mauro Leivas para preservar o legado dun creador singular



O 19 de marzo presentouse a Asociación Mauro Leivas, nun acto celebrado no Pazo de Santo Tomé que reuniu a numerosa cidadanía e diversas autoridades, entre elas o alcalde Manuel Ángel Otero e o tenente de alcalde de Barreiros, Antonio Veiga. A iniciativa xorde de familiares e amizades do artista co obxectivo de conservar a súa memoria creativa e prolongar o seu compromiso social e cultural, oito meses despois do seu pasamento en xullo de 2025.

Mauro Leivas, nado en 1955, destacou pola súa versatilidade artística, transitando polo cómic, o hiperrealismo e a abstracción dixital, cunha obra marcada pola cor, a

forma e a emoción, así como por valores de inclusión, diversidade e compromiso social. Durante o acto, os membros da asociación destacaron a súa visión avanzada, abordando temas que hoxe son de plena actualidade, e subliñaron a vontade de manter vivo o seu pensamento crítico e transformador.

A entidade organizará actividades, encontros e publicacións sobre ecoloxismo, diversidade cultural, dereitos LGBTQIA+, antibelicismo e pensamento científico, converténdose nun axente activo da vida cultural galega. Ademais, abriu a posibilidade de que a cidadanía colabore achegando obras ou documentación.

Mondoñedo acollerá as III Xornadas de Atención Temperá o vindeiro 9 de maio

Mondoñedo organizará o 9 de maio as III Xornadas de Atención Temperá, un encontro dirixido a profesionais e persoas interesadas no desenvolvemento infantil nos primeiros anos de vida. A cita celebrarase no Auditorio Pascual Veiga e reunirá expertos do ámbito sanitario, educativo e terapéutico para analizar aspectos relacionados coa detección precoz e a intervención en diferentes áreas do desenvolvemento das crianzas.

A xornada comezará ás 9:00 horas coa recepción de participantes, seguida pola inauguración oficial ás 9:30 horas. Entre as 10:00 e as 11:00 horas, Sandra Balaguer Solé, fisioterapeuta e osteópata pediátrica, abordará a importancia de identificar sinais de alerta no desenvolvemento motor e a relevancia da actuación temperá para favorecer un crecemento saudable.

De 11:00 a 12:00, o neuropediatra Ignacio Málaga Diéguez, do Hospital Universitario Central de Asturias, ofrecerá unha sesión interactiva sobre neurodesenvolvemento, basea-

da na análise de casos clínicos. Tras unha pausa para o café, Ángela Monasterio Marqués, odontóloga, destacará a prevención bucodental en idades temperás e a necesidade de instaurar hábitos saudables desde os primeiros anos.

O último relatorio, de 13:30 a 14:30 horas, estará a cargo da logopeda Iria Botana Lois, coordinadora do mestrado en Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá da Universidade da Coruña, quen analizará o desenvolvemento comunicativo na infancia e o papel das familias e do contexto educativo nas rutinas de linguaxe.

A clausura terá lugar ás 14:30 horas, entregando certificados de asistencia. Organizadas polo Concello e o servizo de Atención Temperá, co apoio da Xunta de Galicia e fondos europeos, as xornadas pretenden consolidarse como un espazo de formación e intercambio para promover un desenvolvemento infantil saudable e a detección temperá de dificultades.

O BNG reclama solucións á falta de accesibilidade

O BNG de Mondoñedo volveu poñer o foco na accesibilidade dos edificios e espazos públicos municipais tras a aprobación da súa moción para elaborar un plan específico, que contou co apoio do PSOE e a abstención do PP. Desde a formación nacionalista lamentan a postura dos populares, que preferían formular a proposta como un rogo ao considerar que o asunto xa está en estudo.

O voceiro do BNG, Eloi Cabanas, defendeu a necesidade de actuar con decisión lembrando que a accesibilidade está regulada en Galicia pola Lei 10/2014, que obriga a garantir a igualdade de acceso en edificios públicos e espazos urbanizados. "Nos tempos que corren ten que haber solucións técnicas, pero fai falta vontade para corrixir as deficiencias", sinalou.

A formación denuncia que existen instalacións municipais que non cumpren cos requisitos básicos, como a casa do concello onde se atopa a Alcaldía, o salón



de plenos e varias oficinas, e , onde o acceso ás plantas superiores só é posible por escaleiras. A problemática esténdese a outros espazos como o Consistorio Vello que acolle a Oficina de Turismo e a Biblioteca Municipal, ou a Casa da Xuventude na rúa Pacheco, polo que reclaman un estudo detallado e actuacións concretas para eliminar barreiras.

Reabre a campaña de visitas guiadas á Cova do Rei Cintolo

O Concello, en colaboración coa Federación Galega de Espeleloxía, retomou a campaña anual de visitas guiadas á Cova do Rei Cintolo, un dos espazos naturais máis singulares de Galicia. Durante 2026, as rutas realízanse inicialmente os venres, sábados e domingos, con dous grupos por xornada, ampliándose a diario durante Semana Santa e intensificándose no verán con visitas adicionais ás 18:30 horas.

O percorrido principal de 300 metros pola Galería Central dura arredor dunha hora e cuarto e está dirixido a persoas con condición física normal. Ademais, existe unha visita máis esixente á Zona do Río, para maiores de 18 anos, baixo demanda e cun custo superior.

As reservas deben realizarse na Oficina de Turismo, e o Concello facilita equipo de seguridade, incluíndo casco, luvas e traxe desbotable. A iniciativa busca promover o turismo de natureza e dar a coñecer este atractivo patrimonial.

O municipio impulsa o seu parque empresarial con novos proxectos industriais



A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, mantivo unha reunión de traballo co alcalde de Xove, José Demetrio Salgueiro, na que abordaron distintas liñas de actuación para impulsar o desenvolvemento industrial do municipio. Entre os asuntos tratados destacou o avance do proxecto de ampliación do parque empresarial de Camba, considerado clave para a dinamización económica da zona.

Na xuntanza tamén participaron o director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila, e a directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, Margarita Ardao. Durante o encontro, Lorenzana

explicou que a tramitación do polígono segue o calendario previsto tras a súa aprobación inicial o pasado mes de xullo.

A conselleira lembrou que Xove conta co distintivo de Concello Emprendedor, unha ferramenta que facilita a implantación de novas empresas mediante a simplificación administrativa, o acceso a solo industrial e a aplicación de incentivos fiscais.

Ademais, destacou que o municipio recibiu nos últimos anos diferentes apoios da Xunta en ámbitos como a eficiencia enerxética ou o desenvolvemento de enerxías renovables, reforzando así o seu potencial para atraer investimentos e xerar actividade económica.

Xove acolle a visita de deputados provinciais entre críticas do PSdeG

O PSdeG de Xove amosou o seu malestar pola recente visita de deputados provinciais do Partido Popular ao municipio, unha presenza que, segundo sinalan, quedou nun mero acto institucional sen contido práctico nin respostas ás necesidades da veciñanza. A formación socialista recoñece como positivo que representantes públicos se acheguen ao concello, pero considera que a ocasión foi desaproveitada ao non tratar ningún dos asuntos estruturais que levan anos pendentes. “Resulta rechamante que nunha visita deste tipo non se abordasen cuestións fundamentais nin se adquirisen compromisos claros. Xove leva case dúas décadas escoitando promesas que nunca se materializan”, apuntan.

Neste sentido, lembran que xa durante o debate dos orzamentos da Xunta advertiran da ausencia de investimentos significativos para o municipio. Entre os proxectos máis destacados sitúan o Portiño de Morás, que segue sen avances reais, e o polígono industrial de Camba, inaugurado a finais dos anos noventa, sen melloras significativas nin ampliación executada. A problemática da rede de abastecemento de auga, con décadas de antigüidade, tamén preocupa ao PSdeG, especialmente polos epi-



sodios de restricións no verán e afectacións na calidade en fortes choivas. Outros temas relevantes son o saneamento, a protección ambiental e a paralización da vía de altas prestacións entre O Castelo e Ferrol.

Pola súa banda, os deputados do Grupo Provincial Popular mantiveron unha xornada de traballo en Xove, reuníndose con entidades sociais e representantes do tecido empresarial para coñecer de primeira man proxectos e necesidades do municipio. O voceiro provincial, Antonio Ameijide, explicou que estas visitas forman parte dunha estratexia de descentralización para “percorrer o territorio e poñer en valor as potencialidades de Lugo, dando visibilidade a iniciativas que contribúen ao desenvol-

vemento local”.

O alcalde de Xove e tamén deputado provincial, Demetrio Salgueiro, destacou o papel das iniciativas sociais e empresariais para fixar poboación na comarca e mellorar os servizos locais. Ameijide engadiu que é fundamental escoitar aos implicados e apoiar o seu labor, reforzando un modelo de provincia baseado na xeración de oportunidades en todos os concellos.

Desde ambos os grupos coincide na importancia das visitas institucionais, pero difiren sobre a súa eficacia: mentres o PSdeG reclama un enfoque máis práctico e compromisos concretos, o PP defende que estas xornadas permiten recoñecer o traballo local e reforzar o contacto directo co tecido social e económico de Xove.

O Concello promove a alfabetización dixital da terceira idade

O Goberno local abriu o prazo de inscrición para o curso “Seguridade: Protexe o teu mundo dixital”, dirixido a persoas maiores de 60 anos. Organizado por YoConecto, o obxectivo é ofrecer formación adaptada a todos os niveis para aprender a navegar con seguridade por Internet, xestionar trámites coa Administración electrónica, operar coa banca dixital e utilizar redes sociais e ferramentas dixitais de forma segura.

O programa tamén inclúe comunicación por videochamada, exploración de plataformas para aprendizaxe, lecer e saúde, así como orientación para impulsar negocios en contornos dixitais e crear un currículo dixital, proporcionando habilidades completas para desenvolverse no mundo en liña.

O curso celebrarase os días 7, 9, 14 e 16 de abril, de 16.30 a 19.30 horas, na aula de informática do Centro Xuvenil de Xove.

Nace un novo club de lectura na Biblioteca

O Concello de Xove, a través do seu Departamento de Cultura, vén de poñer en marcha unha nova proposta dirixida ás persoas afeccionadas á lectura coa creación dun club de lectura na Biblioteca Municipal. A iniciativa nace coa intención de ofrecer un punto de encontro no que os amantes dos libros poidan compartir experiencias e reflexións arredor das obras lidas.

Este novo espazo concíbese como unha actividade periódica na que os participantes poderán comentar unha mesma lectura nun ambiente aberto, participativo e respectuoso. O obxectivo é promover o gusto pola literatura, favorecer o intercambio de opinións e fortalecer a convivencia a través da cultura.

Para dar comezo ao proxecto, a biblioteca organiza unha primeira xuntanza informativa que

servirá como toma de contacto entre as persoas interesadas. O encontro celebrarase o venres 27 de marzo ás 19:00 horas nas propias instalacións da biblioteca municipal.

Durante esta sesión inicial, explicaranse as bases de funcionamento do club e recolleranse propostas dos asistentes co fin de adaptar a actividade ás súas preferencias. A intención é construír un espazo dinámico e atractivo, no que todas as persoas participantes se sintan implicadas.

Desde o Concello animan á veciñanza e ás persoas usuarias da biblioteca a sumarse a esta iniciativa cultural, que pretende consolidarse como un punto de referencia para o encontro arredor da lectura e o intercambio de ideas.

O Concello inicia unha nova campaña de prevención da vespa velutina



O Concello de Xove puxo en marcha a campaña anual de trampeo para previr a expansión da vespa velutina, coordinada pola empresa SERPA, que tamén se ocupa da monitorización do avispon oriental en todo o municipio. Estes tratamentos preventivos realízanse desde hai máis de seis anos co obxectivo de controlar a especie invasora e protexer a economía local, especialmente o sector apícola,

afectado pola diminución das abellas e da produción.

Ademais, Xove desenvolverá un programa experimental para detectar novas especies invasoras, como avispa Orientalis e Bicolor, reforzando o traballo habitual contra a vespa asiática.

O Concello insiste na importancia destas medidas preventivas para preservar a biodiversidade e apoiar ao sector apícola.

O Concello impulsa iniciativas para mellorar a calidade de vida

O Concello vén de presentar unha batería de solicitudes de subvención ante distintas consellerías da Xunta de Galicia co obxectivo de impulsar novos proxectos que permitan mellorar os servizos públicos, reforzar as infraestruturas e ampliar a oferta turística do municipio. Estas iniciativas abranguen actuacións en ámbitos clave como a mobilidade, a eficiencia enerxética, a recuperación de espazos naturais e a creación de novas dotacións para visitantes.

Un dos proxectos máis destacados é a proposta para habilitar unha área de autocaravanas no complexo deportivo municipal, cun investimento estimado de arredor de 30.000 euros. Esta actuación permitiría consolidar este recinto como un punto de referencia, sumando novos servizos a unhas instalacións que xa contan con pista de pádel, pista multideporte, pump track, tirolina infantil e zonas de descanso. A nova área incluíría prestacións específicas como puntos de baleirado de augas e conexión eléctrica individualizada. No ámbito da eficiencia enerxética, o Concello solicitou outra axuda destinada á renovación do alumeadado público mediante a substitución de luminarias por tecnoloxía LED. O proxecto, cun orzamento superior aos 35.000 euros, contempla actuacións en diferentes puntos como Vilapena, Vilasusá, Outeiro, Leirado e a contorna da casa consistorial. Con



esta intervención preténdese reducir o consumo enerxético e mellorar a calidade da iluminación.

Ademais, o goberno local presentou unha proposta para a creación de novos espazos verdes e a mellora de áreas públicas, cun investimento previsto de 75.000 euros. As actuacións localizáranse na zona da futura área de autocaravanas e no entorno do centro social da Ría de Abres, onde se prevé instalar pérgolas de madeira con cuberta vexetal, así como mobiliario elaborado con materiais reciclados, contribuíndo á integración paisaxística e ao confort dos usuarios.

En paralelo, o Concello tamén solicitou financiamento para a mellora de camiños rurais en Louro, na parroquia de Sante, e en Vilafernando, na parroquia de Valboa. Os traballos consistirían na renovación do firme en máis dun quilómetro de vías, faci-

litando a circulación e incrementando a seguridade viaria nestas zonas. Finalmente, inclúese unha actuación na área recreativa de A Chozza, na Ría de Abres, integrada na Rede Natura 2000. O proxecto contempla a renovación da barandilla e dos paneis informativos mediante materiais máis sostibles, reforzando a conservación ambiental e a posta en valor deste espazo natural.

O alcalde de Trabada, Rubén García, destacou que estas iniciativas responden ao compromiso de aproveitar todas as liñas de axuda dispoñibles para seguir mellorando o municipio e avanzar cara a un modelo máis sostible e atractivo.

Neste sentido, desde o Concello subliñan que a planificación destas actuacións forma parte dunha estratexia global orientada a dinamizar o territorio, fixar poboación e xerar oportunidades económicas.

Cantos de Taberna, Ruta Cabalar e Enfariñada marcan a axenda festiva de Trabada

O Concello de Trabada presenta unha completa programación de actividades para as próximas semanas, cunha combinación de música tradicional, iniciativas ao aire libre e propostas gastronómicas que buscan dinamizar a vida social do municipio e atraer visitantes.

A primeira das citas terá lugar o venres 10 de abril coa celebración dunha nova edición dos "Cantos de Taberna", unha iniciativa xa consolidada que dará comezo ás 20:30 horas. Varios establecementos da vila converteranse en escenarios improvisados nos que a música tradicional galega será a gran protagonista. Así, na Taberna da Curuxeira actuará A Chocolateira; no Mesón Camiño Norte será a quenda de Mon&Cía; e no Bar O Porfirio poderase gozar das interpretacións de No Cómbaro. O evento busca, ademais de ofrecer unha experiencia cultural, apoiar á hostalaría local e fomentar a convivencia nun ambiente festivo.

A programación continuará o 18 de abril coa primeira edi-

ción da Ruta Cabalar de Trabada, unha proposta dirixida aos afeccionados ao mundo ecuestre. A saída terá lugar ás 10:00 horas desde o Colexio de Trabada, iniciando un percorrido polos camiños e paraxes naturais do municipio. Durante a ruta haberá unha parada con pinchos e, unha vez finalizada, a xornada proseguirá cunha sesión vermú, seguida dunha comida popular ás 15:00 horas. Pola tarde celebrarase un tardeo amenizado polo grupo The Sound Project, con música e agasallos para os asistentes.

Xa no mes de maio, o día 3, Trabada acollerá unha nova edición da Festa Gastronómica da Enfariñada, unha cita dedicada aos faragullos, prato tradicional elaborado con touciño, ovos, leite, fariña e auga. A celebración reunirá a centos de persoas e contará previsiblemente con música, actividades e un mercado de produtos locais, consolidándose como unha das festas máis destacadas do calendario local.

ourol

Antigos alumnos do colexio organizarán un reencontro

Un grupo de antigos alumnos do colexio Vicente Casabella de Oourol organiza unha cea de reencontro o sábado 25 de abril no restaurante Louzao, na área de Area, a partir das 22:00 horas. A cita busca recuperar lembranzas e compartir momentos especiais entre compañeiros. O menú inclúe aperitivos variados, entrantes para compartir como pementos do piquillo recheos, pastel de cabracho, zamburiñas e lagostinos, e prato principal a escoller entre carne ou peixe, rematando con sobremesa, café e bebidas.

O prezo da cea é de 50 euros por persoa, aos que se engaden 10 euros para o servizo de música que animará a velada. As reservas están abertas ata o 18 de abril.

O 8M reuniu a mulleres nun encontro festivo e participativo



A veciñanza de Oourol celebrou a V Xuntanza da Muller con motivo do 8 de marzo no Restaurante Louzao, reunindo a 46 participantes. Durante o encontro, as asistentes desfrutaron dun ambiente ameno cheo de risas, baile e momentos de camaradería. Ademais, realizouse un sorteo



dunha cea para dúas persoas, que animou aínda máis a xornada. Desde a organización agradecen a participación de todas as mulleres que contribuíron a que esta cita fose unha celebración festiva e acolledora, reforzando a convivencia e o espírito de comunidade.

O PP critica a "inacción" ante os problemas de Correos

O Partido Popular denunciou as deficiencias no servizo de Correos no municipio, destacando importantes atrasos na entrega da correspondencia e a falta de persoal suficiente para cubrir a demanda existente. Segundo sinalan, esta situación provoca continuas molestias entre a veciñanza, que en ocasións recibe notificacións con máis dun mes de atraso.

O portavoz local do PP, José María Fernández, indicou que actualmente só hai unha persoa encargada de atender todo o termo municipal, o que resulta insuficiente para garantir un servizo postal adecuado. Engadiu que as queixas da cidadanía son cada vez máis frecuentes, especialmente pola chegada tardía de documentación que en moitos casos provoca a perda de citas ou prazos administrativos.

A formación considera que nin o

Goberno central nin o executivo local adoptan medidas eficaces para corrixir esta situación. Critican que a resposta do Executivo estatal no Senado non aporta solucións concretas, limitándose a contratar puntualmente unha persoa para cubrir unha baixa en decembro, algo claramente insuficiente. Ademais, cuestionan a postura do alcalde, ao que acusan de limitarse a xestións formais sen avanzar en solucións reais, e propoñen un maior grao de implicación e contactos directos cos responsables do servizo.

O PP subliña que Correos, como empresa pública, debe garantir un servizo eficiente e adaptado ás necesidades do rural, facilitando a comunicación e o acceso á información, e reclamando medidas urxentes para reforzar o persoal e mellorar a organización do servizo, evitando prexuízos para os usuarios.

Moucide, unha parroquia que loita por non quedar en silencio

O colectivo veciñal critica a falta de apoio municipal, reclama un tratamento para as parroquias rurais e chama á participación da veciñanza

Por Ana Somoza.

A Escola de Moucide, no corazón da parroquia do mesmo nome no Concello de O Valadouro, é moito máis ca un edificio. É o punto de encontro, o espazo onde se toman decisións e onde, desde hai case catro décadas, a Asociación de Veciños de Moucide tenta dar resposta ás inxerencias dunha comunidade pequena pero teimuda. Falamos cos seus representantes nun momento delicado, marcado pola dimisión en bloque da xunta directiva e por unha relación tensa co goberno municipal.

A entidade lembra que a súa orixe está ligada a unha demanda moi concreta. “A Asociación de Veciños de Moucide naceu no ano 1986 co obxectivo de reclamar ante Telefónica os teléfonos para a parroquia”, explican. A falta de liñas telefónicas era entón un problema real nun rural que quedaba illado tecnoloxicamente. “Sen teléfono estábamos practicamente incomunicados”, apuntan, describindo unha época na que calquera urxencia obrigaba a desprazamentos incómodos e lentos.

INICIOS. A consecución daquela primeira reivindicación deu pé a unha etapa de forte actividade. “Despois de conseguir o teléfono para a parroquia a asociación colleu moito auge”, lembran. Non tardaron en aparecer novas preocupacións. “Uns anos máis tarde o gando do monte invadía as hortas e prados da parroquia de Moucide”, sinalan. Aquela situación xerou malestar entre os propietarios e obrigou á asociación a implicarse para buscar solucións. A entidade consolidouse como interlocutora ante as administracións e como voz colectiva da veciñanza.

Co paso do tempo, a asociación mantívose activa, aínda que a realidade demográfica foi cambiando. “Hoxe en día hai uns 70 socios”, detallan. O perfil é equilibrado en canto a xénero. “Menos nenos, hai máis ou menos o mesmo número de homes que de mulleres, pois en case tódalas casas que se fan socios fanse o home e mais a muller”, explican. Esa dobre afiliación por fogar amosa, ao seu xuízo, un compromiso familiar coa vida comunitaria.

SOCIOS. A sede social sitúase na Escola de Moucide, un espazo que a asociación foi mellorando ao

longo dos anos. “A Asociación de Veciños ten a súa sede social na Escola de Moucide, na cal posúe uns terreos onde están asentadas: un campo de fútbol, un aparcamento, unha área recreativa e un parque infantil”, enumeran. O mantemento destas instalacións depende en boa medida do traballo voluntario. Por iso, recoñecen con certa decepción que “a participación á hora de axudar é basicamente nula”.

“Só uns poucos veciños colaboran xunto cunha pequena parte da xunta directiva”, lamentan. Aínda así, seguen facendo chamamentos á implicación. “A veciñanza podería implicarse axudando, por exemplo, cando facemos calquera tipo de traballo nos terreos”, insisten. Consideran que sen esa colaboración é difícil



“Ao concello pedímoslle que non faga distinción de cores políticas e que governe para todos”

manter en boas condicións unhas infraestruturas que son de uso común.

ORGANIZACIÓN. A nivel interno, a asociación atravesou unha etapa de transición. “Despois da decisión unánime de dimitir a xunta directiva ao completo, a día de hoxe aínda non se formou unha nova xunta directiva”, recoñecen. A situación non é cómoda, pero confían en que sexa temporal. “Esperamos que non se tarde moito máis en facerse”, afirman, apelando á responsabilidade colectiva para ga-

rantir a continuidade do proxecto. A pesar das dificultades, a actividade non se detivo por completo. Cada ano organizan encontros gastronómicos co obxectivo de fortalecer os lazos veciñais. “Facemos unhas comidas para que a xente da parroquia poida interactuar uns con outros, porque aínda que a parroquia é pequena, algúns veciños non se ven en meses”, explican. A súa intención é combater o illamento e fomentar a convivencia.

ACTIVIDADE. Porén, a resposta non sempre é a agardada. “A mágoa é que, aínda que estas comidas son gratis para os socios, ultimamente son moi poucos os que asisten”, admiten. Esa baixa participación é interpretada como un síntoma dun



problema máis amplo: a dificultade para manter viva a vida asociativa nun rural envellecido e disperso. Máis aló do ámbito social, a asociación exerce unha función reivindicativa. “A principal función da asociación é intentar resolver os problemas que xorden na parroquia, así como tramitar ante os organismos públicos toda clase de subvencións”, explican. Actúan como ponte entre a veciñanza e as administracións, canalizando demandas e solicitudes.



REIVINDICACIÓNS. Un dos asuntos que máis tensión xerou nos últimos tempos é o reparto das subvencións municipais. “Unha das reivindicacións prioritarias é que o Concello de O Valadouro non ten a mesma vara de medir para todos por igual”, denuncian. Segundo afirman, “á hora de designar as subvencións, nin sequera se fixeron bases nin se notificou a todos os posibles interesados”. Engaden que “só dúas asociacións recibiron subvención”, o que consideran inxusto.

A relación co Concello deteriorouse. “Ultimamente a relación co concello non é moi boa”, recoñecen. Ao seu entender, “nin ao concello nin a certas persoas lles gusta que a xunta directiva revolva en casos dos que xa fai moitos anos se ven loitando”. Esa percepción de incomodidade política non lles fixo dar un paso atrás.

CONFLITO. Un exemplo paradig-

matico, xa non se ven nenos no parque infantil”, afirman. Con ironía, engaden: “O mellor cando sexan as próximas eleccións aparece a cama elástica”. A demora no permiso para modificar o camiño continúa, e iso alimenta a sensación de abandono.

A asociación entende que o problema vai máis aló dun caso concreto. “É algo máis que un problema”, sosteñen. Poñen como exemplo a fonte pública creada polo Concello en 1957. “É unha das dúas únicas fontes do concello que é apta para o consumo humano”, explican. Porén, denuncian que “é case imposible coller auga nela, sobre todo para unha persoa maior”.

MENSAXE. Ante esta situación, a súa petición é clara. “Ó concello pedímoslle que non faga distinción de cores políticas e que governe para todos”, reclaman. Insisten en que “en cada parroquia hai persoas que necesitan que se escoiten as súas demandas”. Tamén lamentan a falta de información sobre actividades municipais. “As parroquias non as informan das actividades que o concello ten, tanto para persoas maiores como para o resto da poboación”, denuncian.

Aseguran que a asociación facilitou datos de contacto e correo electrónico, pero “tampouco fai caso do deterioro das estradas que dan acceso ás vivendas veciñais”. Con todo, non perden a esperanza. Confían en que se abra unha nova etapa de diálogo e que a parroquia de Moucide sexa tratada “como calquera outra parroquia de O Valadouro”.

A historia da Asociación de Veciños de Moucide é a historia dun rural que loita por non quedar atrás. Desde aquela reivindicación inicial polo teléfono ata as actuais demandas sobre parques, fontes ou subvencións, a entidade mantén viva a idea de que a unión fai forza. A incógnita agora é quen asumirá o relevo nunha directiva que precisa novas mans e novas enerxías para seguir defendendo os intereses dunha parroquia que non quere resignarse ao silencio.

mático é o do permiso para modificar un camiño. “A verdade é peor que antes”, aseguran. Lembran que “se non hai parque, non se precisa cambiar o camiño”. Segundo relatan, a finais de novembro funcionarios municipais retiraron a cama elástica do parque infantil, unha das súas reclamacións polo mal estado no que se atopaba. “A día de hoxe aínda non volveron a colocala”, subliñan. As consecuencias son visibles. “Dende que retiraron a cama elás-

A praza de Santa María afronta unha remodelación integral

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas vén de adjudicar por 186.614 euros as obras de remodelación da praza de Santa María, situada en Ferreira, no municipio do O Valadouro. A intervención será executada pola empresa Novavial, S.L. e permitirá renovar a zona leste deste emblemático espazo público, actuando sobre unha superficie de 1.141 metros cadrados.

Os traballos contemplan a reorganización do pavimento para diferenciar claramente as áreas destinadas ao tráfico rodado das peonís, así como a eliminación de desniveis co obxectivo de facilitar a mobilidade e garantir unha maior accesibilidade. Ademais, habilitaranse novas beirarrúas que contribuirán a facer da praza un lugar máis cómodo e seguro para a veciñanza.

O proxecto completárase coa renovación do alumbeado público, a instalación de bancos, papleiras e xardineiras circulares



móbiles —que poderán retirarse en caso de celebración de mercados ou eventos—, a substitución da varanda existente e a limpeza do cruceiro.

Esta actuación enmárcase no Plan Hurbe, un programa da Xunta de Galicia destinado a apoiar economicamente aos concellos na mellora dos seus espazos urbanos e na eliminación de barreiras arquitectónicas. Ao abeiro deste convenio, o Goberno galego asumirá o

70% do custo da obra, mentres que o Concello achegará o 30 % restante. O prazo de execución previsto é de oito meses e o acordo estará vixente ata finais de 2026.

A través deste tipo de iniciativas, a administración autonómica busca reforzar o papel dos núcleos rurais como centros de servizos e dinamización social, contribuíndo a un desenvolvemento equilibrado do territorio galego.

O pleno aprobou mocións sobre estradas e actividades económicas

O pleno do Valadouro aprobou por unanimidade mocións centradas no estado das infraestruturas viarias e na regulación de actividades económicas. Destacou a iniciativa do grupo socialista sobre a estrada autonómica LU-161, que presenta fochancas, ausencia de sinalización e cunetas en mal estado. A moción insta á Xunta de Galicia a realizar arranxos, mantemento e melloras de drenaxe.

Tamén se aprobou a proposta do PP para a reparación da estrada LU-P-6305 na parroquia do Cadramón e se informou sobre o derrubamento na LU-P-0101, que se resolverá coa construción dunha escollera unha vez permitan as condicións meteorolóxicas.

O BNG aprobou a modificación da ordenanza de actividades extractivas de madeira, introducindo fianzas para garantir a reparación de posibles danos nas vías. O grupo socialista destacou a importancia da industria forestal, pero subliñou que o sistema de fianzas asegura que os custos de mantemento non recaian sobre os recursos públicos, sempre acompañado dunha supervisión municipal eficaz.

O Tecor de O Valadouro inicia unha nova etapa con renovación de directiva



O Tecor de O Valadouro, que atravesou un período de incerteza tras a dimisión da antiga xunta directiva por falta de implicación dos socios, iniciou unha nova etapa coa elección dunha nova directiva. A pasada asemblea reuniu á única candidatura presentada, encabezada polo alfocense César Marrube Novo, que estará ao fronte do colectivo durante os próximos catro anos.

Marrube substitúe a Tino Paleo, que presidiu o Tecor durante once anos, e estará acompañado por Adrián como vicepresidente, Francisco como secretario, Rubén como tesoureiro e os vogais Jacobo, Arón e Carlos.

A sociedade, cunha economía saneada e sen débedas, segue

mantendo unha ampla aceptación entre os afeccionados á caza de O Valadouro e Alfoz, especialmente durante os fins de semana, tanto na caza do xabaril como na caza menor.

Os novos responsables teñen agora o desafío de reforzar a implicación dos socios e consolidar a continuidade dunha entidade que forma parte da vida social e deportiva da comarca desde hai máis de seis décadas.

A aposta da nova directiva céntrase en manter vivas as tradicións cinexéticas e en asegurar a transición ordenada da xestión, garantindo que o Tecor continúe sendo un punto de referencia para os amantes da caza na zona.

O Cadramón celebrará a I Festa da Primavera cun xantar popular e música

A parroquia do Cadramón, no concello do Valadouro, acollerá o vindeiro domingo 26 de abril a primeira edición da Festa da Primavera, unha iniciativa promovida pola Asociación de Veciños do Cadramón co obxectivo de dinamizar a vida social da zona e ofrecer unha xornada de convivencia aberta a veciños e visitantes.

A celebración desenvolverase no campo da festa do Cadramón e contará cun programa pensado para prolongarse ao longo de toda a xornada, combinando gastronomía tradicional e música en directo. A organización instalará ademais unha carpa no recinto para garantir o desenvolvemento das actividades con independencia das condicións meteorolóxicas.

A programación comezará ás 14:00 horas coa sesión vermú, que estará amenizada polo Dúo Caramelo. A música acompañará aos asistentes nun ambiente festivo que servirá de antesala ao xantar popular previsto para as 15:00 horas.

O menú estará composto por pra-

tos típicos da gastronomía galega, incluíndo callos, churrasco de porco, chourizo roxo e criollo con patacas, ademais de sobremesa, café e choppo. O prezo do xantar será de 35 euros por persoa.

As persoas interesadas en participar na comida deberán realizar a súa reserva antes do 20 de abril, contactando cos teléfonos facilitados pola organización. Desde a asociación veciñal lembran a importancia de anotarse con antelación para facilitar a planificación do evento.

A festa continuará durante a tarde cun baile novamente amenizado polo Dúo Caramelo, que se encargará de poñer ritmo á xornada e manter o ambiente festivo no recinto.

Con esta proposta, a Asociación de Veciños do Cadramón busca consolidar unha nova cita festiva no calendario local, apostando por unha actividade que combine tradición, gastronomía e música para fomentar a participación da veciñanza e reforzar os lazos de convivencia na parroquia.

VIA Alfoz denuncia a falta de persoal no servizo de Correos

A Dirección Executiva de VIA Alfoz manifestou a súa preocupación polo estado do servizo postal que presta a oficina de Correos de Ferreira do Valadouro, do que depende o reparto en Alfoz. Segundo a formación, a problemática non é recente e continúa prolongándose, dificultando o funcionamento normal dun servizo esencial no medio rural.

No pleno municipal de xaneiro, VIA Alfoz presentou unha moción en defensa do Servizo Postal Universal, aprobada por unanimidade, advertindo do risco de perda de efectivos nun territorio disperso e con moita poboación maior que depende deste servizo. Recentemente, transcendeu a posible supre-

sión dunha praza na quenda de mañá, coñecida como “circular catro”, que, aínda que non figura administrativamente eliminada, na práctica non está cuberta. A isto súmase a baixa laboral dunha das carteiras durante catro meses, o que deixa só dous traballadores para cubrir un servizo pensado para catro, xerando sobrecarga e dificultando o reparto en Alfoz e O Valadouro.

VIA Alfoz subliña que se trata de garantir un servizo público universal, ligado á cohesión territorial e á igualdade de dereitos, e insta á cobertura inmediata das prazas e substitución das baixas, mostrando tamén apoio ao esforzo do persoal que actualmente manteña o servizo.

Riotorto: Clemente Iglesias González

“O meu obxectivo é seguir tendo o apoio e recoñecemento dos meus veciños e seguir sendo alcalde”



O alcalde de Riotorto destaca por impulsar proxectos sociais, deportivos e culturais que melloran a vida dos veciños, mantendo un Goberno próximo e dialogante

Como se vinculou ao seu partido?

No ano 207 afilieime o Partido Popular da man do alcalde Castrín, estiven axudándolle moitos anos dende que entrei no concello no ano 1999. No ano 2011 presentei por primeira vez como candidato a Alcaldía, non obtendo a maioría absoluta por tan só 3 votos. Esa derrota fíxome aínda máis forte e seguí loitando para gañar a confianza da xente, cousa que conseguín no ano 2015 accedendo a Alcaldía.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno?

Pois a verdade é que perdes tempo de estar cos teus, de facer cousas na casa pero intento compaxinar a enorme dedicación que tes na alcaldía cos compromisos, actos políticos e estar coa familia e amigos.

E beneficios?

Síntome con unha enorme satisfacción cando consigo levar proxectos adiante que demanda a cidadanía. Proxectos que melloran o día a día da poboación, máis e mellores servizos, en definitiva e gratificante poder axudar a que os veciños e veciñas de Riotorto teñan unha mellor calidade de vida.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

A política local é moi difícil xa que estas en contacto directo a diario coa xente, pero tamén é a máis agradecida, estou cómodo e sei desenvolverme ben neste terreo. A proximidade, a honestidade e a insistencia en pedir recursos son valores que me caracterizan e que a xente o final valora. Son moi teoz e ata que o consigo non paro. O meu obxectivo é seguir tendo o apoio e recoñecemento dos meus veciños e seguir sendo alcalde do meu pobo, que é o que me gusta.

E como Goberno de cara á próxima lexislatura?

Poñer en marcha e en funcionamento a residencia da terceira idade, que

agora mesmo está en construción. 37 veciños/as de Riotorto poderán dispoñer deste servizo tan demandado e que xerará en torno a 15 empregos directos e unha actividade económica en torno a este recurso.

Está a favor dos pactos para conformar un Goberno estable?

Penso que son unha persoa dialogante e que podería chegar a acordos si foran necesarios con outros grupos políticos, intento sempre buscar o máximo benestar para o pobo independente de quen propoña eses proxectos. Defendo e defenderei os intereses dos meus veciños por encima das siglas.

A veces a oposición é boa para facer propostas e proxectos benéficos para o territorio pero sinceramente si me dan a escoller prefiro gobernar cos meus concelleiros en maioría absoluta.

Cales son as principais liñas do seu programa?

O pilar fundamental do noso programa son os servizos sociais e asistenciais, a posta en marcha da residencia da terceira idade, mellorar e incrementar os servizos de axuda no fogar, servizos de podoloxía, nutrición.... E de conciliación familiar.

A mellora dos accesos aos núcleos de poboación, xerar emprego, a mellora de locais sociais, proxectos de saneamento e abastecemento, promoción turística do municipio e poñer en valor os produtos da zona son os nosos obxectivos na vindeira lexislatura.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

As demandas fundamentais son as relacionadas coa terceira idade, un bo servizo de SAF a residencia de maiores e outros recursos postos a disposición deste colectivo.

A mellora das vías municipais, a prestación de servizos básicos (luz pública, auga e saneamento e a promoción turística do municipio e



a posta en valor dos nosos artesáns e dos produtos da zona.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

Sen dúbida, hai varios que marcaron unha diferenza importante para a nosa comunidade. Primeiro, conseguir o financiamento necesaria para construír en Riotorto unha residencia da terceira idade con 37 prazas, un proxecto que dá respostas reais ás necesidades da poboación maior. Tamén estou orgulloso da posta en marcha da Casa Niño e das dúas Casas do Maior, que amplían os servizos sociais e fomentan a convivencia interxeracional. No ámbito deportivo, resáltanse a mellora da pista

de pádel, da pista multideporte e do ximnasio municipal gratuito, que animan á veciñanza a practicar deporte e manter hábitos saudables. A mellora das estradas municipais, co 75 % das pistas en aglomerado, facilitou o acceso aos distintos núcleos. Ademais, a rede de centros veciñais, incrementada ata 11 escolas con mellores locais e servizos culturais e deportivos, a rehabilitación de tres vivendas de mestres para alugueiro social e a mellora e sinalización das rutas de sendeirismo (muiños, ruta do ferro e Galegos) son proxectos que tamén considero fundamentais e que reflicten o compromiso coa calidade de vida no municipio.

“A política local é moi difícil, xa que estás en contacto directo a diario coa xente, pero tamén é a máis agradecida”

DATOS

HABITANTES: 1.182.
PARROQUIAS: 8.
EXTENSIÓN: 66,33 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Mondoñedo.
CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PP e 3 do BNG.
ALCALDE: Clemente Iglesias González do Partido Popular.
VOCEIRA BNG: Vanesa Gómez Lourido.

“Sen dúbida, os proxectos que máis me enchen de orgullo son a residencia da terceira idade, a Casa Niño e as dúas Casas do Maior”

EN CLAVE PERSOAL

Idade, estado civil e familiar.

50, casado e con 2 fillas.

Profesión e formación.

Licenciado en Economía Financeira.

Que quería ser de cativo?

Futbolista ou médico.

Que fai para desconectar?

Comer cos meus amigos e familia.

Unha virtude e un defecto.

Honestidade, humildade, responsabilidade e proximidade. Ser a veces algo impulsivo.

Un consello para compartir.

Nunca usar a violencia, e en caso de discusión, ser educado e nunca chegar as mans.

Un libro.

Don Quixote.

Unha película.

Titanic.

Un grupo de música.

Camela.

Unha afección.

Facer sendeirismo.

Un lugar que visitar.

Conxunto etnográfico do Mazo da Fraga.

Unha comida e unha bebida.

Ovos fritos con patacas e Coca Cola.

Unha personaxe admirada.

Bill Gates.

Unha posesión prezada.

Os valores que me inculcaron.

Un desexo.

Paz no mundo.

Algo para esquecer.

Os conflitos mundiais e as guerras.

Que é o que máis valora nunha persoa?

Sinceridade e responsabilidade.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Cando me acompaña a familia en actos públicos nos que participo.

Usa redes sociais e WhatsApp?

Si, Whasapp e Facebook.

Un desafío pendente.

Contentar a toda a xente coas decisións e proxectos que se realizan.

Onde se ve en cinco anos?

Gustaríame verme como alcalde do meu pobo.

Riotorto celebra o 19 de abril a XVII Feira de Artesanía do Ferro

O domingo 19 de abril, Riotorto acollerá a décimo sétima edición da Feira de Artesanía do Ferro, unha xornada dedicada á difusión dos oficios tradicionais da forxa e á dinamización cultural e social do municipio. A feira desenvolverase ao longo de todo o día cun programa variado que combina demostracións artesás, música, espectáculos e actividades para todas as idades.

A apertura oficial do recinto terá lugar ás 11.00 horas, permitindo visitar a exposición de artesanía local xunto con postos de outros artesáns e produtos do campo. Ás 11.15 comezarán as demostracións de oficios tradicionais, entre os que se inclúen cristal tallado, olaría, cestería, torneado de madeira e pirogravado, ofrecidas por artesáns especializados de diferentes lugares.

Ás 12.00 horas actuará o coro de Riotorto e, a continuación, ás 12.15, celebrarase a inauguración oficial da feira co pregón de Luis Iglesia Besteiro, actor galego nado no concello. Ás 12.30 comezará a demostración en vivo da artesanía do ferro, na



que participarán mestres ferreiros locais e invitados, como Friedrich Brasmsteidl e Alberto Leis, así como centros especializados procedentes de Navarra, Santiago, A Fonsagrada e Culleredo. O público poderá observar todo o proceso tradicional, desde o quecemento na forxa ata o modelado das pezas.

A programación inclúe tamén un obradoiro infantil de ferro, música da Charanga 555 de Lugo e animación itinerante con lume e malabares a cargo de Nano Rivas. Xa pola tarde, ás 16.30, continuará a animación musical e con espectáculos

de lume, seguida ás 17.00 polas demostracións de oficios de ferreiros e artesáns convidados. A xornada rematará ás 19.00 horas cun espectáculo infantil do Mago Lolo no atrio da igrexa.

Durante todo o día, os gaiteros de Riotorto e a Charanga 555 manterán a animación musical, mentres que o recinto feiral permanecerá cuberto e ofrecerá degustacións de polbo e outros produtos gastronómicos, convertendo a feira nun punto de encontro da veciñanza e visitantes arredor da tradición artesanal do ferro.

Convocada a novena edición do concurso de debuxo e poesía Avelino Díaz

Os concellos de Meira e Riotorto veñen de convocar a novena edición do Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, aberto a toda a poboación e co obxectivo de lembrar a figura deste representante da cultura na zona.

O concurso dividirase en catro categorías de idade, de 3 a 8 anos, de 9 a 12, de 13 a 17 e de 18 en adiante. Os máis pequenos só terán categoría de debuxo e os maiores de idade a de poesía e relato curto. Para o resto só será a de poesía.

No apartado de debuxo, poderán presentarse obras en formato e temática libre, mais os poemas e o relato curto deberán estar escritos en galego, cunha extensión no segundo caso de entre 1 e 6 folios. Poderán presentarse ata tres poemas.

O prazo de presentación é ata o 17 de maio e o lugar de recollida de traballos é a Asociación Avelino Díaz de Meira. Establécense tres gañadores en cada categoría. Para os máis pequenos os agasallos se-



rán de diplomas, lotes de material escolar ou libros. O gañador na categoría de 9 a 12 anos recibirá un libro electrónico, o da seguinte categoría unha tableta e os adultos terán un premio económico de 500 euros para poesía e tamén para relato.

O fallo do xurado darase a coñecer en xuño e a entrega do mesmo terá lugar o día 19 do mesmo mes, ás 19.00 horas, no salón de plenos do Concello de Meira.

lourenzá

PP e Concello enfrontados polo funcionamento dos servizos

O Partido Popular elevou as súas críticas contra o goberno provincial da Deputación de Lugo, integrado por PSOE e BNG, ao que acusa de non prestar a asistencia técnica necesaria ao Concello de Lourenzá, dificultando o funcionamento ordinario da administración local. Segundo os populares, a ausencia da figura de secretario-interventor impide realizar tarefas básicas, incluída a convocatoria dos plenos, sen celebrarse desde novembro, o que xera “unha situación de bloqueo institucional que afecta directamente á veciñanza”.

O portavoz provincial do PP, Antonio Ameijide, sinalou que esta falta de colaboración supón “unha vulneración dos principios máis básicos da democracia” e advertiu que o Concello non debería atopar impedimentos para convocar sesións plenarias, xa que a Deputación ten a responsabilidade de garantir a cobertura temporal dos servizos de secretaría e intervención. Ademais, asegurou que esta situación podería favorecer ao goberno municipal,



permitindo á alcaldesa esquivar o control da oposición e atrasar a aprobación dos orzamentos, que seguen prorrogados do ano anterior. Con todo, a alcaldesa de Lourenzá, Rocío López García, negou estas acusacións e afirmou que a Deputación Provincial asignou de inmediato un secretario-interventor temporal, permitindo ao Concello continuar coas súas tarefas administrativas con normalidade. López García cualificou de “falsas” as informacións difundidas polo PP e lamentou que se utilicen con fins políticos en lugar

de buscar solucións.

A rexedora subliñou que a cobertura administrativa recibida é fundamental para avanzar nos trámites pendentes e garantir o correcto funcionamento dos servizos municipais. Agradeceu a colaboración da Deputación e do seu departamento de Cooperación cos Concellos, ao tempo que asegurou que o goberno local traballa para retomar canto antes a celebración dos plenos, mantendo disposición ao diálogo con todos os grupos políticos e informando á veciñanza “con rigor e transparencia”.

O Concello impulsa un servizo de nutrición e abre a preinscrición na Casa Niño

O Concello pon en marcha un novo servizo de nutrición dirixido a toda a poboación, co obxectivo de mellorar os hábitos alimentarios e atender distintas necesidades de saúde relacionadas coa alimentación. A iniciativa desenvolverase nas instalacións municipais e contará coa atención da nutricionista clínica Mónica Rodríguez Portela.

Este servizo está orientado a persoas con enfermidades crónicas ou situacións clínicas complexas, así como a pacientes con diabetes, resistencia á insulina ou síndrome metabólico. Tamén se ofrecerá asesoramento para casos de hipertensión, problemas de colesterol, trastornos dixestivos e situacións de dor crónica, inflamación ou fatiga persistente.

Ademais, o programa inclúe apoio na educación alimentaria e na relación coa comida, prestando especial atención a persoas con longa traxectoria de dietas restritivas e efectos rebote. A próxima sesión terá lugar o mércores 22 de abril, cun horario de atención de 10:00 a 14:00 horas. Para acceder ao

servizo será necesario solicitar cita previa a través dos servizos sociais municipais.

O prezo establécese en 20 euros por sesión, aínda que o servizo está cofinanciado polo propio Concello de Riotorto, facilitando así o acceso a un maior número de persoas.

CASA NIÑO. A Casa Niño A Croa abriu o prazo de preinscrición para o vindeiro curso. Dito prazo permanecerá aberto ata o 17 de abril e para poder facer a reserva pode contactarse co centro a través de Facebook, no propio edificio, situado na praza das Rodrigas, nos baixos da Casa Consistorial, ou contactar con Azurine no 660 778 459 ou no correo casanidoacroa@gmail.com. A Casa Niño A Croa é un espazo educativo de atención á infancia dirixido a nenos con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos, mediante o cal se facilita a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. Ten un máximo de cinco prazas e é un proxecto con carácter gratuito na modalidade de atención diúrna de luns a venres.

O Vicedo celebra a súa XVI Ruta de Pinchos con dúas fins de semana cheas de sabor

O Vicedo volverá converterse nun punto de encontro para os amantes da gastronomía coa celebración da XVI edición da Ruta de Pinchos, unha cita xa consolidada que dinamiza a vida social e económica do municipio. O evento desenvolverase en dúas fins de semana, os días 17 e 18 e tamén o 24 e 25 de abril, ofrecendo unha ampla variedade de propostas culinarias a prezos accesibles.

Nesta nova edición participan diferentes establecementos hostaleiros repartidos polas parroquias, o que permite achegar a iniciativa a distintos puntos do concello. Durante a primeira fin de semana, os asistentes poderán degustar creacións en locais de San Román, Suegos e Folgueiro, mentres que na segunda quenda sumarase negocios do núcleo urbano e doutras zonas como Xilloi.

A ruta busca non só promover a creatividade na cociña en pequeno formato, senón tamén incentivar o consumo local e favorecer a actividade dos bares e restaurantes nunha época clave para o sector. Cada establecemento elaborará un pincho especial co que intentará conquistar o padal dos clientes, que terán un papel protagonista na elección do mellor.



O público poderá participar activamente mediante votación, escollendo o seu pincho favorito. Entre todas as persoas que depositen o seu voto sortearanse dous pequenos electrodomésticos, mentres que o establecemento gañador recibirá o recoñecemento ao mellor pincho desta edición.

O prezo establecido para cada proposta será de 4 euros, o que facilita que veciños e visitantes poidan realizar un percorrido completo polos locais participantes. Deste xeito, o Concello continúa apostando por iniciativas que combinan ocio, gastronomía e promoción do territorio, consolidando a Ruta de Pinchos como unha das citas máis esperadas do calendario local.

O municipio celebrará o 30 de maio a XI Ruta Cabalar

O municipio do Vicedo acollerá o vindeiro 30 de maio a XI Ruta Cabalar, unha cita xa consolidada entre afeccionados ao mundo ecuestre e ás actividades ao aire libre. A iniciativa está organizada pola Asociación de Cabaleiros Rías Altas – O Vicedo, coa colaboración do Concello e de diversos establecementos e entidades da zona.

A xornada dará comezo ás 10.00 horas, momento no que está prevista a saída desde o Mesón O Remo, situado na Casa da Cultura, punto de encontro para os participantes que tomarán parte neste percorrido a cabalo polos arredores do municipio. A actividade pretende reunir a amantes dos cabalos procedentes tanto do propio concello como doutras localidades da contorna, nunha proposta que combina deporte, natureza e convivencia. Ao longo da mañá, os xinetes realizarán un itine-

rario pensado para gozar da paisaxe e compartir unha xornada de encontro entre afeccionados ao ámbito ecuestre.

Tras o remate do percorrido, os participantes poderán asistir ao xantar de confraternidade, programado para as 15.00 horas. O prezo establecido é de 30 euros por persoa, mentres que os menores de 13 anos pagarán 15 euros. A organización tamén anuncia que a comida estará amenizada por un dúo musical, co obxectivo de prolongar o ambiente festivo da xornada.

As persoas interesadas en participar poderán realizar a súa inscrición ata o 28 de maio, contactando cos teléfonos habilitados pola organización. Desde a entidade organizadora lembran ademais que cada xinete deberá responsabilizarse dos posibles danos ocasionados polo seu cabalo durante a actividade.

Novas obras peonís humanizan a rúa Francisco Vilasuso

A rúa Francisco Vilasuso de O Vicedo presenta xa unha nova imaxe tras as obras executadas ao abeiro do Plan Hurbe, unha intervención que permitiu renovar os itinerarios peonís e humanizar un dos puntos máis transitados do casco urbano. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, supervisou os traballos realizados en virtude do convenio asinado o pasado mes de xullo entre a Xunta e o Concello.

A actuación centrouse especialmente na mellora da accesibilidade e da comodidade para as persoas viandantes. Na rúa Francisco Vilasuso reorganizáronse os espazos de paso, ampliando e adecuando o percorrido peonil para facelo máis seguro e funcional. Ademais, instalouse novo mobiliario urbano co obxectivo de crear unha contorna máis agradable e acolledora.

Trátase dunha zona especialmente relevante para a vida diaria do municipio, xa que nela se concentran servizos como a Casa da



Cultura, a escola infantil e un parque, converténdoa nun punto de encontro habitual para familias e veciñanza. A mellora destes espazos supón, polo tanto, un avance significativo na calidade urbana e na seguridade dos desprazamentos a pé.

O proxecto completouse con actuacións puntuais na travesía da Mariña, na parroquia de Santo Estevo, onde tamén se habilitou un pequeno itinerario accesible e se incorporou mobiliario urbano na

contorna do cruce cara á igrexa e ao cemiterio.

O investimento global das intervencións ascendeu a arredor de 50.000 euros, financiados a través do Plan Hurbe, programa co que a Xunta colabora cos concellos para mellorar espazos públicos. A conselleira destacou que este tipo de actuacións contribúen a reforzar o atractivo das vilas, apoiar o comercio local e favorecer a fixación de poboación, especialmente en contornas rurais.

A segunda edición de “Escoitámosvos” recollerá propostas

O PSdeG do Vicedo pon en marcha a segunda edición da iniciativa “Escoitámosvos”, un proxecto de participación cidadá que busca manter un contacto directo coa veciñanza das distintas parroquias. O grupo socialista pretende achegar a política municipal á vida cotiá, escoitando de primeira man preocupacións, demandas e suxestións, e fomentando un diálogo permanente baseado na transparencia e na presenza activa sobre o terreo.

Na primeira rolda de encontros abordáronse cuestións relacionadas cos servizos públicos, o estado das infraestruturas, a limpeza de espazos comúns, a seguridade viaria e outras necesidades detectadas en cada parroquia. As achegas recollidas permitiron trasladar ao Pleno municipal propostas concretas para mellorar a calidade de vida no concello.

Con esta nova fase, o PSdeG reafirma a súa aposta por unha oposición útil e construtiva, centrada nas persoas e nas solucións, animando á veciñanza a participar activamente e lembrando que “escoitar é o primeiro paso para mellorar”.

Mocións históricas do PSdeG e iniciativas do BNG saen adiante con emendas



O último pleno de marzo, aprobou diversas iniciativas centradas na mellora dos servizos e das infraestruturas locais, nunha sesión marcada polo protagonismo das propostas da oposición e polas emendas introducidas polo goberno municipal.

Entre os acordos máis destacados figura a aprobación dunha moción do PSdeG para reforzar a sinalización das parroquias, unha demanda histórica da veciñanza que busca facilitar a localización de vivendas, o acceso a servizos básicos e unha mellor ordenación do territorio. A proposta foi aprobada, aínda que modificada polo executivo local.

Na mesma sesión tamén se deu luz verde á creación dun novo parque público entre as rúas Francisco Vilasuso e do Porto. A iniciativa, im-

pulsada polo BNG, saíu adiante tras unha emenda á totalidade do goberno, que alterou o contido inicial do proxecto.

Durante o pleno, os socialistas trasladaron distintos rogos e preguntas sobre cuestións como o estado da LU-862, a recollida de plásticos agrícolas, o mantemento de infraestruturas ou a situación de servizos municipais. Pola súa banda, o BNG puxo o foco na seguridade viaria, os cortes de subministración eléctrica e outras demandas veciñais.

Ambos grupos criticaron a práctica habitual do goberno de modificar as propostas da oposición, aínda que reiteraron o seu compromiso de seguir trasladando ao pleno as necesidades da cidadanía.

DEPUTACIÓN

A presidenta reúne con Rueda e presenta un decálogo de medidas

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, unha reunión institucional co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, no despacho presidencial de San Caetano, nun encontro que se prolongou durante case dúas horas e no que se abordaron os principais retos e necesidades da provincia.

A reunión fora solicitada pola presidenta no mes de xaneiro, coincidindo co inicio do seu mandato á fronte da institución provincial, co obxectivo de establecer unha canle directa de diálogo e cooperación entre ambas administracións.

Durante a xuntanza, Carmela López fixo entrega ao presidente da Xunta do documento Decálogo para o futuro da provincia de Lugo, no que se recollen dez liñas estratéxicas orientadas a reforzar os servizos públicos, apoiar o municipalismo e impulsar o desenvolvemento económico e social do territorio.

Este documento estrutúrase arredor de ámbitos clave como a administración local, os servizos sociais, as infraestruturas, a sanidade, a educación, o ámbito universitario, a política industrial, a vivenda, o transporte público e a prevención de lumes.

No ámbito institucional, a Deputación trasladou as alegacións presentadas ao anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia, incidindo na necesidade de revisar en profundidade o texto para garantir o respecto á autonomía local. Neste sentido, a presidenta advertiu de que o actual anteproxecto amplía as obrigas e competencias dos con-



cellos e deputacións sen incorporar un financiamento suficiente, o que pode comprometer a súa capacidade de actuación. Así mesmo, puxo o acento na importancia de definir con claridade as competencias municipais e de garantir un modelo de financiamento estable, transparente e adaptado á realidade do territorio. López trasladou aos medios de comunicación a boa acollida que tiveron as alegacións da Deputación ao anteproxecto, “agradeceu o ton construtivo das nosas propostas e o presidente comprometeuse a fixar un novo encontro Xunta-Deputación despois da Semana Santa para analizar as alegacións presentadas por nós nese sentido”.

En materia de servizos sociais, López puxo en valor a rede pública provincial de centros de atención a maiores, que proxecta 18 residencias que supoñen máis de 650 prazas e centos de empregos directos, e trasladou a

necesidade de que a Xunta participe no seu financiamento ou as integre na rede autonómica. “Rueda dixo un non rotundo a colaborar coas nosas residencias ata que a Xunta de Galicia non teña rematado o seu plan de residencias, pero as competencias de servizos sociais son da Xunta e non pode esquecerse”.

Así mesmo, incidiu na situación do Servizo de Axuda no Fogar, no que o incremento de custos está a recaer de maneira crecente nos concellos, polo que se solicitou a actualización dos módulos autonómicos para garantir a súa viabilidade.

No ámbito das infraestruturas, abordáronse proxectos estratéxicos para a provincia, como a VAC Costa Norte na Mariña, a Rolda Leste de Lugo ou a autovía Nadela-Monforte. Tamén se expuxo a conveniencia de transferir á Xunta aquelas estradas provinciais que cumpren unha función de vertebración autonómica.

O Pleno valora os 25,5 millóns de euros do Plan Deputación

O Goberno provincial levou ao Pleno ordinario do mes de marzo o debate e aprobación da relación de actuacións e proxectos que poderán levar a cabo os 67 concellos de Lugo ao abeiro do Plan Deputación 2026. Esta ferramenta, que é o principal instrumento de cooperación cos municipios da institución provincial, impulsará este ano con 25,5 millóns de euros de fondos públicos: 300 actuacións, 274 novos postos de traballo e máis de 200.000 horas de axuda no fogar para 2.000 persoas.

A Deputación achega a este Plan un total de 22,25 millóns de euros, unha cantidade coa que o Goberno provincial reforza o seu compro-

miso de cooperación cos concellos para que poidan manter e mellorar a prestación de servizos á cidadanía. O Plan Deputación, que conta tamén cunha aportación de 3,26M€ dos concellos, ten tres eixos importantes: investimentos, servizos sociais e emprego.

Este programa responde ás necesidades concretas de cada municipio, reforzando a súa autonomía e responsabilidade. Ademais, garante unha distribución dos fondos transparente e baseada en criterios obxectivos, favorecendo así a equidade e o desenvolvemento equilibrado do territorio. O reparto baséase na ponderación dos concellos en

canto a poboación (40%); núcleos de poboación (25%), superficie (20%), ou o envellecemento da poboación (15%), cun límite por municipio dun mínimo de 150.000€ e un máximo de 600.000€.

A aprobación en decembro das bases e do reparto municipal permitiu ás entidades locais planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, de forma que poden aproveitar mellor estes recursos. De feito, este é o sexto ano consecutivo que o Executivo provincial saca adiante o reparto deste programa no exercicio anterior ao seu período de vixencia.

Investirá nas Reservas da Biosfera 340.000 euros

A Xunta de Goberno aprobou unha nova edición das axudas dirixidas ao tecido asociativo das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses. A institución provincial destinará 340.000€ a entidades sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade nestes territorios, a través de diferentes convocatorias. Así o deu a coñecer o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a reunión semanal.

Rivera Capón explicou que estas axudas enmárcanse no compromiso da Deputación coa conservación e dinamización socioeconómica das Reservas da Biosfera e que se convocarán dúas liñas de axudas para investimentos e outras dúas para actividades, como xa se fixo o pasado ano.

As accións encamiñadas a promover a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios contarán cun orzamento total de 150.000€: 100.000€ para repartir en proxectos que se enmarquen en Terras do Miño e outros 50.000€ para iniciativas que

se desenvolvan nos Ancares. Os solicitantes poderán recibir unha achega económica de entre 2.000 e 12.000€ - con posibilidade de anticipo de ata o 50% - para destinar á reposición de sendas e camiños; conservación de elementos culturais e etnográficos como hórreos, pallozas ou muíños; proxectos que promovan a divulgación do patrimonio das Reservas; ou para fomentar o emprego e a produción local tradicional.

As actividades relacionadas co lecer saudable e a educación ambiental contarán un ano máis cun total de 190.000€: 120.000€ a repartir entre os colectivos que propoñan iniciativas no marco das Terras do Miño; e outros 70.000€ para propostas que teñan lugar nos Ancares Lucenses. Os solicitantes poderán pedir, novamente, entre 1.000€ e 7.000€ por cada proxecto. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación das axudas no Boletín Oficial da Provincia, prevista para despois da Semana Santa.

O PSdeG defende a autonomía local, a paz e o dereito internacional

O Grupo Socialista defendeu no Pleno dúas iniciativas centradas na defensa do municipalismo e dos servizos públicos, así como no compromiso coa paz e co dereito internacional. Por unha banda, presentou unha proposta de Goberno en defensa da autonomía local e do financiamento dos concellos e deputacións fronte ao anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia impulsado pola Xunta; e, pola outra, levou unha moción en defensa da paz e da resolución diplomática dos conflitos.

A primeira das iniciativas aborda o anteproxecto de Lei de Administración Local impulsado pola Xunta, que o PSdeG considera que “lonxe de fortalecer o municipalismo, debilita a autonomía dos concellos e das deputacións, amplía as súas obrigas sen financiamento e incrementa o control da Xunta sobre as entidades locais”.

O Grupo denuncia que o texto nace con importantes deficiencias, tanto no procedemento de elaboración,

ao omitir a consulta pública previa e as memorias económicas preceptivas; como no seu contido, ao introducir cambios que afectan directamente á capacidade de autogoberno das entidades locais.

A segunda iniciativa é unha moción en defensa da paz e do dereito internacional ante a escalada en Oriente Medio, unha situación que, segundo explica Pilar García Porto, “non pode resultarnos allea, nin como persoas, nin como galegas e galegos”.

Subliña o alto custo humano, social e económico dos conflitos armados e advirte que as súas repercusións globais tamén afectan a territorios como a provincia, co seu marcado carácter gandeiro. Lembran que Lugo xa “sufriu dun xeito agudo as consecuencias da guerra de Ucraína sobre os prezos do diésel ou das forraxes” e alertan de que “un novo incremento do prezo do combustible ou o peche de rutas comerciais fundamentais pode ser un novo golpe importante para a nosa economía”.

DEPORTES

Burela acollerá a sexta edición do Enduro Monte Castelo



A vila de Burela converterase o vindeiro mes de abril nun referente do ciclismo de montaña coa celebración da sexta edición do Enduro Monte Castelo, unha cita deportiva que volverá reunir a participantes de diferentes niveis e idades nun percorrido esixente e atractivo.

A competición terá lugar o 19 de abril, con saída prevista ás 18:30 horas, e contará cun límite de 300 corredores. A recollida de dorsais realizarase o día anterior, o 18 de abril, en horario de tarde, entre as 15:00 e as 20:30 horas.

Organizada polo club Cerezo Bikes, a proba inclúe un amplo abano de categorías que van desde cadete ata elite, pasando por júnior, sub-23, máster e tamén modalidades femininas, ademais da opción para cicloturistas.

No que respecta ás inscricións, estas deberán formalizarse a través da web da Federación antes do 12 de abril. O custo será de 50 euros para persoas federadas e de 65 euros para aquelas que non contan con licenza, condición que tamén se aplica aos cicloturistas, que participarán cunha licenza de día. Desde a organización lembran que non se admitirán inscricións o mesmo día da proba.

Entre os aspectos destacados da cita figura a comida gratuíta para os corredores, sempre que dispoñan do correspondente ticket, así como a obrigatoriedade de que os participantes sen licenza federativa se inscriban na categoría amateur. Esta modalidade permitirá competir tanto con bicicletas convencionais como eléctricas.

Trabada e Oourol apostan polo motor como reclamo turístico

Os concellos de Trabada e Oourol converteranse nos vindeiros meses en escenario de dous eventos dedicados ao mundo do motor que buscan consolidarse como referentes de lecer na comarca, reunindo tanto a afeccionados ás motocicletas como aos vehículos clásicos en xornadas abertas á participación veciñal e á chegada de visitantes.

En Trabada, o Motoclub A Cadeira organiza entre os días 19 e 21 de xuño de 2026 a segunda edición da súa concentración moteira, que terá como epicentro a explanada do parque. O programa arrancará o venres pola tarde coa apertura das inscricións e a posterior recollida para a cea das persoas participantes. A noite incluírá unha subida ao monólito da Cadeira e rematará cunha verbena amenizada por diferentes formacións musicais.

O sábado concentrará a maior parte das actividades, cunha xornada que comezará pola mañá coa continuidade das inscricións e unha sesión vermú. Ao longo do día haberá propostas gastronómicas e de lecer, entre as que destacan como novidades os simuladores de pilotaxe de Moto GP e unha exhibición de acrobacias sobre moto protagonizada por unha rider profesional. A programación completárase cunha cea popular e unha nova verbena



nocturna, antes dunha homenaxe na madrugada aos moteiros falecidos, un dos momentos máis emotivos da concentración.

O domingo desenvolverase nun ambiente máis relaxado, con almuerzo colectivo, unha ruta turística libre con parada para pincho, sorteos, entrega de premios e unha comida de despedida. A organización habilitará zona de acampada gratuíta, tanto cuberta como ao aire libre, ademais de *food trucks*, churrería, postos de merchandising e servizo de taxi para facilitar os desprazamentos.

Pola súa banda, Oourol acollerá o 18 de abril a segunda edición da Festa do Motor Clásico, unha cita organizada polo club de clásicos coa colaboración do Concello. A explanada

municipal converterase desde as 10:00 horas nun espazo de exposición de vehículos históricos, aberto ao público durante toda a mañá.

A xornada incluírá unha sesión vermú e unha verbena nocturna amenizadas polo grupo La Bamba e DJ Aron, que poñerán música a un evento pensado para prolongarse durante todo o día. Un dos principais atractivos será a comida popular, cun menú composto por callos, churrasco, sobremesa, café e chupo por 35 euros, con reservas abertas ata o 12 de abril.

Ambas iniciativas pretenden dinamizar a vida social e económica dos municipios, consolidando propostas que combinan motor, gastronomía e música nun ambiente festivo e participativo.

O Surf consolídase nas Escolas Deportivas de Barreiros

Por quinto ano consecutivo, o surf regresa ao programa das Escolas Deportivas Municipais de Barreiros coa posta en marcha da Escola Municipal de Surf para a tempada 2025/26, que comezará o 8 de abril na Praia de Coto. A iniciativa, presentada polo concelleiro de Deportes, Daniel García, xunto ao responsable de LA Academia del Surf, Luís Fernández, forma parte das seis actividades deportivas ofertadas polo Concello.

Dirixida a nenos e nenas nados entre 2009 e 2017, a escola continúa medrando en participación, atraendo tamén a alumnado doutros municipios. O programa busca fomentar hábitos saudables, impulsar o deporte base e poñer en valor as praias locais como espazos ideais para a práctica do surf. As inscricións xa están abertas nas oficinas municipais.

O gran mestre Liming Yue impartirá un curso de Tai Chi no pavillón de Ribadeo en xuño

O Concello de Ribadeo, en colaboración co Chen Style Tai Chi Center, organizará unha nova edición dun curso de Tai Chi de alto nivel impartido polo gran mestre Liming Yue. A actividade desenvolverase os días 27 e 28 de xuño, cunha posible ampliación os días 29 e 30 de xuño e o 1 de xullo.

Liming Yue iniciou a súa formación en artes marciais en China aos 11 anos, aprendendo de mestres destacados e especializándose tamén en Qigong Interno en lugares emblemáticos como o mosteiro da montaña Nanyue ou o parque forestal de Zhangjiajie. En 1995 fundou no Reino Unido o Centro de Tai Chi Estilo Chen, desde onde desenvolve unha ampla actividade

docente en Europa, impartindo seminarios, formando instrutores e elaborando materiais didácticos.

Ademais, colaborou con universidades como Leeds e Salford e foi recoñecido en 2009 como embaixador mundial da promoción do Tai Chi pola organización de Chenjiagou, pertencendo á décimo segunda xeración de mestres do estilo Chen.

O curso celebrarase no pavillón da rúa Alfredo Deaño e permitirá aos participantes perfeccionar a súa técnica nun entorno profesional. As persoas interesadas poden inscribirse ata o inicio da actividade, especialmente aquelas que non precisen aloxamento, dispoñendo de información a través da organización.

Éxito dos Troitas Bravas no V Aberto do Castiñeiro de Billarda



O campo de fútbol de Pacios acolleu unha nova proba da Liga Nacional de Billarda coa celebración do V Aberto do Castiñeiro, nunha xornada soleada marcada polo bo ambiente e a competitividade. Aínda que a participación foi moderada, o nivel foi elevado e moi igualado.

O equipo Troitas Bravas volveu liderar a clasificación por conxuntos, seguido de Carabullo e Madia

Leva. Na categoría absoluta, Sachas proclamouse vencedor, con Santi en segunda posición e Juan-ki terceiro. No apartado feminino, Nedi logrou o triunfo, Milagros foi segunda e Juncal terceira.

Na categoría infantil destacaron Mateo e Martín, dos Troitiñas, ocupando os primeiros postos. A próxima cita da Liga celebrarase en Riotorto o 12 de abril.

O CB Burela, unha historia de entrega, canteira e paixón

Rogelio Cayón repasa o pasado, o presente e os retos de futuro dun club que leva décadas formando xogadores e valores na vila mariñá

Por Ana Somoza.

O Club Baloncesto Burela é moito máis ca unha entidade deportiva. Así o transmite o seu presidente, Rogelio Cayón, ao facer un percorrido pola súa historia, marcada por etapas de crecemento, dificultades e unha constante: o compromiso coa base. Segundo explica, a semente do baloncesto organizado na vila remóntase a 1988, cando se crea a Agrupación Deportivo Cultural Burela impulsada por Carlos Rodríguez Costas. “Aquel proxecto empezou con cinco equipos federados de baloncesto e tamén con tres de fútbol sala”, lembra, destacando que xa desde o inicio había unha clara vontade de fomentar o deporte entre a mocidade.

Non obstante, o nacemento do actual club prodúcese uns anos despois. Cayón sinala que “no 1993 un grupo de pais decidiu dar un paso adiante para que os seus fillos puideran xogar ao baloncesto, e así naceu o Club Baloncesto Burela cos seus propios estatutos”. Aquele impulso foi clave para consolidar a práctica deste deporte na vila, aínda que o camiño non sempre foi continuo.

REACTIVACIÓN. Un dos momentos máis decisivos chegou en 2007. Tras varios anos sen actividade, unha nova directiva apostou por recuperar o club. “Nese ano inicial tivemos arredor de 40 nenos apuntados, e foi o punto de partida dunha nova etapa”, explica o presidente. Dende entón, o CB Burela mantivo unha presenza constante nas competicións da Federación Galega de Baloncesto.

Curiosamente, a nivel federativo o club segue figurando co nome da antiga agrupación. “Seguimos aparecendo como A.D.C. Burela, e persoalmente véxoo como unha homenaxe aos nosos inicios, aínda que nos estatutos xa somos Club Baloncesto Burela”, comenta Cayón, cun certo ton de orgullo pola historia acumulada.

DIFICULTADES. Como en moitos proxectos deportivos de base, os obstáculos foron e seguen sendo similares co paso do tempo. “Os problemas de agora son practicamente os mesmos que nos comezos: financiamento, dedicación e contar con xente suficiente, tanto xogadores como adestradores”, afirma. A realidade dun club modesto obriga a un esforzo cons-

tante por manter a actividade e garantir a continuidade.

A pesar diso, o CB Burela conseguiu consolidarse grazas ao traballo altruísta de moitas persoas. Cayón insiste en que “sen o compromiso dos adestradores e das familias sería imposible manter o club en funcionamento”, evidenciando o papel fundamental da comunidade.

SIGNIFICADO. Para a vila, o club representa unha oportunidade e tamén un espazo de aprendizaxe. “Significa dar aos rapaces e rapazas a opción de practicar un deporte bonito, pero tamén todo o que implica: compañeirismo, convivencia e valores”, destaca. Máis aló da competición, o CB Burela converteuse nun lugar onde medrar persoalmente.



O presidente tamén subliña o exemplo que supón o traballo dos técnicos: “É un exemplo de tesón e entrega por parte de xente que leva toda a vida vinculada ao club”. Esa continuidade é unha das claves do seu éxito e da súa identidade.

EVOLUCIÓN. Ao longo dos anos, o número de equipos variou en función das circunstancias. “Tivemos altibaixos, pero chegamos a un máximo na tempada 2022-23 con 13 equipos, cinco deles en liga galega, o que foi un récord para nós”, explica Cayón. Actualmente, a estrutura é máis reducida, con oito equipos, aínda que recuperaron a categoría sénior, un paso importante. Esta evolución reflicte a capa-

cidade do club para adaptarse e seguir adiante. “O importante é manter a actividade e seguir ofrecendo oportunidades á base”, engade.

FITOS. Entre os momentos máis destacados, Cayón lembra especialmente a organización do Campionato de España Xuvenil Feminino en 2017, en colaboración con outros clubs da comarca. “Foi unha experiencia única e podemos dicir que todo o mundo quedou encantado”, asegura. En canto aos logros deportivos, o presidente menciona varios títulos provinciais e un fito especialmente relevante: “O máis importante foi o campionato de Galicia en categoría preinfantil masculina na tempada 2021-22”. Un éxito que confirma o bo



e sen el o club non sería o que é hoxe”. Aínda que recoñece que nunca estivo só, considera que a súa implicación foi determinante.

CANTEIRA. A base é o verdadeiro motor do CB Burela. “A canteira é a nosa razón de ser”, afirma con rotundidade. Grazas a ese

“Manter un club como o noso require moito esforzo diario, moita dedicación e xente comprometida que crea no proxecto”

“A canteira non é só importante, é a base de todo o que somos; sen ela, o club non tería sentido nin futuro”

traballo, o club comeza agora a recoller os seus froitos coa recuperación de equipos sénior formados por xogadores que medraron na casa.

Os valores que intentan transmitir son numerosos: “traballo, esforzo, empatía, compañeirismo, igualdade...”, enumera Cayón, convencido de que o deporte é unha ferramenta educativa fundamental.

AFECCIÓN. O apoio do público tamén xoga un papel importante, aínda que cunha particularidade. “A nosa afección está formada sobre todo polos pais e nais dos xogadores”, explica. Esa proximidade crea un ambiente familiar nos partidos, onde todos aprenden. “Igual que os

nenos aprenden a xogar, os pais aprenden a ser afección”, comenta con humor.

IDENTIDADE. Representar a Burela fóra da comarca é motivo de orgullo. “Somos unha vila pequena, pero ás veces damos moita guerra”, di. Ademais, destaca a importancia de sentirse parte da Mariña: “Se nos xuntamos, a cousa cambia moito”.

CAMBIOS. O baloncesto tamén evolucionou nos últimos anos, cunha maior esixencia. “Hai máis adestramentos, máis preparación, máis desprazamentos e tamén máis burocracia”, sinala. Ante isto, o club tenta adaptarse: “Intentamos dar ese máis que se nos pide”.

FUTURO. De cara ao futuro, o principal reto é garantir a continuidade da estrutura directiva. “Agora mesmo temos unha xunta xestora provisional porque non houbo candidatos á presidencia, e iso é algo fundamental que hai que resolver”, advirte. A longo prazo, Cayón ten claro o seu desexo: “Gustaríame ver a antigos xogadores volver ao club como sénior, adestradores ou directivos. Iso significaría que o esforzo valeu a pena”.

MENSAXE. Para rematar, o presidente lanza unha mensaxe á mocidade: “Que se anime, que ninguén nace sabendo. O importante non é o que sabes, senón o que podes aprender”. E engade: “É un deporte bonito e a experiencia de formar parte dun equipo merece moito a pena”. En definitiva, o CB Burela segue escribindo a súa historia baseándose na ilusión, no traballo colectivo e na firme aposta pola formación, converténdose nun referente deportivo e social na vila.

MAR

A app PescaREC pasa a ser obrigatoria para declarar as capturas da pesca recreativa

As persoas que practican a pesca marítima de recreo deberán declarar obrigatoriamente as súas capturas a través da aplicación móbil PescaREC, impulsada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Esta ferramenta convértese na vía oficial para xestionar autorizacións, comunicacións e rexistros vinculados á actividade en augas exteriores, dentro dun novo modelo baseado na dixitalización e no control das capturas.

A normativa afecta a todas aquelas persoas que dispoñan dunha licenza de pesca recreativa emitida por unha comunidade autónoma e que practiquen esta actividade desde costa, embarcación, kayak, artefactos flotantes ou mediante mergullo. Isto implica que a maior parte do colectivo deberá adaptarse ao novo sistema de funcionamento nos vindeiros meses.

A principal obriga será rexistrar e comunicar todas as capturas realizadas en cada xornada de pesca, tanto as pezas retidas como as devoltas ao mar. Esta notificación deberá efectuarse nun prazo máximo de 24 horas desde a finalización da actividade. Aínda que se recomenda contar coa aplicación nun dispositivo móbil, a normativa permi-



te que outra persoa autorizada realice este trámite en nome do pescador.

Ademais, PescaREC servirá como única vía para solicitar autorizacións específicas no caso de especies sometidas a regulación especial, así como para realizar avisos previos en capturas como o atún vermello. Tamén ofrecerá información útil sobre tallas mínimas, identificación de especies, capturas prohibidas ou peches de pesqueiras.

A norma amplía o control sobre especies como a robaliza, o bacallau, o abadexo, o linguado ou a lampuga. No caso das reservas mariñas, algunhas obrigas aplicaranse progresivamente ata setembro de 2026, reforzando unha xestión máis sostible.

Foz recibe o uso gratuíto das instalacións náuticas de Portos de Galicia

Portos de Galicia vén de conceder ao Concello de Foz o uso gratuíto do edificio de deportes náuticos e dun pantalán flotante desmontable, unhas instalacións que se destinarán principalmente á formación e adestramento na práctica do caiac. A decisión supón un impulso importante para o desenvolvemento das actividades deportivas vinculadas ao mar no municipio.

Segundo explicou o ente público dependente da Consellería do Mar, esta concesión administrativa inclúe a exención total das taxas, ao abeiro do establecido na normativa vixente, ao tratarse dun uso con finalidade pública e sen aproveitamento económico. Grazas a esta medida, o

Concello deixará de asumir un custo que roldaría os 40.000 euros, o que representa un alivio significativo para as contas municipais.

O acordo abrangue un espazo de máis de 1.300 metros cadrados, no que se inclúe o edificio destinado ás actividades náuticas, así como o pantalán, que facilitará o acceso e a práctica deportiva no medio mariño. Estas infraestruturas serán empregadas tanto polo Concello como polo club de caiac, principal usuario das instalacións.

Desde a administración local valoran positivamente esta cesión, que permitirá reforzar a oferta deportiva e mellorar as condicións de adestramento para os deportistas.

A flota de palangre de Burela renova o selo 'Pescaenverde'

A flota de palangre demersal da Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela renovou a certificación da ecoetiqueta 'Pescaenverde', concedida pola Universidade de Santiago de Compostela, que a recoñece desde 2022 como a primeira e única flota de altura avalada polo seu baixo impacto ambiental. Este distintivo acredita tanto unha reducida pegada de carbono como unha elevada taxa de retorno enerxético, consolidando o modelo desta frota como referente en sustentabilidade.

Durante o acto, o xerente da OPP-7 Burela, Sergio López, puxo en valor o esforzo do sector e a aposta histórica pola arte do palangre, que definiu como unha opción de futuro pola súa selectividade. Lembrou, non obstante, as dificultades atravesadas nos últimos anos, especialmente tras as vedas impostas pola Comisión Europea en 2022, co peche de ecosistemas mariños vulnerables. Esta medida, cualificada polo sector como "un



erro histórico", provocou unha caída do 32 % nas capturas de merluza do pincho de Burela, afectando tanto ao ánimo dos profesionais como á viabilidade económica da actividade.

López subliñou que a renovación do selo 'Pescaenverde' supón unha mostra do compromiso da frota cunha pesca responsable, destacando que este recoñecemento achega un importante valor engadido no mercado. Pola súa banda, o vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación da

USC, Gumersindo Feijoo, destacou o valor nutricional do peixe, cualificando á pescada como un "megaalimento" polas súas propiedades saudables.

Ao mesmo tempo, advertiu das esixencias ambientais derivadas do cambio climático e da necesidade de garantir que a actividade pesqueira contribúe á protección do medio mariño. Feijoo incidiu en que a frota de Burela segue a ser a única de altura con esta certificación, reflectindo a implicación de toda a cadea produtiva.

O CENIMA de Foz será escenario dunha xornada formativa sobre navegación

O municipio de Foz será escenario o vindeiro 25 de abril dun seminario de náutica deportiva centrado no uso de ferramentas clave para a navegación, como a sonda, o GPS e os motores de posicionamento.

A actividade desenvolverase no CENIMA a partir das 9:30 horas e estará impartida pola empresa especializada Onnautic, que ofrecerá unha sesión formativa dirixida tanto a persoas afeccionadas como a aquelas interesadas en iniciarse neste ámbito.

O seminario ten como obxectivo achegar coñecementos prácticos sobre o manexo de equipos habituais na navegación deportiva, contribuíndo así a mellorar a seguridade e a eficiencia no mar.

A participación é totalmente gratuíta, aínda que as prazas son limitadas, polo que é necesario realizar inscrición previa. As persoas interesadas poden



reservar a súa participación a través de WhatsApp ou por teléfono no número 639 282 158. Ao remate da xornada formativa, os asistentes poderán participar nun encontro máis distendido no Club Náutico de Foz, onde se ofrecerán pinchos e viños.

A iniciativa está organizada pola Asociación A Ribeira de Foz, Kukadas Pesca e a empresa Onnautic, contando coa colaboración do Centro Comercial Aberto de Foz, o Club Náutico e o Concello de Foz.

O porto de Burela será escenario dun simulacro de seguridade marítima

O porto de Burela acollerá os días 17 e 18 de abril o exercicio anual MARSEC, organizado pola Armada Española, converténdose no centro dun amplo operativo de seguridade marítima. A iniciativa incluírá tamén xornadas de portas abertas para achegar á cidadanía o labor das institucións encargadas da protección do medio mariño.

Previamente, tivo lugar unha reunión técnica de coordinación entre os organismos implicados para definir protocolos, repartir funcións e garantir o correcto desenvolvemento das manobras. O exercicio busca reforzar a cooperación e mellorar a resposta conxunta ante emerxencias no ámbito portuario.


Entre as actuacións previstas destaca o Escenario IV, que simulará o afundimento dun pesqueiro no porto o 18 de abril, entre as 10:30 e as 13:30 horas, mobilizando medios navais e terrestres.

O público poderá asistir ás manobras e visitar embarcacións.

COLABORACIONES

Universo Sherlock

CULTURA



Rebeca Maseda

Ao longo da historia do audiovisual creáronse moitas producións diversas sobre a personaxe máis icónica de Sir Arthur Conan Doyle, Sherlock Holmes. Numerosos filmes inspirados no famoso inquilino de Baker Street 221b e as súas divertidas e peculiares aventuras. En concreto, quixera centrarme na última serie do cineasta inglés, Guy Ritchie, recentemente estreada na plataforma Prime Video.

Nesta nova proposta, titulada "El joven Sherlock Holmes", Ritchie decide dar un paso atrás no tempo para explorar non tanto o detective xa consolidado que todos coñecemos, senón o rapaz que comeza a intuír o mundo como un enigma constante. A serie sitúanos nun Londres brumoso e cheo de contrastes, onde un mozo Holmes dá os seus primeiros pasos entre misterios aparentemente

menores que axiña revelan unha complexidade inesperada. Este enfoque, máis formativo ca resolutivo, permite ao espectador asistir ao nacemento do método, desa lóxica implacable que máis tarde converterá a Sherlock nun mito literario e audiovisual.

O argumento artículase arredor dunha serie de casos conectados por un fío invisible que o protagonista apenas comeza a percibir. Non se trata só de resolver crimes, senón de comprender o mundo: a natureza humana, as contradicións sociais e mesmo os seus propios límites. Aquí é onde a serie dialoga de maneira máis interesante coas novelas orixinais de Conan Doyle. Aínda que non adapta directamente ningún relato concreto, si bebe do espírito das primeiras historias, como Estudio en escarlata, nas que Holmes e Watson se están a coñecer e todo está por definir.

Falando de personaxes, o mozo Sherlock preséntase como unha mestura de arrogancia incipiente e vulnerabilidade pouco habitual. Non é o xenio frío e distante que

temos interiorizado, senón alguén que dubida, que falla e que aprende. Ao seu carón aparece un

con grandes declaracións. A estética e o ritmo levan a infundible pegada de Guy Ritchie.



doutor Watson tamén en construción, máis impulsivo e emocional, funcionando como contrapunto perfecto. A relación entre ambos, aínda lonxe da complicidade absoluta, é un dos grandes acertos da serie, xa que se constrúe con pequenos xestos e silencios máis que

Quen coñeza filmes como Sherlock Holmes (2009) reconecerá aquí o seu gusto polos diálogos rápidos, a montaxe dinámica e unha certa ironía que evita que o conxunto caia na solemnidade. Con todo, nesta ocasión semella máis contido, permitindo que a historia res-

pire e que os personaxes medren sen a necesidade constante de artificios visuais.

A música merece tamén unha mención especial. A banda sonora combina pezas orquestrais cun ton clásico con incursións máis modernas que subliñan a tensión e o carácter do protagonista. Non busca ser protagonista, pero acompaña con eficacia cada escena, reforzando esa sensación de estar ante un mundo en formación, aínda inestable.

En definitiva, El joven Sherlock Holmes non pretende substituír nin competir coas versións máis coñecidas do detective, senón ofrecer unha mirada distinta, máis íntima e reflexiva. É unha serie que entende que antes do mito houbo unha persoa, e que mesmo as mentes máis brillantes precisaron tempo, erros e curiosidade para chegar a selo. Para os afeccionados ao universo de Conan Doyle é unha oportunidade de redescubrir ao personaxe desde outra perspectiva; para o resto, unha porta de entrada atractiva a unha das grandes iconas da literatura.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
 Concello: 982 55 80 01
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
 Concello: 982 12 40 02
 Garda Civil: 982 12 41 94
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
 Concello: 982 58 60 00
 Policía Local: 982 58 62 11
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
 Concello: 982 55 77 77
 Policía Local: 615 52 10 52
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
 Concello: 982 14 00 27
 Policía Local: 982 13 36 40
 Garda Civil: 982 14 04 44
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
 Concello: 982 12 10 06
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
 Concello: 982 52 40 03
 Policía Local: 982 50 70 40
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUIROL
 Concello: 982 55 91 09
 Garda Civil: 982 56 10 39
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
 Concello: 982 34 22 77
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
 Concello: 982 12 86 50
 Policía Local: 982 12 86 50
 Garda Civil: 982 12 80 48
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
 Concello: 982 34 62 22
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
 Concello: 982 13 50 11
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
 Concello: 982 57 40 00
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
 Concello: 982 59 00 02
 Garda Civil: 982 59 01 81
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
 Concello: 982 56 01 28
 Policía Local: 982 56 29 22
 Policía Nacional: 982 56 17 11
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
 Concello: 982 59 20 01
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
 Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

www.amariñaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Outeiro de Rei: entre pontes e fragas

Un percorrido polas ribeiras do Miño que combina natureza protexida, patrimonio histórico e espazos de lecer

No corazón da Terra Chá, o curso do río Miño debuxa en Outeiro de Rei unha paisaxe de gran serenidade, na que a auga modela pequenas illas fluviais como as de Trabanca, do Pazo, Seivane ou San Roque. Estes enclaves, que emerxen entre ameneiros e salgueiros, confiren ao municipio unha personalidade propia, marcada pola convivencia entre patrimonio natural e memoria histórica.

A riqueza paisaxística é, sen dúbida, unha das grandes cartas de presentación do concello. Mais non é a única. O territorio conserva abondosos vestixios do pasado, desde restos castrexos ata mostras de arquitectura civil que falan dun tempo de fortalezas e loitas señoriais. As antigas construcións de Outeiro de Rei, Taboi ou Sobrada, hoxe integradas na contorna rural, foron testemuñas de episodios medievais que deixaron pegada na identidade local.

A ruta proposta permite descubrir esta combinación de natureza e historia a través dun percorrido que se adentra en espazos inte-

grados na Reserva da Biosfera Terras do Miño, un ámbito protexido de grande valor ecolóxico. Aquí, o visitante atopa fragas ben conservadas, prados húmidos e unha notable diversidade de fauna e flora asociada aos ecosistemas de ribeira.

O itinerario comeza no núcleo urbano de Outeiro de Rei e diríxese cara á área recreativa de Santa Isabel, unha das zonas fluviais máis apreciadas polos veciños. Situada á beira do Miño e rodeada por un frondoso bosque, constitúe un punto de partida privilexiado. O son da auga e o canto das aves acompañan os primeiros pasos dun traxecto que combina camiños tradicionais e pequenos treitos asfaltados.

Desde Santa Isabel, o percorrido internase cara ao lugar de Robra e continúa ata alcanzar a coñecida presa do Piago, espazo de baño e lecer moi concorrido nos meses de verán. Familias enteiras achéganse

ata aquí para refrescarse nas augas do río e gozar dunha xornada ao aire libre.

Ao chegar a unha ponte, o camiñante pode optar por dous trazados. O habitual desvíase antes de cruzala, mais existe unha alternativa máis atractiva e tranquila

que continúa tras atravesala. Esta segunda opción discorre por un carreiro estreito e especialmente ferroso, sempre en contacto directo coa ribeira, ata alcanzar unha ponte colgante que conduce á Insua de Seivane. Nesta illa fluvial agóchase un pequeno refuxio de pescadores

e un bosque que invita a percorrer cada recuncho con calma.

O camiño prosegue ata a desembocadura do río Narla, onde se toma o desvío pola Ponte do Caneiro en dirección á estrada de Ombreiro. Tras cruzar a ponte desta parroquia, a ruta emprende o regreso pola outra marxe do Miño, ofrecendo unha perspectiva diferente pero igualmente suxestiva da paisaxe.

No tramo final, o sendeiro discorre preto do límite do Parque Zoolóxico Marcelle, antes de reencontrarse coa contorna da presa do Piago. Desde alí, o itinerario enlaza co camiño inicial que devolve ao visitante á área recreativa de Santa Isabel.

O resultado é un percorrido circular que combina patrimonio, biodiversidade e espazos de lecer, revelando un Outeiro de Rei onde o Miño non só modela o territorio, senón tamén a forma de vivir e sentir a paisaxe.



DATOS



5 horas



19 quilómetros



Dificultade media

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:

www.grupoforma-t.com

TEL.: 982 513 605